



A NOSA TERRA

O concello de Vigo perde 3.000 millóns ao "renegociar" a débeda

11

O BNG propón que a Xunta asine convénios pesqueiros con terceiros países

12



Manuel Mera (CIG):
"Os traballadores non están derrotados"

8-9

Sogama reconece que o plano do lixo se retrasará até o ano 2.000

7

A Revista Galega de Educación cumpre dez anos

25



As estatísticas mostran que as institucións seguen a exercer o seu tradicional papel de castellanizadores da sociedade

O 80% dos profesores de universidade dá as clases en castelán

A maioría da poboación fala aínda galego, pero institucións como a universidade segue a exercer un papel abrumadoramente

castellanizador. Máis alá dalguns rótulos exteriores, as cifras da práctica habitual son alarmantes. O terceiro volume do Ma-

pa Lingüístico que sairá á luz no Outono mostra que, por contra, a poboación é favorábel a unha galeguización máis activa.

O BNG participou na reunión do Pacto de Madrid aínda que non o firmou

A reunión do Pacto de Madrid celebrada o 10 de Xuño tivo un carácter informativo. O Ministro do Interior, Mayor Oreja, limitouse a relatar a situación policial. Semella que os documentos asinados cando a constitución quedaron agora sen valor e procurarán novas vías. (Páx. 15)

Esta fin de semana comeza o Festival do Mundo Celta en Ortigueira



Contra as privatizacións de empresas rentábeis

A CIG reuniu en Santiago a máis de dous mil delegados en defensa da industria pública que dá traballo a 14 mil galegos e a 30 mil máis de forma indirecta. O sector público implantado en Galiza produce ademais uns beneficios anuais de 65 mil millóns de pesetas.

ANDRÉS PANARO

PARADO NA TORMENTA

Suso de toro

As cavilacións dun dos mellores escritores galegos sobre literatura, política, sexo, televisión... Un libro escrito desde a liberdade e coa suxeitividade do escritor como bandeira.



galaxia

A Deputación de Lugo perde 300 millóns por adxudicar obras públicas a dedo

Máis de 300 millóns de pesetas podería aforrar a Deputación de Lugo, que preside Francisco Cacharro Pardo, se as obras que está a realizar nos clubes náuticos dos ríos Miño e Sil por un valor superior aos 1.000 millóns de pesetas, seguisen as pautas de adxudicación das administracións públicas. Máis neste caso fanse sen baixa, a dedo e ao mesmo grupo de empresas. Tampouco a concesión de cafeterías e restaurantes é transparente. (Páx. 4)

O PPdeG quer que Aznar baile a Muiñeira

O PP na Galiza quer que José Maria Aznar López, o presidente do Goberno español, baile a muiñeira na festa do partido no monte Faro. E que no discurso empregue o galego. Que poña data para o remate das autovias. Que afirme que non haberá recorte orzamentario para as infraestruturas. Que anuncie que as privatizacións non danarán o tecido social galego. Que diga que Galiza vai ter un trato privilexiado do Goberno central. Que asegure que voltará á festa o próximo ano. Que diga que fala galego algunha vez con Fraga e se mostre debedor do seu maxistério... En suma, que Fraga e Cuiña pretendan presentar ante Aznar "un galeguismo reivindicativo", en palabras de Vázquez Portomeñe, conselleiro portavoz do PP. Non é cousa de leria, senón de necesidade electoral. Tratan de que se cumpran as profecías de Fraga: "con Aznar na Moncloa todo arranxado". A realidade é moi tizara e teima en levarlle a contraria. Nen a Virxe do Faro será capaz de facer tantos milagres. Os de Chantada saben que Ela esixe primeiro que se cumpran as promesas. ♦

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:

PRESIDENTE:
Cesáreo Sánchez Iglesias.

VICEPRESIDENTE:
Xaquín Acosta.

CONSELLERO DELEGADO:
Xosé Fernández Puga.

VOGAIS:
Alberte Ansedo, Xosé M.
Dobarro, Manuel Dios, Manuel
Veiga, Xosé Castro Ratiño,
Manuel Portas e Xan Costa.

SECRETARIO:
Xan Piñeiro.

Director:

Alfonso Eiré López

Redacción:

Gustavo Luca de Tena,
Xan Carballa, Manuel Veiga,
Horacio Vivande,
Aranxa Estévez, Carme Vidal,
Paula Castro.

FOTOGRAFIA:
Anxo Iglesias

EDICIONS ESPECIAIS:
Xosé Enrique Acuña.

DESEÑO GRAFICO:
Xoselo Taboada.

Colaboradores:

PESCA:
Severino Xestoso.

SANIDADE:
María Alonso.

AGRO:
Xoán C. Garrido.

DEPORTES:
Rodolfo Dacuña.

MADRID:
Manuel Seoane.

BARCELONA:
Iria Varela.

PORTUGAL:
Gonzalo Nuno.

CULTURA:
Xoán M. Estévez,
Celso López Pazos,
Manuel Villar, Lupe Gómez,
Oscar Losada, Gonzalo Vilas,
Xosé M. Eiré Yal,
Xesus González Gómez.

LEZER:
Iago Luca

Fotografía:
Andrés Panaro,
Xosé Marra,
Voz Noticias.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro,
Calros Silvar, Gonzalo Vilas.

Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscripcións:
Lola Fernández Puga

Vendas:
Xosé M. Fdez. Abalde

Redacción e Administración:
Rúa do Príncipe 22, baixo,
36202 Vigo
Apartado 1371. 36280 Vigo

Teléfonos:

REDACCIÓN:
(986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01

ADMINISTRACIÓN, SUBSCRIPCIÓN E
PUBLICIDADE:
(986) 43 38 30*

Imprenta:
E.C. C-3 1958

Depósito Legal:
C-963-1977

ISSN:
0213-3105

Non se mantén
correspondencia sobre
orixinais non solicitados.

Está permitida a reprodución
sempre que se cite a
procedencia.

O terceiro volume do Mapa Sociolingüístico contradí as teses de "bilingüismo limpo" da Xunta

A maioría dos galegos favorábel a unha política de normalización do idioma máis activa

◆ XAN CARBALLA

Por normalización lingüística os galegos entenden unha maior presenza da lingua propia na administración, nos medios de comunicación e no ensino. Non hai rexeitamento a unha política normalizadora máis activa e son as xeneracións máis novas as que reclaman maiores campos de uso para o galego. Estas son algunhas das conclusións ás que chega o terceiro volume do Mapa Sociolingüístico, que nas súas primeiras entregas puxo en entredito o discurso oficial do "bilingüismo harmónico" e sinalou os perigos que axexaban ao galego.

Pasaran moitos meses desde se publicara o segundo tomo do Mapa Sociolingüístico, que deixaba en evidencia a política seguida pola Xunta en materia lingüística, cando Xesus Pérez Varela, recién chegado á Consellería de Cultura, emitía a súa primeira nota de prensa, reinterpretando os resultados. O que unánime fora recibido como unha alerta bermella, el entendiá como unha constatación de que se ía no bon camiño do "bilingüismo harmónico".

Agora Fraga remacha esta idea e volve a erguer a pantasma dunha suposta teima en impoñer o galego por parte dos colectivos máis avanzados na normalización da lingua. Sen embargo a lectura do Mapa Lingüístico era unívoca en varios sentidos: o galego perde falantes de xeración en xeración e a política lingüística non foi quen de invertir esta tendencia.

O autismo da Dirección Xeral de Política Lingüística cos medios que non aceitan como "única posíbel" a súa liña de actuación, lévaos a ignorar a chamada de atención que supuxo o Mapa, que desde a súa publicación — como por outra parte se pretendía desde a Xunta — convertiuse en instrumento principal de aná-



A. IGLESIAS

lise da realidade do galego e punto de partida para suxerir unha nova política lingüística.

Compromiso con esixencias

A liña abenzoadada polo Partido Popular baséase en dicir que

non é preciso nengun tipo de presión. Así nestes anos de decretos de galeguización do ensino ou da Administración, a presión da Inspección só se ten manifestado cando o que avanzaba era o galego. O incumprimento moi extendido dos míni-

mos esixidos pola lei de normalización no ensino, denunciado repetidamente, non implicou unha actuación decontado do grémio de Inspectores.

O que agora reclaman os co-

Pasa á páxina seguinte

Só un de cada cinco profesores da Universidade dá clases en galego

Os últimos estudos parciais sobre usos do galego nas aulas universitarias, indican que a nosa lingua ten na institución educativa por antonomasia, un uso moito menor ao que lle corresponde por presenza social.

Segundo os datos que ofreceu recentemente Henrique Monteagudo (*A Universidade na Torres de Babel. Multilingüismo e Universidade*). Xornadas celebradas o 3 e 4 de Xullo en Compostela, o galego só ten unha presenza na Universidade de Santiago do 16,7% na docencia, fronte a un abrumador 79,8% do castelán e un escaso 3/4% que abala entre unha lingua e a outra.

A respecto da lingua de uso na Universidade a a lei de Ordenación do Sistema Universitario Galego só se fai votos "pola promoción do galego como lingua vehicular no ensino superior, na investigación científica e na criticidade artística e cultural" (Artigo 2.5). A maiores desta declaración, sen formulación estimulante posterior, están os regulamentos das Universidades Galegas, que consensuaron a oficialidade do

galego nas relacións administrativas. A realidade é que hai un enorme paradoxo entre a aparición externa das facultades e a presenza real do galego como vehículo docente.

Os servizos de normalización lingüística das Universidades de Santiago e Vigo, están a realizar novos estudos actualizados. Segundo Manuel Núñez Singala, "quizais os datos que dá Monteagudo non sexan de todo actuais,


pero refrean acadamente a realidade. Pasado o verán teremos un estudo exhaustivo, pero ben se pode dicir que a situación non muda moito. É verdade que a situación é distinta segundo facultades e se en Xornalismo o galego ten unha grande presenza nas aulas, en facultades como Medicina apenas se fala nas clases, e ademais vexo difícil que mude a tendencia a curto prazo".

Singala cree que é mellor a ati-

tude co galego do profesorado máis novo e tamén detecta menos activismo por parte do alumno á hora de reclamar aulas en galego, "hai un deixar facer, unha apatía".

No caso de Vigo, a *Revista Galega de Educación* publicou no seu último número un avance do estudo realizado polo Servizo de Normalización, sobre actitudes e usos lingüísticos. Só un 26% de profesores manifestou usar sempre ou regularmente o galego. O avance do estudo do SNL de Vigo non explicaba claramente a presenza do galego nas propias aulas.

Outro elemento de contraste é o do uso do galego en tesinas, traballos de fin de carreira e memorias de licenciatura. A Universidade de Santiago promove, desde hai varios anos algunhas axudas, tanto de tipo lingüístico, como económicas, correndo cos gastos de impresión, fotocopiado e encadernación. Os datos que se poden ver no cadro indican que a presenza do galego segue sendo moi cativa, aínda que medra pasenamente. ◆



Ven da páxina anterior lectivos integrados na Plataforma Galega do Ensino, ou novas organizacións como Pais e Nais polo Ensino do Galego, é que a lei se cumpre. No editorial do último número monográfico da *Revista Galega de Educación* insístiase na necesidade de renovar o compromiso e a esixencia, «deberemos non esquecer que ou somos parte do problema ou parte da solución. Dialogantes, pero firmes: ese debe ser estilo da nosa pedagogía política a prol da normalización. No ensino e na normalización social que son, en definitiva, a mesma loita. As veces se cadra, teremos que ir por diante da sociedade e con ela teremos que dialogar a todas horas, en todos os lugares, mais sempre desde posicións de firmeza, de congruencia e exemplificadores. Militantes pola lingua. Educadores populares».

Xogar nun terreo favorábel

O próximo volume, último da serie, do Mapa Sociolingüístico convida ao optimismo dos que insisten nunha política galeguizadora máis avanzada, e deixa en mal lugar a timidez supostamente igualitaria da Xunta de Galiza. Segundo este volume III, adicado a "Atitudes lingüísticas" hai unha aceitación xeralizada das políticas de normalización, que se entenden ben polo povoación e que se sinten refrexadas maiormente nos meios de comunicación, no ensino e na Administración.

A valoración positiva medra en razón inversa á idade, sendo a mocidade e os máis novos os que máis relacionan a normalización da lingua co futuro do país, e valoran positivamente a utilidade social do galego, fronte a franxas de idade educadas baixo a Ditadura que son as que, utilizando o galego maioritariamente, valóranos menos.

O próximo volume do Mapa Sociolingüístico convida ao optimismo dos que insisten nunha política galeguizadora máis avanzada

A estimación social ten moito a ver cos meios de comunicación. A política seguida pola Xunta á hora de dar axudas económicas ou á hora de conceder licencias de rádio, só ten considerado o galego como unha condición prévia que despois non se esixía.

O caso das licencias de emisoras de FM — que proximamente deben voltar a adxudicarse — plasmou esa realidade. Enténdiase como

condición prioritaria unha programación na que primasen os valores culturais e con maioría de contidos en galego. A realidade foi que desde o primeiro momento estas concesións saltáronse eses condicionamentos e, en pouco tempo, pasaron a integrarse nas grandes cadeas comerciais.

Otro tanto sucede con elementos de normalización pública máis que simbólicos. A Xunta non ten negociado, nen conseguido, que nengunha superproducción cinematográfica fose dobrada ao galego e exhibida nos cines galegos, como fixeron, por exemplo os cataláns. A demanda e o seguimento de programas infantís da TV como o *Xabarin Clube*, demostraba que ese era un campo onde a acción pública e de discriminación positiva a prol do galego era precisa. A Generalitat colleitou un importante éxito coa dobraxe de películas como *Pocahontas* da factoría Disney. Outro tanto se podería dicir da escasa incidencia do galego en terreos como a informática. A cada vez é maior a aparición de programas, sobretudo de tratamento de textos, que inclúen a posibilidade de ser mercados en catalán e euskera, ademais do castelán, sen que a Xunta interveña, apesar da insistencia coa que se reclamou, por exemplo, cando o lanzamento mundial do sistema Windows 95. Tamén non ten preocupación por facer acordos para achegar programas portugueses. ♦

Xosé Manuel Sarille, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística

'A Xunta disimula que o galego está desaparecendo, como certifica o Mapa Lingüístico, a base de notas de prensa'

Cre que hai un intento de ignorar ou reinterpretar a realidade do Mapa Lingüístico?


Desde o momento que saiu na Xunta decatáronse de que o Mapa contradecía ou cuestionaba a política lingüística que fixeran. Hai unha falta de harmonía no interese que se puxo en facelo e o que se gastou no Mapa coa utilización que se fai del, que non é nengunha. Este é un Mapa que debía ter unha edición máis simplificada para extenderlo, porque serve para coñecer a situación. Agora estano maquillando con notas de prensa, misturando datos do CIS (Centro de Investigacións Sociolóxicas) e do Mapa e manipulándoos claramente. Nós pensamos que o Mapa vale e reivindicámolo como soporte teórico para actuar.

Para a xente no ensino, na administración e nos meios de comunicación é onde mellor se percebe a situación do galego. Que políticas hai que abordar neses eidos?

Hai moito por facer pero temos un punto fundamental: é incontestábel que hai unha caída de falantes nas novas xeracións. Hai substitución lingüística de español por galego. Isto só se free tomando en serio a galeguización do ensino e incidindo na transmisión lingüística de pais a fillos. Hai que informar masivamente aos pais, e iso faise através dos medios, especialmente da TV, dándolle información sistematizada relativa ao idioma. Hai que empezar desde o principio facendo tomar conciencia pero en serio e non infantilizando. Non se trata de facer propaganda da Xunta senón de formar sobre a lingua.

Necesítase meirande participación social no proceso de normalización?

En calquer campo se precisa máis participación. A xente cónfórmasse moitas veces con pouco se hai alguén que actúa. Interiorízase a idea de que as institucións son o paraugas de todo; pérdese implicación individual e



na lingua é básico que todos temos que actuar. Por iso nós facemos as campañas de galeguización do carné de conducir ou de identidade porque obrigan ao compromiso de cada quen.

A xente nova estaría mais ceibe de prexuízos, segundo o Mapa. Debe ser o motor do avance da galeguización?

As novas xeneracións xa non son ágrafas en galego. É un paso cualitativo porque se o idioma é espello dun mesmo, se está cultivado, sistematizado e refrexado na literatura a imaxe que ofrece non só está vencellada a cousas que perderon valor social. A idea que teñen sobre o galego é máis positiva, creen que é unha riqueza e téñenlle afecto. A paradoxa é que a xente vella fala galego desde sempre pero cunha valoración escasa do galego, fronte á xente nova que o valora moito pero non o utiliza. Esta ruptura e falta de continuidade é o noso grande problema.

Hai unha tendencia do poder

a apresentar aos que reivindicaban o galego como axentes de coerción?

Podemos coincidir en que hai que avanzar con concórdia social e sen imposicións. Pero iso é unha obviedade porque a xente ve con simpatía avanzar na normalización. A diferenza é que nós pensamos que ten que haber máis responsabilidade social. Se un traballador ten que fichar ás 9 non pode entrar ás 10,30 e a cuestión lingüística non é un mundo aparte. Ninguén pode esixir que na vida privada se fale en galego ou no que lle pete, pero indo a exemplos reais: un traballador do ensino non pode alegar descoñecemento do galego, e se ten que impartir nunha determinada lingua as aulas debe facelo, porque é a súa obriga e é o dereito dos alumnos. Outro exemplo: pode alegar un locutor da TVG que non coñece o galego? Hai unha obriga social, e iso non é imposición, senón conciencia sobre a propia realidade do galego como lingua propia de Galiza. E como cidadáns debemos reclamalo. ♦

O único imposto é o castelán

Na filosofía lingüística que se segue desde a Xunta de Galiza, hai todo un discurso que pretende satanizar calquer caste de reivindicación do galego, convertendo a todo o movemento social que ten protagonizado os avances na galeguización, moitas veces a contramán, en auténticos obstáculos á política lingüística que se presenta como de "avance sen imposicións".

A Xunta alcuñou toda unha "ciencia" propia, adxectivada con asépsia, que culmina nas formulacións do presidente Fraga no libro *A lingua galega cara o ano 2000* para "lograr un bilingüismo harmónico, limpo e equilibrado". Non importa que esta terminoloxía sociolingüística non fose endexamais empregada por ninguén en ningures, porque deseguida aparece o incólume Manuel Regueiro Tenreiro abenzoándoa: "porque non admita é negar a nosa posibilidade de análise científica da realidade galega e con método propio".

O sistema de marearnos a todos con interpretacións sesgadas das estatísticas e unhas ideas lingüísticas de parvulario, permítelle acotar a gravidade da

situación que o Mapa Sociolingüístico deixou sentada e non foi contestada aínda: o galego gaña en valoración pero perde falantes.

Até o presente o cabalo de batalla da galeguización do ensino permitiu amosar as carências desta política posibilista. Constatado na realidade o incumprimento dos mínimos esixidos pola lei, o sistema de inspección nen sequer amagou cun meirande rigor sobre o profesorado que non cumpre coa lei. O obxectivo de "equilibrio" está moi lonxe de ser acadado, e o temor das autoridades é que os avances na conciencia sobre o propio idioma nas xeracións máis novas impliquen un verdadeiro cambio de estatus. De aí que non se faga especial fincapé en políticas máis activas de galeguización, e mesmo que se invirta a carga da proba, apresentando aos sectores que reclaman un ensino veiculizado en galego, como "conflictivos" esquecendo que o único que sempre se impuxo, desde xa hai cinco séculos é, con violencia ou con veludo, o castelán.

Os datos da Universidade, nese sentido son

alarmantes e hai que sinalar que a indiferencia do profesorado coa cuestión da lingua —sempre coincidente cos castelán falantes— realmente se está sumando ao proceso de castelanización.

A experiencia do Coléxio Público de Palmeira, no que un proxecto educativo consensuado por profesores e pais camiñaba, sen sairse do rego da lei, cara á galeguización do centro, foi boicoteada con graves responsabilidades institucionais e non debe cair en saco roto. Probou que as iniciativas ben organizadas desde a base social, son as que teñen máis posibilidades de defenderse e sair adiante.

Apesar de que o discurso do poder incide negativamente nas iniciativas de autoorganización, é patente que só desde a base e coa reclamación constante dun meirande uso social do galego, se poderá modificar a política lingüística da Xunta que por recursos e capacidade é quen de invertir o proceso de substitución lingüística do galego polo castelán. ♦

O BNG denuncia falta de transparencia nos proxectos dos clubes fluviais do Sil e do Miño

A Deputación de Lugo perde 300 millóns por adxudicar obras a dedo a un mesmo grupo de empresas

◆ E.L.

Máis de 300 millóns de pesetas poderían aforrar a Deputación de Lugo se as obras que está a realizar nos clubes náuticos do Miño e do Sil por un valor superior aos 1.000 millóns de pesetas, seguisen as pautas de adxudicación das administracións públicas. Máis neste caso fanse sen baixa, a dedo e ao mesmo grupo de empresas. Tampouco a concesión de cafeterías e restaurantes é transparente.

As obras realizadas nos clubes fluviais do Miño e o Sil segundo convenio da Deputación de Lugo coa consellería de Obras Públicas, adxudicadas por 187 millóns de pesetas polo procedemento aberto, quer dicir, a dedo, executounas a empresa *Odein S.L.* Os proxectos que presentou esta empresa foron firmados por un funcionario da Deputación, aínda que a súa sinatura foi tachada logo e correxida. Este feito leva a cavilar que foi a propia Deputación a que realizou os proxectos e logo llos entregou á empresa que lle pareceu mellor para serlle adxudicadas as obras.

Cando Francisco Cacharro foi preguntado nun pleno polos criterios destas adxudicacións por parte dos deputados do BNG, o presidente do organismo provincial, como sempre, saíuse pola tanxente e non deu nengunha explicación, sermoneando aos nacionalistas pola súa atitude fiscalizadora e recriminándoos por considerar que "antes de chegar vostedes estábamos moito máis tranquilos".

Na construción dos clubes náuticos podese comprobar como a práctica totalidade das obras son de adxudicación directa. Cando se utiliza o procedemento aberto na adxudicación, unicamente aparece un licitador. As empresas adxudicatárias case sempre son as mesmas: *Malvar*, *Odein* e *Benigno Esperón*. Son estas tres empresas ás únicas que se lle demanda orzamento cando se solicita a máis de unha e dase a circunstancia de que as tres son de Poio (Pontevedra) e de que *Odein* e *Malvar* teñen o mesmo enderezo social. Nos casos nos que en contratación directa se presentan varias empresas, existindo algunhas ofertas con baixa considerábel, non se lle adxudica. Tal ocorreu no acceso ao Clube Náutico de Portomarín, donde a empresa *Granda* presentou unha oferta un 24% máis baixa que a adxudicatária.

As baixas nas contratacións en todas estas obras só representan un 0,9% do orzamento, afectándolle unicamente a catro das obras. Nas obras contratadas polas distintas administracións na Galiza a media das baixas nas licitacións supera o



Complexo turístico de Augasmestas no río Sil

30%. Temos así que, nuns investimentos de máis de mil millóns de pesetas, que foron os adxudicados nas instalacións do Sil e do Miño, a Deputación de Lugo podería ter aforrado máis de 300 millóns de pesetas se recorrese ao procedemento de concurso-subhasta.

Adxudicación de cafeterías e restaurantes

Para a adxudicación, mediante concesión, da xestión indirecta dos servizos públicos de cafeterías e restaurantes dos clubes náuticos de Chantada, Augasmestas e Portomarín, recorreuse tamén ao procedemento negociado de contratación. Tamén nesta ocasión concorreu só unha empresa. Dase a casualidade de que é a mesma que conquiriu a concesión dos catamaráns que realizan viaxes turísticos dos en-

coros e que teñen paradas para comer nestas instalacións. A empresa é *Rutas Galicia*.

Semella lóxico que non concorrea ningunha outra oferta para facerse con estes servizos pois a adxudicación foi feita por só seis meses, aínda que o prezo a pagar non é moito: 145.000 pesetas mensuais pola explotación das tres instalacións. O BNG considera que "está xestión é moi rara". Segundo o deputado Cosme R. Pombo, "para que unha empresa puidese optar a xestionar os clubes debería dispoñer do tempo suficiente como para recuperar o diñeiro que ten que investir para poñelos en funcionamento. A non ser que esta empresa saiba que vai ser a concesionaria nos próximos anos". No plego de condicións da adxudicación contéplase que todos os investimentos que

se fagan nestas instalacións polas empresas adxudicatárias, pasarán a propiedade da Deputación Provincial de Lugo. O BNG afirma que "vese claro que, máis unha vez, se fan as condicións adaptadas a unha determinada empresa, pois ninguén se atrevería a concursar contando con que a adxudicación non lle fose rendíbel".

Irregularidades denunciadas

Cando comezaron os procesos expropiatorios, apareceron tamén as primeiras denuncias, realizadas polos afectados, dando lugar á presentación de varios recursos e querelas contra os participantes no proceso. Máis encirrado estivo o proceso en Augasmestas (Quiroga), donde se construíra o clube náutico anunciado para ribas de Sil.

En 1993 comeza a expropiación da totalidade da península de Augasmestas para evitar plusvalías orixinadas pola execución das fases de construción previstas. Curiosamente non se expropiaron os terreos chans da empresa *Vilarbacú S.L.*, empresa criada para adicarse ao negocio inmobiliario un ano despois de que a Deputación aprobara a propostas de gastos para facer as instalacións en Ribas de Sil. *Vilarbacú S.L.* está administrada por un concelleiro do PP. Neste proceso os veciños non só denuncian que se mudase o emprazamento das instalacións do clube náutico, senón que denuncian numerosas irregularidades no proceso, desde o levantamento de actas previas á falsificación de documentos públicos, polo que teñen denunciado ao representante da Deputación Anxel Camino; ao técnico do organismo provincial Ramón Arias Roca; ao representante do Concello Xosé Rodríguez (Administrador de *Vilarbacú*) e ao alcalde de Quiroga, Xulio Alvarez. A Audiencia Provincial admitiu a trámite unha denuncia contra aos dous últimos ao considerar que "existen visos de que puidera existir actuacións penalmente reprochábeis".

O BNG considera necesario tanto os investimentos realizados como "que as instalacións para o fomento do turismo nos ríos Miño e Sil señan transferidas aos concellos para que sexan eles os que as controlen e os seus beneficios para empregalos como ferramenta que axude ao desenvolvemento económico e social da comarca a que pertencen". Cosme Pombo afirma que a negativa da Deputación obedece a que "pretende usar o diñeiro público e a adxudicación de obras e servizos para seguir sometendo aos concellos á disciplina da Deputación, negándolles a autonomía e independencia económica necesaria". ◆

ALFONSO EIRE

A técnica da desinformación

Semellan sorprendentes as informacións contradictorias que os distintos dirixentes políticos do PP e do PSOE veñen afirmando desde 1990 sobre a construción das autovías galegas que unirán o noso país coa meseta castellana. Mais a confusión, a contradición, a proliferación, a sucesión, a rectificación e ratificación e o cambio de postura, non obedecen a unha descoordinación entre os políticos dun mesmo partido e, moito menos, a unha loita interna polos prazos como pudera parecer a simple vista. Trátase dun sistema comunicativo explicado xa en 1970 polo Sirpa francés (*Service d'information et de relations publiques des armées*). A multitude de mensaxes, opostos e contradictorios, teñen como motivo final lexítimar unha política fáctica polo sistema de saturar á sociedade conseguindo que xa non lle preste atención a un tema quente, facéndollo aborrecíbel ante o bombardeo de mensaxes aparentemente incongruentes e a crenza na imposibilidade de mudar a situación. As mobilizacións sociais son as únicas capaces de poder loitar contra esta manipulación, pois difunden a idea de certeza e de posibilidade de conseguir levar a cabo a idea primixénica de cada un. ◆

Urxen medidas protectoras

Se o fomento do turismo rural no interior de Galiza e a construción das instalacións adecuadas, poden contribuir ao desenvolvemento económico e social dunha zona cada vez máis despovoada, paliando ao mesmo tempo as deficientes estruturas de todo tipo, non é menos certo que é necesario adoptar medidas para a conservación deste patrimonio natural. Desde o punto de vista medio-ambiental o problema reside en que mentres o furor turístico invade as, até agora tranquilas e paradisiacas ribeiras, os medios de protección efectivos do medio natural non progresan coa mesma rapidez por falta de

convicción política, tanto da Xunta como da maioría dos concellos. É preocupante a proliferación de novas construcións substituindo as antigas adegas, con varios pisos e rachando o entorno; as pistas que proliferan sen o mínimo estudo ambiental; as minicentrales ou as repovoacións de eucalipto, por non citar o desprezo dalguns dos barcos turísticos das Deputacións que agreden aos ribeiros que están coas súas barcas realizando as faenas agrícolas ou ben pescando. De seguir así, en pouco tempo, esta zona perderá todo o valor, tamén turístico, pois estará totalmente degradada. ◆

AGRO

O retraso pode obedecer ao interese de que non se apresenten solicitudes A Consellaria de Agricultura tarda catro meses en copiar unha normativa estatal

O 31 de Xullo remata o prazo na Galiza para que os labregos soliciten axudas para "milloras estruturais e modernización das explotacións agrarias". Moi pouco tempo de tramitación se temos en conta que estamos na época de máximo traballo no agro. A orde estatal xa saíra publicada no Boletín do 10 de Febreiro. A Xunta tardou catro meses en traducila.

Segundo o Sindicato Labrego Galego, a Consellaria de Agricultura pretende que non se presenten solicitudes para millorar as explotacións agrícolas porque "a cantidade de diñeiro que a Consellaria vai aportar a esta liña vai ser moi pequena polo recorte dos orzamentos". Segundo a propia Consellaria este ano é posíbel que queden expedientes sen aprobar aínda que se cumpran todas estas condicións esixidas. Os expedientes aprobaranse en función da data de entrada no rexistro até que se acabe o diñeiro destinado a esta partida.

Ao SLG non lle estrana nada que fose o recorte orzamentario o motivo polo que a Xunta da de prazo menos de dous meses para realizar a solicitude desta axuda. Así o 4 de Xuño publicou a orde do 22 de Maio no que se establece un prazo de presentación de até o 31 de Xullo para as "milloras estruturais e de modernización das explotacións agrarias". O SLG considera que a Consellaria de Agricultura está intentando entorpecer a tramitación destas axudas e, por conseguinte, a modernización do agro galego ao impedir indirectamente que se tramiten estas axudas. Esta política iría en congruencia coa de-



Moitos agricultores quedarán sen axudas por falta de orzamentos da Xunta. A. IGLESIAS

señada a nivel da UE e do Estado que pretende converter ao agro galego nunha reserva "de xubilados vivindo nun eucaliptal".

Dase a circunstancia de que no Estado, a orde reguladora foi publicada o 10 de Febreiro, substituindo ao anterior decreto que regulaba estas axudas. A Xunta o que fixo foi copiar literalmente o decreto estatal e engadirle a documentación que se terá que presentar para solicitar cada unha destas axudas.

O SLG tamén considera discriminatórios os 2.500 millóns (dos

44.000 totales que abilitou ao UE) que lle corresponden ao Estado español para paliar o mal das vacas tolas e que van ser repartidos segundo os criterios que marque o propio Ministerio de Agricultura. Se se reparte en función do censo gandeiro tocaría a menos de 7.000 pesetas por vaca. Esta distribución sería perxudicial para Galiza por ter uns explotacións tradicionais onde a meia de vacas nodrizas é de 4 por explotación e a maioría case non ten touro. Penalízase así as explotacións que ofrecen unha excelente calidade mentres se incentivan as industriais. ♦

MEIOS DE COMUNICACIÓN

O reitorado de Vigo asina convénios coa prensa para 'canalizar' a información universitária

A Universidade de Vigo patrocinará a información referida ao ensino superior dos diarios *Atlántico*, *La Región* e *La Voz de Galicia*. O reitor da mesma, Xosé Antonio Rodríguez Vázquez asinou un convenio con *Rías Baixas Comunicación*, editora dos dous primeiros xornais mencionados pola cantidade de 2 millóns de pesetas que serve para patrocinar a edición de 19 suplementos, denominados *Universitas*, o último dos cales se publicará en Decembro.

A base quinta do convenio asinado o 8 de Maio establece que o mencionado suplemento "contará co concurso redacional e informativo da Universidade, no modo e forma que esta determine, prestando páxinas a colabo-

racións periódicas, artigos de opinión ou meramente informativos, utilizando este medio para difundir a información universitária e contribuir a un maior caudal informativo da súa actividade".

A editora de *La Región* e *Atlántico* comprométese ademais a realizar o servizo de reparto nos centros da universidade. En concreto, nos campus de Vigo e Pontevedra, serán entregados 1.075 exemplares á semana de *Atlántico Diário* (máis suplemento) durante o período lectivo. No campus de Ourense serán entregados 425 exemplares á semana de *La Región* (máis suplemento), tamén durante o período lectivo.

O suplemento *Universitas* é común para os dous diarios men-

cionados. O envío suspéndese nos períodos vacacionais.

Anteriormente a mesma Universidade suscribira un convenio con *La Voz de Galicia S.A.*, no que se establece a colaboración para a mellor formación de profesionais e para "canalizar adecuadamente as informacións de interese común".

Membros do claustro universitário sinalaron, á vista da sinatura destes convénios, que contrastan coas "contínuas queixas da equipa reitoral sobre a falta de recursos" e que o feito en si supón "unha entrega de diñeiro a algúns periódicos para que falen ben do reitorado", no que califican de "caso único na Universidade española". ♦

Xil Arauxo en liberdade tras 19 anos no cárcere

O 12 de Xullo Manuel Casimiro Xil Arauxo sae do cárcere despois de dezanove anos en prisión, que o converteron no preso que cumpríu unha das condeas máis longas do Estado. Xil Arauxo entrou na cadea no ano 1977 a raíz do secuestro de Oriol levado a cabo polos GRAPO. Desde aquela, percorreu moitas das cadeas do Estado participando na folgas de fame dos últimos anos que deixaron a moitos dos presos en cadeiras de rodas, con padecementos de por vida ou mortos, xa que houbo folgas que duraron varios meses. Xil Arauxo cumpríu a última parte da súa condeas en Bonxe, de onde sae agora. O Sábado 13 a comisión formada para acadar a súa liberdade organiza un recibimento popular no mercado de Teis, da cidade de Vigo, de onde é Xil Arauxo. Baixo o lema *Amnistia Total*, os actos comezan ás oito e media e, segundo a organización, esperan que se converta nunha romaxe de benvida. ♦

Protestas contra unha minicentral no concello de Amoeiro

Máia que se trata dun solo de protección especial, a empresa *Engasa* quere construír unha minicentral hidroeléctrica nas zonas de Parada de Amoeiro e Fervenza, no concello ourensán de Amoeiro. A oposición dos veciños xa se manifestou en varias mobilizacións, a última o Domingo 7, e nun escrito de alegacións ao alcalde popular Manuel Fernández Rincón na que se expon a ilegalidade da obra e os perxuízos deste conxunto industrial. Partidos políticos da oposición, sindicatos e asociacións ecoloxistas e culturais secundaron as protestas. ♦

Sanidade exímese de responsabilidades nos vertidos biosanitarios

A policía local gravou o momento no que se verquían residuos sanitarios nunha canteira de Ferrol. Entre os restos, atopáronse guantes, gasas, tubos de sangue xunto a outros materiais e restos animais. Máia pechar un destes vertedeiros, apareceu outro na mesma cidade a onde van parar os residuos dos hospitais *Juan Canalejo* e *Teresa Herrera*. Os inspectores do Sergas puideron comprobar que as denuncias eran reais pero trasladaron as responsabilidades a empresa de transportes que se encarga desa tarefa. Sinalaron que era un feito puntual máia que xa se atoparon en Ferrol dous vertedeiros con materias biosanitarios. ♦



Os veciños xa se manifestaron en contra noutras ocasións.

Manifestación contra o encoro do Umia

Cun ar festivo, veciños de Caldas, Cuntis e Moraña participaron nunha marcha de protesta, o Domingo 7, contra o encoro da Baxe no Umia. Os tres alcaldes, Xosé María Tobio, Eduardo Rei e Xosé Eiras, voltaron estar presentes como en todas as mobilizacións anteriores aínda que a presenza que chamou a atención foi a de militantes populares de Moraña que non están de acordo coas directrices impostas polo partido. A Xunta, que impulsa a obra, non tivo en conta as accións veciñais de protesta polo que se anunciaron máis actos nos vindeiros meses de oposición ao encoro que afecta aos tres concellos. A marcha do día 7 rematou cunha festa tradicional e coas verbas do representantes da Plataforma Cívica de Caldas contra o encoro que lembrou que moita xente da comarca seguía votando ao PP máia o prexuízo desta obra. ♦

OPINIÓN

GALIZA SERÁ UNHA DAS COMUNIDADES DO ESTADO MÁIS AFECTADAS POLO PROXECTO DE PRIVATIZACIÓNS. A FACTURACIÓN DIRECTA DAS EMPRESAS PÚBLICAS REPRESENTA O 22 POR CENTO DO PRODUTO INTERIOR

BRUTO E O 13 POR CENTO DOS EMPREGOS INDUSTRIAIS DIRECTOS. DEPUTADOS DAS DUAS FORZAS DA OPOSICIÓN PARLAMENTAR MANIFESTAN NOS SEGUINTE ARTIGOS A SUA POSTURA CONTRÁRIA AO PROXECTO.

FANATISMO PRIVATIZADOR

XESUS VEGA

Calquera persoa que teña seguido as informacións publicadas por *A Nosa Terra* a respeito do peso cuantitativo e da importancia cualitativa do sector público estatal no tecido industrial galego, aceptará a pertinencia de preguntas coma estas: as privatizacións anunciadas polo goberno central constitúen unha necesidade estratéxica da economía galega? Que vantaxes concretas se derivarían da substitución do Estado polo Banco de Santander e Unión-Fenosa no accionariado de Endesa ou da venda do grupo INESPAL á multinacional canadiana Alcan?

Como única resposta, os defensores do programa privatizador de Aznar propoñen a repetición dun vello siloxismo argumental. Primeira premisa: todo o que reporta beneficios para a economía española repercute positivamente na economía galega. Segunda premisa: as privatizacións serven para garantir o calendario acordado en Maastricht a respecto da redución do déficit público. Conclusión: compe aceptar as privatizacións previstas para podermos chegar á paradisiaca unión económica e monetaria.

Lembran-se do que se nos dixo hai agora dez anos cando se negociou a entrada do Estado español na CEE? A ecuación argumental foi análoga á que agora se nos suxire: a suposta bondade dos termos establecidos no acordo de integración implicaba, automaticamente, unha valoración positiva para a economía galega. Pasados os anos e á vista dos efectos contundentes vividos, algúns daqueles vendedores de fumo tiveron que recoñecer o impacto negativo da entrada na CEE en sectores básicos da nosa economía.

Se as privatizacións resultan tan beneficiosas para o tecido económico galego, como é que non existiu, durante os últimos anos, un significativo movemento de opinión favorable ás mesmas? Por que non figuraba unha proposta de tanta transcendencia no programa electoral defendido por Fraga no mes de Outubro de 1993 tendo presente que, un ano antes, o presidente da Xunta asinara uns acordos coas centrais sindicais onde se postulaba explicitamente o mantemento do sector público industrial?

Non hai razóns endóxenas, vinculadas ás necesidades dun desenvolvemento económico socialmente aceptábel, que avalen o programa de privatizacións aprobado polo goberno Aznar. A obsesiva pretensión de que o relóxo de Maastricht module todos os actos da vida económica da nosa nación vai provocar, neste caso, evidentes custos sociais. A privatización incrementa, de xeito notábel, a incertidume sobre o mantemento do emprego nas empresas afectadas e sobre as actividades complementarias ou inducidas que se desenvolven a carón das

mesmas. A venda rápida das empresas máis atractivas para o capital privado (caso de ENDESA ou de INESPAL) vai colocar ás restantes diante da coñecida secuencia reconversora: negativa governamental ao mantemento das transferencias orzamentarias, redución do cadro de persoal como condición necesaria para transitar temporalmente polo sector privado até chegar a unha situación límite que xustifique o peche definitivo (de non mediar unha nova intervención pública obrigada pola presión social).

O proceso privatizador posúe outra dimensión non menos preocupante. A desaparición de importantes activos empresariais da área pública debilita a capacidade de intervención do goberno galego na vida económica do noso País. A pesar das importantes limitacións que padecen as institucións autonómicas semella evidente que existe unha maior capacidade de manobra na presión política que podería ser exercida sobre a Administración central que aquela que se podería proxectar sobre os grandes grupos de capital privado de ámbito estatal ou transnacional.

O xeito no que se está acometendo este proceso resulta moi revelador do nivel de subordinación no que se atopa a Xunta actual. A pesar dos reiterados acordos tomados unanimemente polo Parlamento galego demandando a presenza da Administración autonómica nos Consellos de Administración das empresas públicas e o investimento dunha parte significativa dos seus beneficios na nosa nación, a inibición de Fraga e a negativa do goberno de Felipe Gonzalez imposibilitaron a realización práctica de semellantes reivindicacións e colocaron ao

goberno galego no ridículo papel de espectadores subalternos desta gran subasta do patrimonio industrial público. Dispos de aturar os custos medioambientais de empresas como Endesa, Alumina ou Ence sen recibir unha compensación adecuada, a sociedade galega non se merecía o espectáculo kafkiano ofrecido por un presidente cuxa máxima preocupación é demonizar o termo "movilización" por non ser constitucional... e ter resoancias militares (!).

Consente do fraude electoral que está cometendo e convencido de que, no plano argumental, non poder ofrecer máis que unha má versión do conto da leiteira, Fraga busca desesperadamente o corpo a corpo dialéctico con Francisco Vázquez porque este lle ofrece o tipo de oposición que máis lle interesa. A política seguida polo felipismo nesta materia devalúa a credibilidade das proclamas actuais dos dirixentes socialistas. Non é necesario evocar a lapidaria expresión de Solchaga ("a millor política industrial é a que non existe") ou a sombra de corrupción que pendura sobre a privatización de Rumasa: abonda con lembrar a práctica privatizadora dos últimos gobernos de González e a xa citada negativa á presenza dos gobernos autónomos nos Consellos de Administración das empresas públicas.

As privatizacións non van ser o derradeiro episodio do libro económico do novo goberno. O cenario dos vindeiros meses está cheo de proxectos e medidas que van degradar o cativo nivel de benestar social acadado e van hipotecar gravemente as posibilidades futuras dun desenvolvemento autocentrado: abaratamento do despido, redución dos investimentos públicos, conxelación e/ou diminución das prestacións sociais (seguro de desemprego, gastos sanitarios, pensións)...

A envergadura da ofensiva governamental é indiscutíbel. A necesidade dunha resposta social de volume e intensidade semellantes tampouco admite dúbidas. ♦

XESUS VEGA é economista e deputado do BNG

QUI PRODEST?

MARIA XOSÉ PORTEIRO

A quen beneficiará a loucura subastadora do Estado que enaxena ao goberno de Aznar?. Velai a primeira cuestión para comprendermos o por qué de tanta presa, de tan poucas garantías, e de tan cativas explicacións.

O PP plantea un falso dilema sobre as bondades ou as maldades das privatizacións, e faino en termos maniqueos. O certo é que en menos de dous meses desde a chegada ao poder a única xestión visíbel que ate o de agora son quen de ofrecer é a posta á venda das empresas públicas. E a resposta á primeira incógnita podería estar no interese de determinados grupos financeiros por levar unha boa tallada do pastel, non por desexos de pasar a ser propietarios, senón por participaren no proceso da venda facendo o sustancioso papel de negociador —ou broker—, sen importarlles demasiado quen compra e para qué.

Poderíase entender como o pago inmediato de favores electorais a grandes señores da banca, ou a bancos e caixas de ampla influencia territorial apoiadas polos sócios do goberno. Só desde a lóxica económica pódese explicar a urxencia e a falla de precaucións con que Aznar, Piqué e a súa equipa queren vender a presa e sen condicións, as empresas máis rendábeis agora e desfacerse das menos rendábeis despois.

Non importa o mantemento dos postos de traballo, nen a garantía da produción, nen o valor equilibrador do territorio que as industrias do sector público teñen en países como o noso, onde son fundamentais. Tampouco importan a transferencia das plusvalías desde as empresas rendábeis cara aquelas que non o son. O que importa, o único que importa, e poñer enriba da mesa os cartos contantes e sonantes —previo paso das comisións correspondentes aos pechos dos intermediarios—.

Fraga, mentres tanto, mira para outro lado. Deixa facer e consente o que antes das eleccións tería considerado unha aldraxe para Galiza. Esquece, mesmo, o acordo asinado cos sindicatos en Outubro do 92 de manter e potenciar as empresas públicas galegas. Non exige a creación de órganos de seguimento e negociación ante o proceso privatizador. Non garante ante os traballadores a defensa dos postos de traballo. Non sabe. Non contesta. É o despistado que asubía mentres o próximo pide auxilio.

Couceiro, de paso, levita e abandona toda preocupación terrenal. E Galiza vai, camiño do milénio, un pouco máis cansa, desesperanzada, e un aquel desesperada pola falla de fe nos que outrora viñeron —dicían— a salvala e agora a deixan aos pés dos cabalos. Abóf que non é a Galiza a quen lle aproveita toda esta farsa. ♦

MARIA XOSÉ PORTEIRO é deputada do PS de G-PSOE



Palmou desminte que os concellos teñan que seleccionar o lixo Sogama relega a reciclaxe e retrasa o seu funcionamento até o 2000

♦ G. LUCA

O plano da Xunta para o recollida de lixo contará cunha fase previa de selección de papel, cartón, cristal e ferro nos concellos que será "recomendada pero non preceptiva". O presidente da *Sociedade Galega do Meio Ambiente (Sogama)*, Xesús Palmou desmentiu ao director de *Sogama*, Mauro Arias, que alarmara horas antes aos concellos ao anunciar unha imprevista fase municipal de manipulación. *Sogama* admite que o sistema non poderá entrar en funcionamento até o 2000.

O presidente de *Sogama* e concelleiro de Xustiza declarou que os concellos poderán elixir entre ordenar os reciclábeis por lotes ou entregalos sen seleccionar. Palmou considera que os que prefiran reciclar poderán contar con axudas non precisadas do Goberno central.

A información de Arias sobre o traballo que deben aportar os concellos provocou comentarios de sorpresa xa que, en exposición previas do proxecto, só se facía referencia ás fases de empaque, transferencia, reciclaxe e incineración. O director de *Sogama* dixo que estaba previsto que os concellos asumisen a responsabilidade de discriminar vidro, papel, cartón ou metal para seren reciclados. O deputado do BNG Emilio López advertiu que este nivel engadido de manipulación coartaría o proxecto inicial xa que non permitirá atinxir a cifra de 480.000 toneladas que *Sogama* estipulara como limiar de rendibilidade. Arias contestou que co número de concellos comprometidos a utilizar os servizos de *Sogama*, poderán superar as 450.000 toneladas.

Incineración contra reciclaxe

A aclaración de Palmou configura un plano de xestión de residuos sólidos urbanos no que o

elemento dominante será a incineración e no que desaparece practicamente o concepto de selección previa. Aínda que *Sogama* prevé unha fase de selección antes do forno, nesta separarase vidro e ferro pero o resto do lixo servirá como combustible para *Fenosa* producir electricidade. Trátase de de feito dunha solución desaconsellada en todo o mundo pola emisión de furanos e dioxinas a partir da combustión de materiais que aporten cloro, como plásticos, pinturas, papel blanqueado etc.

A selección previa de catro elementos desde os concellos introduciría o concepto de reciclaxe no plano da Xunta e servía tanto para educación do consumidor como para a introducción progresiva de normas de envasado con materiais non contaminantes ou reciclábeis.

Os alcaldes de Cangas e Moaña e o concelleiro de medio ambiente de Bueu estudaron Martes con Palmou a opción de se integran no plano de residuos sólidos urbanos da Xunta. Os tres concellos proxectan reciclar polos seus propios medios para producir compost pero queren que *Sogama* dispoña do lixo que exceda a capacidade do plano progresivo de reciclaxe que van a aplicar conxuntamente. Amais



Mauro Arias, director de Sogama.

A. PANARO

das críticas ás graves consecuencias contaminantes do plano de *Sogama*, os concellos do Morrazo recusan a proposta da Xunta polo seu elevado prezo por tonelada que terá tendencia a alza polo seu carácter privado.

Tanto Francisco Trigo, deputado

do BNG como o portavoz do PSOE Miguel Cortizo criticaron que o que Fraga anunciara como *obxectivo prioritario* no 90 navegue a estas alturas entre a confusión as contradicións a incertidume e os equívocos que demoran a solución á recollida de lixo até o 2000. ♦

O horizonte das autovías volve a situarse no novo milénio

Non hai orzamento nen datas para o paso da Pedrafita

O horizonte das autovías volve a situarse no novo milénio. Aumenta a imprecisión sobre a entrega das obras na primeira reunión da Comisión de Seguimento despois da chegada do PP ao Goberno central. Tanto a Xunta como o Goberno central falan da importancia dos pasos de montaña a Castela e renúncian implícitamente ao cumprimento do último compromiso do ano 1998.

Tamos de importancia de Pedrafita e Vigo-Benavente aínda non foron licitados e non estarán contratados no 98. O concelleiro de Política Territorial di que *xa se pode dispor* dos terreos, na súa maior parte de monte e anuncia o remate dos proxectos que xa están rematados hai cinco anos, pero non quer adiantar unha data para a contrata de obra.

Cuiña non sabe cando o ministro que preside Rafael Arias Salgado sacará a concurso os pasos clave da Pedrafita, aínda que considera que compre facelo pa-

ra este mesmo ano. Na nova Comisión de Seguimento monocolor, o concelleiro de Política Territorial prefire a entrega a prazos e indica que "a finais do 97 ou principios do 98 hai posibilidades de que as estradas estean en uso nun 90 ou nun 100 por cen".

A ambigüidade aumenta ao anunciar o director de Estradas do Goberno central que o 77 por cento da Autovía xa estará entregado no verán de 1997. Vigo-Ourense que se daba por rematado para comezos deste ano terá o 85 por cento da obra terminada a comezos de 1997. Entre a Coruña e Lugo xa están *en servizo* ou *próximos a entrar en servizo* un 84 por cento dos treitos

Outras disgresións da Comisión sobre a marcha das obras refírense ao compromiso de non esixir peaxe nas autovías, precisión que os responsábeis da Xunta e do Goberno central reiteran en todas as rodas de prensa que ofrecen desque se

constituiron, ou ao estado do proxecto de autovía entre Santiago e Ourense. Convergencia i Unió vai propor na lei de acompañamento dos orzamentos do Estado a inclusión de medidas coma o establecemento de peaxes nas novas autovías.

O concelleiro de Política Territorial negouse a indicar en que partida orzamentaria entrarán as contratas de Pedrafita e dixo que correspondía ao ministro de Fomento concretar tantas estas datas como as de entrega.

Autovía en porcentaxes

O concelleiro de Política Territorial asume outravolta a definición de *Autovía del Noroeste* que non hai moito recusaba. Baixo esta denominación, os pasos de montaña que son a carga principal da obra desde a perspectiva galega, convértense en pequenas porcentaxes do total. A Comisión volve a insistir sobre a dificultade do paso da Pedrafita e excusa calquer comentario so-

bre a data de culminación da obra dentro do país.

As autovías non deran rematado no 93, a pesar de Fraga empeñar a súa palabra en sucesivas intervencións públicas ás que comprometera prendas, xuramentos e ameazas veladas contra o Goberno central. Incumplido este prazo, o Goberno autonómico cambiou o plano da esixencia por outro de acordo con Madrid do que saleu a nova data de 1995. A Comisión de Seguimento trasladaría despois esta meta á comezos de 1997 pero a finais do 94 o concelleiro Cuiña recoñeceu que sería realista facer conta nova de todas estas datas para a altura do 98. Por fin, a descomposición das obras en treitos, consonte a súa dificultade específica, permite á consellaría de Política Territorial divagar o seu compromiso político e agachar que a parte clave do proxecto que son os pasos de montaña non teñen aínda nen asignación orzamentaria. ♦

Unha muller de Guitiriz

vive sen luz

desde hai 45 anos

Neste caso, nen o achegamento da autovía que une Lugo e A Coruña nen o plano MEGA mellora as condicións nas que vive María Méndez Ares, unha muller de 73 anos que non ten na casa electricidade. Vive na parroquia de Trasparga, en Guitiriz, e desde hai corenta cinco anos utiliza a luz do candil para desenvolverse dentro da súa casa. A oposición no concello leva tratado o seu caso en pleno, pero nen o ex alcalde do PP Francisco Fernández Santiso nen agora María Xosé Vázquez Lorenzo, do mesmo partido, se comprometeron a nada. A propia María Méndez dirixiu unha carta a Manuel Fraga pero non recibiu resposta. Hai máis de trece anos que comezou estas xestións pero, ao igual que noutros casos que saíron á luz pública nos últimos anos, aínda non pode ter nengun electrodoméstico na casa. ♦

A Fraga xa non lle

preocupa o galego

en Asturias

Nos encontros mantidos entre os presidentes galego e asturiano, Manuel Fraga e Sergio Marqués, que se plasmaron en acordos de cooperación asinados o día 6 de Xuño, a lingua non foi incluída. O presidente da Xunta amosara a súa preocupación polo estado do galego nas zonas asturianas nas que se fala cando o executivo asturiano era do PSOE. O Goberno de Asturias rexeitara a cooperación da Xunta e comprometérase a protexer o galego. A situación é ben diferente agora, e Fraga e Marqués asinaron acordos sobre a administración da ría do Eo, do camiño de Santiago, as telecomunicacións, a agricultura e os programas de formación de emprego. A *Mesa pola Normalización Lingüística* sinala que Fraga desdicese de compromisos anteriores xa que "todas esas cuestións son reivindicadas desde a franxa asturiana e foron escoitadas no seu día por Fraga. Agora esquecense as obrigas legais desde Galiza só por satisfacer o ánimo uniformizador do PP asturiano e do seu presidente, que igual que o galego nunca se destacou pola súa sensibilidade cultural nen democrática". ♦

A Illa de Arousa entrará

en 1997 como concello

Despois de que o o Consello de Estado informara de xeito favorable sobre o expediente de segregación da Illa de Arousa, o concelleiro de Interior e Xustiza Xesús Palmou sinalou a data do 1 de Xaneiro como a previsión para constituírse en concello propio. Sinalou que esperaba unha segregación sen problemas como a que aconteceu en Burela. ♦

Peche de empresas, reforma laboral, agora privatizacións. Cal é o estado de ánimo dos traballadores?

De cabreo por un lado e de desconcerto por outro. As últimas medidas do goberno, aínda que non son novas, significarán a liquidación do sector público industrial. Ademais xa se anuncia o seguinte paso: recortes de servizos sociais de protección e practicamente o despido libre. As perdas non van ser como di Aznar de dous anos, porque os dereitos que se perden hoxe non se recuperarán no 99.

E o desconcerto?

Proven da débil oposición dos sindicatos estatais. Hai poucos días Cándido Mendez decía que non se opoñían as privatizacións, senon que as querían analizar unha a unha. Dá a impresión de que existe un pacto: oposición blanda, a cambio de que non se tomen novas medidas de recortes laborais. Ora ben, habería que ser inxenuo para pensar que o PP, despois das privatizacións, non vai tomar outras medidas. No caso de Galiza, o desconcerto esténdese a unha parte importante do pequeno e mediano empresariado que non entende a postura de Ramilo. Nengun empresario galego vai mercar unha empresa, pero pola contra dependen delas. Hai empresas públicas que son motores de comarcas enteiras. A súa venda vainas deixar en mans de multinacionais ou da grande banca que non ten interese polos problemas sociais ou económicos de Galiza.

Os traballadores tamén votan PP?

Hai traballadores que votaron PP, pero non son a maioría. Os asalariados son o 25% dos que votan en Galiza e o 40% no Estado. Ademais, os traballadores non coñecían ese programa de privatizacións, nen votaban a favor del. En Galiza, o presidente hai tres anos firmou un documento no que decía que ía potenciar o sector público e, antes das últimas eleccións, volveu a dicir o mesmo. A Xunta mostrou en varias ocasións contraria a privatización de Santa Bárbara ou Barreras. O goberno central está a facer ao revés do que o seu partido dixo en Galiza.

Hai pesimismo no mundo laboral?

A conciencia dos traballadores parte das últimas batallas do mundo sindical. Contra a reforma laboral houbo un día de folga, o goberno non cedeu, e CCOO e UGT asumiron a derrota. Dixeron que a reforma xa se frearía nos convénios colectivos. Os traballadores non entenderon que non se continuase a batalla. En Pontevedra, no metal, hai dous anos houbo unha vintena de días de folga. Hoxe hai desconfianza. Contodo, agardamos que a dureza dos ataques que veñen leve a CCOO e UGT a tomar unha postura máis mobilizadora e aponten cara unha folga xeral no Outono. En Galiza a necesidade de mobilizar vai ser inexcusable para todos, pola importancia do sector público aquí.

Son útiles as mobilizacións?

A base nunca estivo derrotada. As dúbidas abundan máis nos cadros sindicais e políticos. Esas

dúbidas refléxanse en que as mobilizacións teñen escasa continuidade, son pontoais e defensivas. Hoxe todo o mundo quere conseguir vitórias inmediatas, cando quen ten a iniciativa e o capitalismo, polo tanto desde os sindicatos habería que aceptar que a loita ten que ser necesariamente longa. Compriria iniciar un período semellante ao da transición. Daquela sempre decíamos que "isto non é para hoxe". Por iso a loita agora non é só sindical, senón tamén política. Pensabamos que nos estábamos a integrar na Europa do estado de benestar, na que os sindicatos tiñan un papel de portavoces dos traballadores e conseguían melloras através da negociación, aínda que fosen pequenas. Hoxe non é así, a maior parte das veces que nos sentamos nunha mesa somos os traballadores os que cedemos. Agora a loita non pode ser pontoal, hai que estar aí seguido. Se sempre queremos xuntarnos cen mil, só poderemos facelo dúas veces ao ano. Ademais, ao día seguinte esquecese. Hai que valorar máis as mobilizacións de 1.000 ou 500 persoas, decatarse de que son útiles. Hai que estar todos os días para que a clase media se dea de conta do que está pasando e se sume ás nosas propostas. Senon, cando se decaten, será tarde. Se os traballadores quedan derrotados, as clases medias, xa non van ter defensa.

Porque o PP tomou as privatizacións como primeira medida?

É un tema no que espera unha menor oposición. Os seus meios de comunicación levan anos denigrando o sector público. Decindo que é sinónimo de perdas, o que non é verdade. Se logran que as mobilizacións señan pequenas, desgastarán aos sindicatos nesta loita. Saben que, neste caso, poderían tomar outras medidas que xeran máis solidariedade, como o recorte das indemnizacións por despido, o recorte da sanidade, do subsidio de paro ou das xubilacións, coa ventaxa de que os traballadores xa partirían dunha derrota anterior.


As empresas que intentan privatizar primeiro son as que producen máis beneficios: enerxía (Endesa, Repsol, Enagas, Gas Natural), telecomunicacións (Telefónica) e banca (Argenta). A súa prioridade fundamental é facer caixa para: reducir o déficit público, cubrir os menores ingresos que vai haber debido as reducións nos impostos sobre plusvalías aos que gañen máis de 30 millóns e regalarlle á banca as xoias da coroa que pasarán de dar beneficios públicos a dalos privados. Isto demostra até que punto o Estado xa ten unha grande dependencia das multinacionais europeas.

Manuel Mera

'É posíbel frear as privatizacións'

➔ MANUEL VEIGA

"POR QUÉ PRIVATIZAR EMPRESAS QUE DAN BENEFICIOS?", PERGÚNTASE MANUEL MERA, SECRETARIO CONFEDERAL DA CIG, CENTRAL QUE SE OPÓN ÁS PRIVATIZACIÓNS DECRETADAS POLO GOVERNO DO PP. MERA LEMBRA QUE O SECTOR INDUSTRIAL PÚBLICO INCIDE, DIRECTA OU INDIRECTAMENTE, SOBRE O 22% DO PIB GALEGO, O QUE NON SUCEDE NOUTRAS COMUNIDADES, E ADEMAIS PRODUCE UNS BENEFICIOS SITUADOS ENTRE OS 55 E OS 65 MIL MILLÓNS DE PESETAS AO ANO. CONSIDERA TAMÉN QUE AS MOBILIZACIÓNS PODEN FREAR ESTE PROCESO, COMO XA SUCEDEU EN FRANCIA.



Alguns culpan a CIU deste programa privatizador.

O PP non toma estas medidas obrigado por CIU. CIU ten unha política nesta materia semellante a do PP. Todas as grandes empresas catalanas son multinacionais. Habería que ver até que punto neste momento non se dan a man os intereses de Cataluña e os desas multinacionais. Tamén é unha contradición para o PP que sempre fai fincapé no seu españolismo.

Caixa Catalunya está a constituir un sector empresarial catalán semipúblico.

Si. É que unha cousa é o problema nacional e outra cousa o país no que se representa e a plasmación ideolóxica desa realidade. Hai unha abrazo entre esa Caixa semipública e as multinacionais. Vanse repartir o pastel das grandes empresas públicas. O que se ve tamén é que existe unha alianza entre a burguesía española e catalana.

O nacionalismo galego criticou a moitas das empresas públicas por ser de enclave ou contaminantes.

Galiza non lles quitou o rédito en función dos recursos que xeraron. Iso é certo. Pero se as privatizan será peor. Até no roubo de riquezas hai grados. Por exemplo, *Endesa*, que xera problemas ecolóxicos, criou 2.000 postos de traballo e unha actividade subsidiaria. Os investimentos que houbo na comarca non os faría unha empresa privada. Hai tres anos *Alumina* pasou por maos momentos, debido as expropiacións baratas de aluminio ruso, pero non pechou pola presión dos traballadores e da sociedade. Pasaría iso se estivese en mans da canadiana *Alcan*? A solución non é que se privatice, senon que pase a depender dun sector público galego, permitindo que os grandes beneficios desas empresas se reinvestan en Galiza, cousa que hoxe certamente non se fai.

O goberno di que non hai alternativas económicas ás privatizacións.

Se dan beneficios, a alternativa é clara: que os sigan dando. No caso do sector naval, o problema está en que o estragaron. Que deixen a *Bazan* facer construción civil ou a *Astano* construír buques. Mesmo estas empresas producirían beneficios, se non fose polas súas cargas financeiras, moitas provocadas polo propio recorte do cadro de persoal.

Cando a maioría dos méos de comunicación din o contrario, os traballadores non acaban de convencerse de que existen alternativas.

Iso é verdade. Hai pouco saíu un inquérito: moitos non opinaban, o que demostra a desinformación que hai, pero a maioría dos que o facían (40%) manifestábanse a

favor do sector público. Durante a transición a clase média e os traballadores estiveron unidos, hoxe grande parte da clase média foi gañada para a política neoliberal. E o problema que teñen é que as grandes vítimas do proxecto dos ricos son os traballadores, a mocidade, as mulleres, pero tamén as clases medias. Isto non é novo. Deuse en países que antes foron ricos, como Chile ou Argentina. Chile medra do 6 ao 8% ao ano e ten ao 45% da poboación por baixo do umbral de probeza e cada ano aumenta. Esta aposta equivocada das clases medias, que se suman ao proxecto do poder, incide na política, dando lugar ao desconcerto da esquerda europea e ao aillamento da clase obreira.

Precisamente na Galiza as clases medias, como vostede decía antes, están moi afectadas.

Pero iso non quere dicir que se decaten aínda. Víronos os de Ferrol, pero non outros. En vez de enfrentarse aos grandes empresarios e as multinacionais enfréntanse aos máis febles. Pretenden manter a gañancia reducindo salários. O que me lava o coche díme: como vou eu vivir co que pago de seguridade social por estes. Eu pergunteille: pero lava os mesmos coches ca antes? Non, moitos menos, responde-me. Pois aí está o problema. Hai outro sector marxinado que si ten conciencia de tal que é o agro e os parados que son 200 mil. Por outra parte, a metade do eleitorado galego (550 mil persoas) está formado por clases inactivas, en termos económicos: pensionistas, amas de casa e estudantes.

Cal é a alternativa a todo isto?

A mobilización. O de que privatizar é unha consigna europea é relativo, porque en Alemaña, Francia e Italia o sector público é máis grande que aquí, representa entre o 12% e o 14% do PIB, mentres que no Estado español non sobrepasa o 9%. O PP non se vai atrever ou levará a cabo as menos posibles se encontra oposición. En Francia viuse hai pouco que as mobilizacións poden trunfar. Empezaron cos ferrocarrís e tiveron que recuar. Aínda que non foi un trunfo total, tiveron que dar marcha atrás, alí onde houbo unha oposición máis decidida.

Hai oposición no resto do mundo as medidas que se están a tomar?

A oposición á globalización e ao neoliberalismo, porque diso se trata, é moi importante en todo o mundo. Os movementos nacionalistas, cos seus matices e as súas contradicións, representan o rechazo a esa política globalizadora. Os países máis desenvolvidos, representados no G-7 xa se deron conta de que algo vai mal e na última reunión de Lyon introduciron, por primeira vez, un punto sobre as consecuencias e as rectificacións que se lle deberían facer a ese proceso de globalización. ♦




Fraga tapa os incendios

Hoxe hai máis incendios no país e queimáanse máis hectáreas de monte que cando Fraga chegou á Xunta, afirma Aurélica Lombao nun traballo sobre os lumes que publica GALICIA SINDICAL. "Desde 1970 houbo na Galiza 99.000 incendios que queimaron 1.294.213 hectáreas, o que significa un 64% da superficie do país. "Chegado ao poder no 90, despois dun ano catastrófico de incendios forestais como fora o 89, con 198.998 hectáreas de monte queimado(...) No período 1990-1996 invístense na loita 34.000 millóns de pesetas. Realízase unha ostentación espectacular de medios e persoal que durante os tres meses de cada ano (Xullo, Agosto e Setembro) ocupan literalmente o agro galego nunha batalla vendida aos medios de comunicación con perfís épicos e case que patrioteiros. De saída todo parecía ir ben. Estábese no ciclo baixo dos incendios e viñan veráns choiventos que permitían respirar aliviado ao conselleiro Pérez Vidal(...) A catástrofe do 89 como referencia permitíalle anuncios triunfalistas ao goberno Fraga que sen embargo empezaba a ocultar a crúa realidade que cada día que pasaba impuñíase con máis evidencia. Os resultados que ían constatando nos anos 1992, 1993 e 1994 precisaban xa de maquillaxe. Máis de 6.000 incendios de media anual no período 90-94, fronte aos 4.624 do fatídico período 1985-1989 puñan de manifesto que amais dos montes tamén se estaban a queimar os cartos. Pero os datos agora xa non admiten disfrace. A propia Xunta ten que reconecer cifras escandalosas aínda que recortadas, como que no 95 houbo 15.000 lumes nos que se queimaran 44.213 hectáreas, das que 12.057 eran arboradas. Ese ano producíronse na Galiza o 50% dos lumes de todo o Estado e o 30% da superficie queimada". ♦

Irlanda, un tigre ben mandado

Denis O'Hearn confesa no *THE BUSINESS POST* de Dublín as súas dúbidas sobre a miraxe económica de Irlanda á que xa califica de tigre da UE. "Aumenta a distancia en-



tre Produto Interior Bruto (PIB) e o Produto Nacional Bruto (PNB). Aínda que o PIB da a medida do crecemento, o PNB non inclúe as rendas exportadas polas transnacionais nen os intereses da débeda externa e polo tanto expresa mellor a situación económica do país. Desde 1978 a diferenza entre o PIB e o PNB aumenta porque as multinacionais retiran máis beneficios de Irlanda cada ano. O PNB xa é un 13 por cento máis baixo ca o PIB. A enorme dependencia da economía irlandesa co exterior faina vulnerábel a factores externos que aquí non controlamos en absoluto. O sector químico, por exemplo, creceu un 28% no 94 pero quedou en 4% menos no 95. Se os computadores e a industria electrónica caesen desde o 38% que ergueron o ano pasado, nun ano perderíamos a metade do PNB". ♦

Libre comercio á defensiva

"Libre comercio? Naturalmente, pero o importante é defender o noso". Así titula o *NEW YORK TIMES* un artigo sobre a liberalización comercial que asina Paul Lewis. "O departamento de Estado norteamericano ven de advertir a Ian W. Delaney, presidente na empresa metalúrxica canadiana *Sherrit International Corp.* que nen el nen a súa familia poderán entrar nos Estados Unidos, por teren comerciado con Cuba. No entanto, o Congreso porfía na Europa para lograr co apoio do presidente Clinton sancións á petroleira francesa *Total S.A.* por facer subministrar á industria petroleira iraniana; os británicos rifan cos seus parceiros europeos por lles couter a exportación de vacúns; os canadenses suxiren que poderían legislar contra as leis norteamericanas que multan os intercambios con Cuba. Estas tensións expresan a necesidade de concertar os códigos comerciais entre países, pero aínda que o presidente Clinton chegase ao poder como campeón do libre comercio, agora non quer nen ouvir falar dunha nova ronda de conversas sobre franquía alfandegaria. Por riba, non todos os países en vías de desenvolvemento están polo librecambio, porque consideran que non abriren a outras producións industriais e a outros bancos prexudicaran ás industrias e bancos propios". ♦

Os galegos son os que se sinten máis discriminados pola Administración central

O traballo que levou a cabo o Centro de Investigacións Sociolóxicas, durante o mes de Marzo, cando tiñan lugar as negociacións entre PP e nacionalistas bascos e catalans, deixa claro que en nengunha comunidade se pensa que Galiza estea favorecida pola Administración central. Os habitantes das outras comunidades do Estado antepoñen a Extremadura como máis beneficiada que Galiza, que sempre queda nos últimos lugares. En relación aos propios galegos, un 61% da poboación sintese peor tratada que o resto das comunidades, converténdose na que máis sente o agrávio comparativo. Só os andaluces, bascos, catalans e valencianos cren, dun xeito considerabel, que a Administración dá un trato igualitario. ♦

Luxemburgo admitiu a demanda da Xunta no reparto do fletán

O Tribunal de Luxemburgo admitiu a trámite a demanda que apresentara a Xunta contra o reparto da cota do fletán nas augas da NAFO. Naquela votación, o Goberno central votara a favor e a Xunta posicionárase en contra. Coa aceptación da demanda,ponse en marcha un mecanismo previsto pero non utilizado na Unión Europea que é que unha entidade infraestatal poida intervir ante este Tribunal. O Consello de Ministros Europeo amosara a súa oposición a que se admitira unha demanda dunha comunidade autónoma presentando unha alegación de inadmisibilidade. ♦

As irregularidades na Cruz Vermella de Lugo chegan ao Congreso

O deputado de Lugo polo PSOE, Xosé Blanco, preguntou ao Goberno central polas presuntas irregularidades que se dan na Cruz Vermella de Lugo e que saíron á luz co cese no mesmo día de ser contratada da secretaría Ana María Fernández Santos (ANT nº 733). Como xa se publicara no número anterior, esta secretaría foi contratada e cesada o 24 de Abril tras comunicarllo por vía interposta o presidente da empresa Luis Abelleira. Precisamente o deputado do PSOE pregunta por que non se lle deixou abrir certa correspondencia, asinar nas entidades bancarias ou tratar algúns aspectos laborais. As denuncias de Ana María Fernández referíanse a que o material de transporte da Cruz Vermella adquiríase nunha empresa propiedade de Abelleira e que outros directivos tamén fornecían á entidade con material dos seus negocios. ♦

As empresas din que hai que apoiar as iniciativas novidosas que apostan por Galiza Bazán e Vulcano construírán as equipas da central de combustión de biomasa de Allariz

Vulcano e Bazán asinaron o 9 de Xuño un contrato co alcalde de Allariz, Anxo Quintana, para a construción dunha turbina e unha caldeira, equipas básicas da central de coxeneración por combustión de biomasa que se vai instalar no prazo dun ano no concello ourensano. Allariz será o primeiro concello europeo en contar cunha central destas características.

O responsábel de Vulcano, Fernando Santodomingo, afirmou que a caldeira que van contruir para a central de coxeneración de Allariz non é para eles rendíbel no prezo "máis gostamos de colaborar nun proxecto pioneiro que, ademais, foille encargado a empresas galegas". Santodomingo deixou de manifesto que "é ben coñecida a táctica do alcalde de Allariz que foi moitas cousas con moi poucos recursos", alabando a súa xestión.

En semellantes términos expresouse Emilio Seguí, director de turbinas de Bazán. "Nesta negociación o alcalde tamén nos exprimiu economicamente pero gostamos de entrar nun mercado pioneiro", afirmou despois de deixar claro que a fonte principal da empresa estatal é a fabricación de buques de guerra, un sector moi deprimido, polo que están na procura doutras alternativas, entre elas as turbinas.

Anxo Quintana, alcalde de Allariz, considera que esta firma é tamén un apoio "decidido ás empresas galegas, pois o pedido podíase realizar as empresas de fóra", pasando logo a comentar as características do proxecto. Terá un custe de 450 millóns de pesetas que será fi-



Anxo Quintana, alcalde de Allariz.

nanciado pola venta de electricidade e calefacción e estará rematado no prazo dun ano. Calcúlase que a central producirá 1.500 kilowátios hora. Esta enerxía será explotada por unha empresa municipal que se chamará *Allaluz*. Parte da produción irá a electricidade e parte a calefacción, chegando o calor a 250 vivendas, así como ás instalacións municipais, entre elas a piscina climatizada que van a contruir en breve.

Anxo Quintana afirmou que dado o grande volume turístico de Allariz (só os museus foron visitados neste ano por 52.000 persoas) é necesaria unha piscina climatizada para o inverno pero que un concello con 450 millóns de orzamento anual, non pode gastar 40 millóns cada ano no mantemento desta instalación. Coa enerxía da central o custe de mantemento quedará reducido a tan só catro millóns.

A central levará consigo a creación de 25 postos de traballo. Sete en mantemento das instalacións e 18 no monte, pois alimentarase por combustión da biomasa do monte. Toxos, xesta, carqueixas, carpazas, silvas, broza, leña e os residuos das serras e carpintarías, até un total de 13.000 toneladas anuais.

Prevenção dos incendios

Para o alcalde do BNG este non é un proxecto "extragaláctico, senón algo tan tanxíbel e simple como utilizar as enerxías renovábeis. As que nunca se acaban e tampouco contaminan".

Anxo Quintana afirma que os montes, que sempre tivo unha grande utilidade para os viciños foi abandonado e está consumido pola broza que orixina incendios. O que se trata coa central de coxeneración é de "facer producir ao monte, dándolle utilidade a esas rozas que tradicionalmente se fixeron e tamén á madeira, porque se arden os montes é principalmente porque non teñen valor. As xoierías non arden e se arden apágnas rapidamente", declarou. Para o alcalde alaricano "as medidas de extinción, que é o plano actual da Xunta, son moi caras, aínda que importantes, polo que hai que comezar por previr os incendios". ♦



O panículo administrativo

O programa estrela da Xunta, nestes tempos de selectividade e exames, é o proxecto de avaliación das unidades administrativas. Para entendérmolos todos, os currunchos e oficinas onde de servizo un funcionario vai someterse a un concienzudo proceso de revisión e análise. Neste estudio vai aparecer desde o custo en fólíos das paxariñas de papel até o gasto producido no debuxo dos pneumáticos dos carros oficiais.

De xeito paralelo, os funcionarios autonómicos están a pasar tamén revisión de ITV. Recoñecementos médicos nos que se procede a un pormenorizado chequeo da saúde persoal dos servidores xunteiros.

Os resultados que se están empezando a coñecer son desastrosos.

En canto á avaliación das unidades administrativas, os suspensos mostran claramente que a pervivencia dalgún servizo é un gasto supérfluo só xustificábel desde o interese político en manter unha estrutura para facilitar despacho, secretario e vehículo para os afiliados adoptados desde o clientelismo partidario. Entre os moi deficientes de nota, algún director xeral leva as orellas de burro colgadas as vinte e catro horas.

A Secretaria Xeral para o Turismo ten cualificacións de escándalo. No burocrático o turista máis coñecido é un suposto alemán que bebe cervexa galega na praza do Obradoiro e a reencarnación dos Paradores fíxose visíbel na casa rural de Somoza propiedade do alcalde de Melide, usada e disfrutada polos da obra nos seus retiros espirituais. No sanitario, Bobadilla Prosper, leva parella situación co organismo que dirixe; triglicéridos, colesterol, ácido úrico e moito músculo flácido. Todo isto a expensas das reservas de habitacións que Miras Portugal poida apalabrar no Pazo da Almuzara.

Na lista de cateados figura tamén, Amarelo de Castro, en auténtico perigo de extinción. Aqueles congresos de empresarios no exterior e as xuntanzas de emigrantes que tanta boa nota lle daban deron paso a trimestres en branco e noites mirando al mar soñé. A valoración médica unha decadencia progresiva; alopecia, ciclotimia e acrofaxia.

A profilaxe ten unha posibilidade. Sobran recoñecementos e avaliacións e fai falta tomar as doses de vacinas adecuadas. Cortar de raíz o mal que nos corroe. O próximo xarope ten que levar moito pau e pouco excipiente inócuo. ♦

M. VEIGA

O estilo Pérez Varela chega a Madrid

O secretario xeral de CCOO de Madrid, Rodolfo Benito, calificaba a pasada semana de "intolerante" ao secretario de Estado de Comunicación, Miguel Angel Rodríguez, por terlle prohibido tomar a palabra nunha reunión entre representantes do goberno e dos traballadores. O dirixente sindical valorou o sucedido como un acontecemento "sen precedentes" na democracia española. "Nen con UCD nen con nengun dos gobernos do PSOE pasou unha cousa similar", asegurou.

En realidade, antecedentes deste tipo de actuacións si hai. En Galiza, en concreto, a secretaria de comunicación de Xesús Pérez Varela supón un precedente directo, no tocante a modos e estilo, de Miguel Angel Rodríguez.

Existen máis similitudes. Aznar rodease dunha corte de fieis que lle peneiran as preguntas nas rodas de prensa. Outro tanto ven facendo Fraga desde hai anos. Mentres, *El País* canta sorprendentes loas do novo ministro de Sanidade, Romay Beccaria, quen aquí xa era coñecido polos elevados orzamentos de publicidade do seu departamento, destinados a acalar as críticas dos medios de comunicación. O propio dono, Jesús Polanco, sentiuse obrigado a afirmar, durante a pasada reunión de accionistas, que o periódico defendería a súa independencia. ♦

Iniciativas para
promover a nosa
língua

Aqui e agora

O GALEGO, ENSINO E COMUNICACIÓN
Hotel Araganey (Santiago)
13 de Xullo de 1996



COMARCAS

Retrasa as amortizacións durante tres anos para poder investir

O concello de Vigo perderá máis de 3.000 millóns coa 'renegociación' da débeda

A maioría popular do concello de Vigo decidiu "renegociar" a maior parte da débeda bancaria contraída através dun préstamo de 12.705 millóns de pesetas que aportará CaixaVigo. Esta cantidade irá destinada a investimentos a realizar neste ano por valor de 1.400 millóns e o resto a cancelar anticipadamente unha grande parte da débeda anterior. Con esta operación financeira consegue unha caréncia no pago das novas amortizacións de tres anos, pero colocará ao concello nunha situación explosiva en 1999.

Non só a oposición (PSOE e BNG) puxo de manifesto o alto risco da operación, senón que a propia interventora xeral, Berta Guarner, deixou claro no seu informe que "ao introducirse agora unha caréncia lineal de tres anos, que non está suportada nun deseño financeiro, e sorprenden con máis carga financeira a operacións que xa morrían [algunhas delas rematarían de amortizarse a finais deste ano] o plano financeiro previsto quebra, e o noso orzamento non estará preparado para suportar unha actuación de oportunidade deste tipo".

Durante os próximos doce anos, o concello de Vigo tería que

amortizar, conforme ao plano actual 18.451 millóns de pesetas; coa nova operación os gastos financeiros incrementáanse até acadar os 21.323 millóns. Quere isto dicir que o concello terá que pagar 2.871 millóns de pesetas máis. "O incremento do custo financeiro pola renegociación —sinala o informe de Berta Guarner— obedece a que esta introduce unha caréncia das caréncias, alongando o prazo de amortización das operacións actuais"

Superavit ficticio

A ventaxa da "renegociación" encóntrase en que o concello, grácias á caréncia da nova dé-



Manuel Pérez, alcalde de Vigo.

beda, non terá que desembolsar os 4.000 millóns de pesetas en amortizacións, previstos nos próximos catro anos segundo o plano anterior, e dispoñerá ademais de 1.400 millóns para investimentos a realizar en 1996.

Para Xavier Toba, concelleiro do BNG, trátase de conseguir un "superavit ficticio durante os próximos tres anos, pero que non só non resolve nada, senón que coloca ao concello no borde do precipicio".

As razóns desta operación deri-

varían da propia situación do Partido Popular. Toba lembra que "hai xustamente un ano o teniente de alcalde Xil Sotres afirmou que o concello non recurriría a máis débeda, pero xa o 19 de Marzo deste ano anunciou que se propoñía agrupar toda a débeda nun crédito de 13.000 millóns". O concelleiro do BNG fai notar que "este cambio de postura produciuse só dúas semanas despois das eleccións xerais do 3 de Marzo. Con aqueles resultados, trasladados a unhas municipais, o PP perdía a alcaldía. Iso provocou unha chamada de alarma. A Xunta está a negarlle todos os investimentos prometidos nas eleccións e os que se asinaron, como o de infraestruturas, non teñen dotación orzamentaria". A dicer de Xavier Toba o PP necesita investimentos rápidos que melloren a súa imaxe antes das autonómicas do próximo ano, "aínda que hipoteque completamente o futuro e incrementemente a conta de gastos". ♦

O PXOU da Coruña será exposto no mes de vacacións

Para o grupo do BNG no concello da Coruña, a decisión de facer a exposición pública do plano no mes de Agosto é "unha bulra á cidadanía" e unha estratexia para evitar a súa difusión pola ausencia de moitos veciños, que non poderán opinar sobre o mesmo. "É un auténtico sarcasmo que, á primeira de cambio, o goberno local da Coruña acollase ao tan criticado por eles mesmos decreto antidemocrático do PP para evitar o coñecemento previo da corporación antes de expoñer o avance do PXOU ao público desprezando olímpicamente a opinión das demais forzas políticas". Desde o grupo nacionalista vense denunciando reiteradamente que o plano da cidade da Coruña respoñta aos "catro grandes promotores que o inspiran". ♦

A Universidade de Vigo formula un contencioso contra San Rosendo

Xa hai dúas semanas que os vicerreitores da Universidade de Vigo desacreditaron á Fundación San Rosendo como responsable dunha residencia que se pretende destinar a estudantes. O concello de Ourense cedeu unha finca á fundación que dirixe Benigno Moure, e que controla a grande parte das empresas da provincia, para construír e xestionar a residencia pero sen acatar os principios que rexen os estatutos da Universidade. Para o reitor Xosé Antón Rodríguez é inadmisíbel que a fundación se desvinculada dos estatutos polo que esa residencia que van construír non será considerada universitária. Ademais anunciou que a Universidade de Vigo plantexará un recuso contencioso-administrativo á Fundación San Rosendo. ♦

Ten recorrida no Supremo unha inhabilitación de nove anos

Isaac Vila prefire indemnizacións diárias a receber un soldo como alcalde de Xinzo

♦ X.C.

A pesar dunha sentenza da Audiencia Provincial de inhabilitación por nove anos, actualmente recorrida no Supremo, o alcalde de Xinzo de Limia, Isaac Vila (PP), segue enguedellándose en debates públicos polos seus ingresos.

A sentenza de inhabilitación, a resultados dunha denuncia do PSOE, declaraba probado que Vila se prevalera do cargo para que as compras de produtos fitosanitarios da Deputación foran encargadas á Droguería Agrí-

cola, de propiedade súa e familiar. Agora, despois dun debate suscitado no Plano Municipal do 27 de Xuño, o primeiro edil da capital da Limia, enfrontase ás denuncias do BNG polo cobro irregular dos seus emolumentos.

O PP aprobou naquel pleno unha indemnización de 10.000 pesetas por cada día de presenza do alcalde no concello, cun máximo de catro días á semana. O BNG opúxose a este procedemento de retribucións e solicitou informe ao Secretario sobre a posíbel ilegalidade deste sistema de ingresos. Isaac

Vila fixo diversas declaracións á prensa comparando as súas percepcións coas de outros alcaldes de Ourense.



O BNG saiu a paso destas declaracións facendo un cálculo comparativo entre as percepcións do alcalde de Allariz, con adicación exclusiva (187.292 pesetas netas) e o diñeiro que cobrará por este método de indemnizacións Isaac Vila: 295.000 pesetas desglosadas en 160.000 por asistencia diaria, 60.000 por asistencia a comisións de goberno semanais e 75.000 por comisións informativas e plenos

que preside na súa toalidade.

Os nacionalistas fan fincapé en que Isaac Vila non adquira a adicación exclusiva "para evitar perder outros postos como os do Inorde ou a Deputación Provincial". Ademais sinalan que a alcaldía de Ourense precisaría a ocupación do alcalde a tempo completo e sinala que en anteriores ocasións tense visto na obriga de devolver ingresos irregulares percebidos cando era Senador, así como o feito de ser o propio Isaac Vila o encargado de certificar a presenza diaria no edificio do concello. ♦

A Nosa Natureza

Dous novos números á venda



A NOSA TERRA infantil




Propón que a Xunta asine convénios con terceiros países para a frota galega

O BNG afirma que desde o Goberno galego pódese mudar a actual situación pesqueira

A Xunta ten capacidade de manobra suficiente, sen sairse do marco estatutario, para facer unha política pesqueira que impida a perda de potencial pesqueiro de Galiza. Esta foi unha das principais conclusións ás que chegou o BNG nunha xornada na que se analisou a situación actual do sector pesqueiro e se concretaron as liñas mestras do programa de goberno que os nacionalistas lle van propoñer, neste eido, á sociedade nas próximas eleccións autonómicas.

O BNG nega que haxa que reducir a frota pesqueira ou que este sector esteña condenado á morte. Pola contra, propón unha política diferente da que até agora se levou desde o goberno autonómico. Segundo o BNG, "a Xunta ten capacidade de manobra dábonda, aínda dentro do Estatuto, para abordar cuestións como a renovación da frota, recuperación dos caladoiros autonómicos, desenvolvemento da investigación e os usos do litoral en pesca ou en marisqueo". Tamén propoñen os nacionalistas chegar a acordos con terceiros países para que poida pescar a nosa frota, como fixo o País Basco coas Azores.

Para Francisco Trigo, deputado do BNG e ponente nestas xornadas, "hai un discurso ideolóxico-político único, uniforme e interesado que nós queremos quebrar". Dentro deste discurso estaría a versión da UE, asumida por case todos, de que hai que reducir a frota. Mais, desde o BNG sinalase que se a pesca so supón o 2% do PIB comunitario na Galiza hai máis de 50.000 empregos directos que dependen do mar. "Fronte aos que din que é necesario reducir os barcos do Grande Sole, nós afirma-



Francisco Trigo, ponente nas Xornadas sobre a Pesca e deputado do BNG.

mos que se pode elevar o número actual. Semella que os peixes non se renovan, pero non hai tal", concluiu Francisco Trigo.

Segundo o deputado en Madrid, Guillermo Vázquez, para modificar a tendencia actual da UE "é necesario presionar tanto desde a Xunta como desde o Goberno central (mais xa pararon as reivindicacións desde que o PP se asentou en Madrid) para que os intereses pesqueiros comunitarios non xiren arredor do eixo franco-alemán, senón que respeten os do Estado español en cuestións como a comercialización, dereitos adequeridos e empresas asentadas en terceiros países".

A pesca do litoral e o marisqueo

O BNG considera que a política pesqueira autonómica debe favorecer que a frota de baixura galega consiga maior valor engadido para a súa produción, cunha mellor comercialización e transformación do peixe. Cree que é necesario definir un plano de usos do litoral

para racionalizar a pesca e a extracción dos distintos produtos.

Criticouse á Xunta pois, pése a ter todas as competencias transferidas para marisqueo, non é capaz de facer un plano de regulación e potenciación acorde co inmenso potencial. O BNG rechazou o *Plano 10*, presentado recentemente pola Xunta, sobre actividades marisqueiras, por considerar que non só se debe ollar cara á calidade, senón que tamén é preciso ter en conta a cantidade, pois existe un déficit de 25.000 toneladas a respecto do consumo actual do mercado español.

Outro dos temas abordados foi o da situación laboral dos traballadores do mar. Os nacionalistas defenden que o Goberno autonómico interveña activamente "para propiciar convénios colectivos para os mariñeiros", demandando mellores salários e condicións de traballo para unhas persoas que son o grande capital da nosa pesca e os artífices principais do seu auxe. ♦

TEMPO SINDICAL

CONSELLARIA DE TRABALLO E AGA II: UNHA NECESIDADE

RAMIRO OUBIÑA

Cando o señor Fraga decidiu que deixase de existir a Consellaría de Traballo, desde a Confederación Intersindical Galega pronunciámonos totalmente en contra, xunto con outros axentes sociais, e facíamolo fundamentalmente por dous puntos básicos: a falla de vontade política de impulsar as relacións laborais en Galiza, e as consecuencias negativas que traería para estas relacións a dispersión en distintas consellerías das competencias en relación co mundo do traballo.

O Goberno Fraga, ao longo do tempo, foi reunindo enormes méritos para facer realidade esas dúas observacións. Isto provocou que xa non fosen só os axentes sociais galegos os que criticaran este feito, senón que os outros estamentos relacionados co mundo do traballo tamén ergueron a súa voz no mesmo sentido. Así, no III Encontro Galego de Relacións Laborais, no que participan ademais das centrais sindicais e empresarias, as Universidades, Xuíces do Social, Inspección de Traballo, representantes da administración periférica do Estado e administración autonómica chégase a conclusión, por unanimidade, de solicitar á Xunta de Galiza que unifique nunha única consellaría todas as matérixs relacionadas co mundo do traba-

llo, pero o Goberno Fraga, unha vez máis, fai gala da súa nula sensibilidade e non atende tal petición.

Diante desta situación, o pleno do Consello Galego de Relacións Laborais decide celebrar unha reunión co Presidente da Xunta, feito acontecido o pasado día cinco de Xullo e na cal se reitera unha vez máis, a necesidade de creación desta consellaría. Nesta xuntanza, ademais, expónselle ao Presidente a necesidade de reformar a lei de creación do Consello Galego de Relacións Laborais, así como o traspaso dos Servizos de Mediación, Arbitraje e Conciliación, elementos básicos para a posta en marcha do que se deu en chamar AGA II.

Este feito, entendemos que viría significar un impulso importante para que, definitivamente, os axentes sociais galegos, retomemos a negociación para rematar este proceso. O tempo dirá, se a Xunta de Galiza é capaz de cumprir os seus compromisos para efectivizar a posta en marcha do *Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos extraxudiciais de solución de conflitos individuais de traballo*. ♦

Ramiro Oubiña Parracho é membro da Comisión Executiva da CIG

Nenos traballadores

MANUEL CAO

Con ocasión da recente Eurocopa de Inglaterra saíu a luz que os balóns de fútbol estaban feitos por rapaces de Pakistán sometidos a un réxime de práctica esclavitude. A utilización de nenos en teórica idade escolar e de prisioneiros para fabricar produtos que logo se irán vender nos mercados dos países ricos con taxas de beneficio astronómicas ten importantes consecuencias. A parte do problema da competencia desleal —o denominado *dumping* social— estamos diante da xeralización pola vía dos feitos duns sistemas de "relacións laborais" que nos retrotraen aos tempos da acumulación orixinaria do capital que Marx analizara no seu momento. Admitir sen máis que os nenos poidan ser explotados é desde o punto de vista económico un grave precedente que se no curto prazo pode dar grandes beneficios e suministrar balóns moi baratos, no médio prazo, empobrecerá a toda a humanidade permitindo unhas prácticas económicas e comerciais que poden inducir unha regresión social e política noutros países.

Non hai moitos anos, en Galiza, boa parte dos nenos deixaban a escola alegando que "había que ir coas vacas", "traer cartos para a casa", etc. Pouco se esperaba da escola e, seguramente, dentro das marxés coas que traballaba a sociedade da época quizais era a solución máis racional. Máis, nesta altura ninguén ousa defender unha volta a tales prácticas. Do mesmo xeito, na sociedade actual cada vez máis internacionalizada e interdependente non se poden permitir tales prácticas coa disculpa de que estamos diante de "asuntos internos" de outros países. Non debe haber mercado para os balóns criados con man de obra esclavizada ou infantil.



JEAN-PIERRE LAFFONT

'A diferenza entre comercio libre e comercio limpo debe ser tida en conta'

Este tema non só ten que ver coa solidariedade política ou social senón coa defensa dos nosos propios intereses egoístas. A diferenza entre comercio libre e comercio limpo debe ser tida en conta para desautorizar e penalizar os intercambios comerciais con países explotadores de man de obra infantil e penitenciaria. De non ser así, moitos países empezarán a sufrirmas súas balanzas de pagamentos e na exportación de capitais as primeiras consecuencias polas que se abren fendas no equilibrio social e no mantemento das cotas de benestar e graos de igualdade propios das sociedades avanzadas. Polo de agora non foi posíbel introducir nos acordos internacionais o concepto de *dumping* social como elemento decisivo para a liberalización comercial que non ten tanto que ver co proteccionismo como coa defensa dun sistema socioeconómico que garanta uns niveis de calidade de vida acordes co desenvolvemento tecnolóxico acadado pola humanidade.

Os últimos datos dispoñíbeis da Organización Internacional do Traballo para 1995 cifran o número de traballadores infantís en 73 millóns. En Asia hai 44'6 millóns, en África 23'6 e en Latinoamérica 5'1 millóns. Os escasos datos para Europa colocan a Portugal en primeiro lugar co 1'76% de traballadores infantís entre 10 e 14 anos, seguido de Albánia co 1'11%, Italia co 0'38% e Hungría co 0'17%. O Convénio 138 da OIT que proíbe o traballo en idade de escolarización obrigatoria, ou en todo caso até os 15 anos, só foi ratificado por 49 países, nengún deles asiático. ♦



A. PANARO

CCOO e UGT concentráronse en Madrid

Dous mil delegados da CIG deron en Santiago a primeira resposta ás privatizacións

Tras as lendas *Oporse ás privatizacións é defender Galiza e Non ao despido libre e ao recorte das prestacións sociais* algo máis de dous mil delegados da Confederación Intersindical Galega manifestáronse o pasado Martes día 9 en Santiago, na que constituíu a primeira resposta ao proxecto privatizador do PP. Ao día seguinte, mil delegados galegos de CCOO e UGT viaxaron a Madrid para participar nunha concentración de carácter estatal. Rodrigo Rato respostou que o plan mantense, aínda que se fará de forma "transparente".



A. PANARO

A resposta máis paradóxica a unha proposta sindical ofreceuna o ministro de Traballo Javier Arenas quen sinalou que "unha folga xeral posibelmente non conte co apoio da opinión pública". Fontes sindicais non tardaron en responderlle. "Arenas — sinalaron — demostrou que para el a opinión pública non é a xente, senón a opinión dos seus medios de comunicación".

Galiza foi a primeira comunidade en responder ao proxecto privatizador do goberno. Non por casualidade o peso da industria pública no seu PIB e catro puntos máis alto que no resto do Estado. A CIG convocou en solitario esta manifestación, conseguindo reunir a máis de dous mil delegados. O acto, que se iniciou na Alameda compostelana e rematou nas Praterias, tivo eco nos corredores de San Caetano desde onde se ollou con preocupación a capacidade mobilizadora da central nacionalista. O silencio dalgúns medios non foi de indiferencia. A Televisión pública galega pasou por alto a manifestación, aínda que emitiu co carácter de noticia principal os actos convocados polas centrais estatais na capital de España. No PP galego preocupa a resposta que as medidas gubernamentais poden xerar en Galiza, como o propio Fraga puxo de manifesto nun pleno parlamentario de hai dúas semanas.

Aínda que desde as tres centrais máis representativas de Galiza se fai referencia a unidade de acción, a CIG parece ter máis clara a súa vontade mobilizadora. Aínda que CCOO e UGT non des-

cartan a protesta pública, en Madrid, Antonio Gutierrez e Candido Méndez consideran que "o momento é histórico para facer pactos, dado que o PP non conta con maioría absoluta e podería estar disposto a ceder máis". Un dos impedimentos a esta política estaría nas presións contrarias que exerce o PSOE sobre a central socialista. O partido de Felipe González non se opón ás privatizacións pero ve con bos ollos unha oposición sindical matizada que desgaste aos conservadores.

Caixa Galicia non fará como Caixa Catalunya

O director xeral de *Caixa Galicia*, Xosé Luís Méndez asegurou o pasado Luns día 8 que a súa entidade non ten decidido participar nas privatizacións. "É algo que nen sequera nos planteamos", indicou. Méndez destacou que "non é misión da Caixa" entrar na compra de empresas públicas.

Méndez negase así a emular a actitude das caixas catalanas, pésie a que a caixa galega ten un superavit de capital, exportando a outras comunidades máis da metade do aforro que recolle en Galiza. ♦

Peso de Galiza no conxunto do Estado español (en %)		
	1983	1995
Produto Interior Bruto	6,4	5,6
Poboación	7,3	6,9
Ocupados	9,8	7,5
Asalariados	6,2	5,8
Ocupados na industria	6,4	5,5

Fonte: CIG

Povisa contrata traballadores para substituír aos feridos

Os donos do hospital privado *Povisa* de Vigo víronse obrigados a contratar a novo persoal debido ás numerosas baixas provocadas pola violenta carga policial realizada dentro das propias instalacións o pasado día 18. Entre os 32 feridos, algúns de certa gravidade, encontrábanse dúas persoas de visita no hospital. O *Sergas* mantén un convenio con *Povisa* por valor de 4.300 millóns. ♦

Manifestación dos traballadores de Alcatel

Os traballadores da factoría que a multinacional francesa *Alcatel* ten en *Arteixo* manifestáronse o pasado Martes día 9 co lema: "nen un só despido". A empresa preve desfacerse de 179 postos de traballo. A Xunta presentou un novo plano industrial que será negociado o próximo Venres e que contempla o despido de 45 traballadores. Este plan contaría coa participación da propia *Alcatel*, unha nova empresa formada por ex-directivos da anterior, *Sodiga*, *Intelsis* (Televes) e a propia Xunta. ♦



Xosé Antonio Orza

"O paro é importante", segundo Orza

O Conselleiro de Economía, Xosé Antonio Orza, emulou o pasado día 9 ao famoso italiano Pero Grullo, ao afirmar que "o paro é un problema importante para Galiza". A súa intervención tivo lugar nun curso titulado *Temas actuais da economía española*, organizado pola Fundación FIES da Coruña. Orza tamén sinalou que "estamos crecendo, pero non criamos o suficiente emprego" e que "a perda de peso do sector primario na estrutura produtiva ten parte da culpa". O Conselleiro de Economía recoñeceu ademais que "Galiza aínda está lonxe da converxencia real con Europa". ♦



Xornadas das rádios piratas nunha casa rehabilitada Na procura de espazos libres para okupar

► A. ESTÉVEZ

As xornadas organizadas en Vigo pola *Asemblea de Okupas* e as rádios libres na fin de semana do 6 e 7 de Xullo, puxeron de manifesto a coincidencia destes movementos sociais. A marxe da legalidade pero inmersos nunha sociedade a transformar, ambos colectivos queren que lles permitan facer o seu labor sen intromisións, sen dirixismos. Seis deles foron xulgados o Martes 6 por resistirse ao desaloxo do Centro Social Ruela de Vigo hai ano e medio.

Música, teatro e debates querían reivindicar a posibilidade de xestionar un instrumento de comunicación pero tamén de estender esa capacidade a outras áreas. O cenário das *Xornadas pola Liberdade de Expresión* foi unha casa recentemente ocupada en Vigo por persoas que foron desalojadas do Centro Social Ruela de Nuñez o pasado ano. Rádios libres e ocupación non están relacionadas por ser a casa cenário das *Xornadas*. Precisamente un dos puntos que se debatía era a integración das rádios nos movementos sociais como o da ocupación. Ademais a Rádio Piratona, de Vigo, estivo instalada no Centro Social até que foi desalojada co obrigado traslado dos aparellos a outro lugar. Atopáronno con dificultades e continúan emitindo xa cunha programación estábel. Pola súa parte, as persoas que vivían no Centro atoparon outra vivenda valeira. E é que non resulta difícil, segundo explican. "En Vigo, dun parque de cen mil vivendas, catorce mil están desocupadas", comenta Oscar, un dos acusados de coacción no xuízo.

O Centro Social da Ruela foi ocupado o 3 de Outubro de 1993 e, ademais de acoller á emisora de rádio, serveu como local de numerosas actividades: bar, biblioteca, obradoiros, distribución de material alternativo, charlas, concertos etc. "Era a mostra de que a ocupación non é unha iniciativa para paliar unha necesi-

dade individual de vivenda, senón que é un movemento que como primeira meta propon que se abra un debate sobre o problema da vivenda" di Oscar, que lembra que no Estado hai unha porcentaxe de casas desocupadas dun 15%, das cales a maioría son segundas vivendas. Sinala tamen que os salários non se corresponden cos prezos das vivendas, cuxa media supera os vinte millóns. "Se a un obreiro especializado antes lle custaba dous anos mercar un piso, agora cóstalle doce. A política de promoción pública no Estado só se destina o 0'5% do PIB", engade.

Unha morea de escombros

O carácter provisional e clandestino tanto dos *okupas* como dos membros das emisoras crea lazos de apoio entre xentes que dependen, moitas veces, dunha orde do xulgado e da chegada dunha patrulla de policía. Estiveron xuntos o día no que eran xulgados as seis persoas que o día 25 de Xaneiro do pasado ano subíronse ao tellado resistíndose a marchar dunha casa que transformarían nun centro social durante ano e medio. Permaneceran tres horas no tellado até que os baixaran. "Neste caso hai un balteiro legal e nos acusaron de coacción. Co novo Código Penal, xa se condeá a ocupación e non só en relación á vivenda, senon en concentracións en sedes de partidos ou de institucións", di Oscar ♦



Bolsas Erasmus de quita e pon

O programa Erasmus de bolsas de estudos é outorgado pola Comunidade Europea ás universidades e consiste fundamentalmente en que os alumnos podan matricularse nunha facultade europea nun período de tempo que vai desde tres meses até seis. Cristina Braña, aluna da facultade de tradución da Universidade de Vigo queixase da falla de rigor á hora de outorgalas. Xunto con outros compañeiros foron afectados por "arbitrariedades" que mesmo foron recoñecidas pola coordenadora destas bolsas.

Os requisitos para acceder a estas bolsas son ter aprobado o primeiro curso da carreira, as notas e o nivel de lingua estranxeira, que no caso de Cristina era o alemán. "Saíron as prazas, recollimos as solicitudes e tiñamos que agardar quince días. Despois, apareceron máis prazas pero non houbo unha segunda convocatória e empezaron os problemas para os que queríamos entrar nesa segunda tanda. O sistema era ir ao des-

pacho da profesora encargada e preguntar *queda algunha praza libre?*. As prazas íanse asinando sobre a marcha, prometíanse e desprometíanse continuamente", comenta a estudante.

Ela máis unha compañeira tiñan dúas prazas asignadas para Alemaña pero comezaron a poñerlle o pretexto de que non tiñan un bon nivel nese idioma. "En realidade, o que lles importaba era que non tiveramos acudido a clase coa frecuencia doutros compañeiros porque o que necesitan é que durante todo o curso lle pidas o favor da bolsa", comenta. Cristina Braña pediu que lle fixeran unha proba de alemán porque sinala que sabe tanto como os seus compañeiros. "Non ma fixeron pero o que máis me molestou é que a coordenadora das bolsas dixome que eu non era quen de representar a Universidade de Vigo e que estas bolsas eran de élite", di e non pode evitar a ironía xa que as bolsas do programa Erasmus só cobren a diferenza entre as moedas de ambos estados. Case nunca chegan ás vinte mil pesetas mensuais. Cristina Braña puxo o seu caso en coñecemento na Oficina de Relacións Internacionais e levou unha protesta ao reiterado a través da Delegación de Alunos.

"A min xa se me pasou a decepción, que foi moi grande porque me colleu no medio dos exames de Xuño. O peor é que ao non ter criterios fixos, os alumnos que suspenderon o alemán agora e tiñan a bolsa asignada, están obrigados a renunciar a ela. A maioría xa tiñan aloxamento no destino e máis de un xa se metera nun crédito para poder pasar eses meses fora. E hai outro aspecto relacionado con este e é que recoñeceron que ofertaran máis bolsas das que se podían pagar", comenta Cristina. ♦

PUCHEIRO

O medo púdolles máis que a confianza en Indurain

Olano, Escartín, Garméndia, Ginés... Ian chegando todos á meta menos Indurain. Todos os comentários de todas as cadeas de rádio españolas, da TVE, ao día seguinte, dos xornais, laíábanse da lareca do corredor do Banesto. As facianas dos xornalistas, dos expertos, dos enviados especiais, evidenciaban un salouco interno. Por que tanta dor e ao mesmo tempo tan seguros nos seus comentários de que Indurain aínda era quen (é quen) de gañar o Tour? Será pola súa persoalidade, pola bonomía, polo sexto Tour, polo patriotismo...? Por que será, será...? Será cousa do diñeiro. Hoxe a propaganda publicitaria do ciclismo español móvese, nun 70% ao carón de Miguel Indurain. É el o grande activo publicitario que levanta a conta de resultados daquelas carreiras nas que participa. Lémbrense da teimosía dos organizadores da *Vuelta* para que corra nela. Ou da TVG que non retransmitiu o *Giro* até o final ao considerar que non era rendíbel porque non estaba Indurain. Pensen nos anúncios dos xornais que protagoniza o navarro. E nos *spot* de televisión. Das promocións dos bancos e dos xornais. Das empresas que venden recordos... Toda a grande montaxe empresarial púdoose vir abaixo a tan só tres quilómetros de Les Arcs. O medo ás perdas millonarias púdolles máis que a confianza en Indurain. ♦

Sanidade cobra 249.900 pesetas por analizar a auga e Agricultura 2.040

A consellaría de Sanidade cobra polos mesmos análises que Agricultura unha cantidade moito maior. A denuncia foi feita por Emilio López, o deputado nacionalista, que non sen facer uso da ironía, fixo públicos eses prezos. Por exemplo, Agricultura cobra 2.040 pesetas por unha análise de potabilidade de auga mentres que a mínima de Sanidade é de 5.250 e a completa 249.900. A determinación do degrau alcohólico do viño custa 400 pesetas en Agricultura e 1.275 pesetas en Sanidade. Hai outras tarifas dispares entre as dúas consellarías o que fai suxerir ao deputado do BNG na posibilidade de instalar unha "fiestriña única". ♦

Palestinos organizan bodas civís para os xudeus que fuxen do dogmatismo

Os palestinos ofrecen a posibilidade de celebrar bodas civís nas zonas autónomas de Gaza e Xericó aos israelís que, opostos ao matrimonio relixioso, adoitan viaxar a Chipre para casar, fuxindo da intransixencia relixiosa do seu país. A iniciativa que conta coa aprobación de varias institucións e entidades laicas israelís, entre elas o Centro de Pluralismo Xudeo, está a ter unha boa aceptación entre a mocidade de Israel, xa que resulta moito máis económica que o desprazamento a Chipre. O dereito de "familia e casamento" está en Israel baixo a xurisdición dos tribunais rabínicos, controlados polo sector ortodoxo. Os partidos deste sector acadaron 23 dos 120 escaños do parlamento xudeu nas eleccións do pasado 29 de Maio e forman parte do goberno de coalición de Netanyahu, polo que as normativas sobre matrimonios poderían ser aínda máis estritas a curto prazo. ♦

A prostitución infantil move en Itália 10.000 millóns de dolares en tres anos

Entre 1992 e 1995 a prostitución infantil aumentou en Itália nun 72%. Un estudio da patronal italiana do comercio *Confcomercio* indica que neses tres anos a explotación sexual de menores tivo un "volumen de negocios" de 10.000 millóns de dolares (aproximadamente 1'2 billóns de pesetas). O mesmo informe sinala que son as máfias italiana, rusa, xaponesa e albanesa as que controlan o negocio e que fan chegar a Itália a un número cada vez maior de nenos e nenas procedentes dos países de Leste, América do Sul e o sudeste asiático, convertindo a Itália na máis perigosa competidora de Thailandia en canto a prostitución infantil. ♦

O BNG pede que estas reunións servan para lograr unha negociación

O Pacto de Madrid acepta que sexa en Euskadi onde se debatan as saídas á violencia

♦ A. EIRÉ

A reunión do Pacto de Madrid celebrada o 10 de Xuño tivo un carácter claramente informativo. O Ministro do Interior, Mayor Oreja, limitouse a relatar a situación policial. Semella que os documentos asinados cando a constitución quedaron agora sen valor e procurarán novas vías. Nesta reunión, a primeira á que asistía o BNG, o seu representante, Francisco Rodríguez, avogou porque o Goberno do Estado "aceite todo tipo de fórmulas xurídico-políticas que favorezan a manifestación da vontade maioritaria das nacións e povos que o integran no exercicio dos dereitos democráticos, incluído o dereito de autodeterminación".

Trasmitir a sensación de unidade na política anti-terrorista era a idea principal pola que o Goberno convocaba a reunión do Pacto de Madrid. Unha xuntanza informativa na que o Ministro Mayor Oreja se limitou a expoñer unha serie de medidas policiais para combater a ETA. A exposición do Ministro estaba moi en consonancia co suscrito no Pacto cando a súa constitución, encamiñado sobre todo a unha represión policial rexeitando calquer medida política ou xurídica.

Os novos ventos políticos semellan deixar obsoletos aqueles documentos. Até tal punto que o BNG, o único partido presente que non os asinou, tampouco foi convidado xa a facelo. As declaracións dos distintos voceiros despois da reunión alumean por onde pode ir agora a dinámica antiterrorista. En primeiro lugar, e pesie ás reticencias do PSOE antes da reunión a falar de negociación (asumindo o papel que antes facía o PP), os distintos partidos remitíronse á reunión do Pacto de Ajouria Enea, celebrado en Gasteiz a semana pasada. Despois da xuntanza de Euskadi afirmábase claramente que o diálogo con ETA era unha saída válida pesie a que a organización armada vasca finalizase a trégua e comezase xa os atentados. Tamén se validaba a política de achegamento dos presos etarras ás prisións perto de Euskadi.

Agora a sensación que deu a reunión de Madrid, con manifestacións máis ou menos explícitas nas declaracións posteriores, é que a tendencia dos diferentes partidos pasa por aceptar que sexa en Euskadi onde se debatan politicamente as saídas á violencia que sofre aquela nación. Esta foi a dinámica que sempre tentou imprimirlle o PNV e, agora, a correlación de forzas (pactos PP-PNV e presenza de IU en Euskadi) permite vaciar de contido o Pacto de Madrid, propiciado cando a dinámica política vasca era diferente. Pense deste xeito en consonancia co aprobado en Gasteiz dándolle preponderancia ás forzas políticas en Euskadi.



Mayor Oreja recoñece implicitamente que o carácter policial do Pacto de Madrid quedou superado.

Presencia do BNG

O BNG afirma que "estas reunións só se poderán xustificar se están guiadas por unha vontade de contribuir a solucionar conto antes, de forma pacífica e dialogada, un problema que está a acarrear gravísimos sufrimentos". Foi esta a primeira ocasión na que estiveron presentes os nacionalistas galegos despois de ter conseguido dúas actas de Deputado nos últimos comicios, pois o BNG nen foi fundador nen asinante destes acordos. O seu representante, Francisco Rodríguez, defendeu na reunión que "a problemática política de Euskadi non se pode reducir a unha cuestión estritamente policial, por máis que tamén nós partamos dun rexeitamento total do terrorismo".

Segundo o BNG, é á sociedade vasca, aos seus partidos políticos e ás súas institucións de goberno a quen lle corresponde "procurar unha saída á conflitiva situación que vive Euskadi". A posición que debería manter o goberno do Estado sería a de "favorecer unha saída negociada". Esta saída será apoiada polo BNG, "asi como todas aquelas posición que favorezan o diálogo entre as partes enfrontadas, sempre sen inxerencia aos asuntos internos de Euskadi", como lle corresponde a unha organización nacionalista que reclama o dereito á soberanía de cada nación.

O BNG tentará contribuir a que o Goberno do Estado aceite "todo tipo de fórmulas xurídico-políticas que favorezan a manifestación da vontade maioritaria das nacións e povos que o integran no exercicio dos dereitos democráticos, incluído o dereito de autodeterminación".

Esquerra Republicana de Catalunya, pola súa banda, abandonou a reunión. O motivo foi a negativa a que se discutise nela o dereito de autodeterminación. Tanto o ministro Mayor Oreja, como Txiqui Bengas, expuxeron que non era procedente mudar a orde do día da reunión, pero que cando Pilar Rahola estivese

no seu turno de palabra podía expoñer a necesidade desta discusión. Se a maioría consideraba logo esta necesidade, o asunto iría incluído na orde do día da próxima xuntanza. Tampouco asistiu EA, que abandonou o ano pasado o Pacto polas posturas que viña mantendo o PP na loita antiterrorista.

O clima en Euskadi

En Euskadi a situación que se vive a respeito dunha posíbel saída negociada é de resignación o que non quer dicir inmovilismo. Sábese que estas reunións só son válidas para tentar influir na opinión pública, mais que non teñen unha virtualidade práctica. Tanto no abertzalismo como no Pacto semella existir a conciencia de que as negociacións políticas que se dan nos distintos conflitos mundiais obedecen a unha dinámica político-económica da que Euskadi non ten porque quedar illada. O debate nos dous bandos está en como enfocar as negociacións desde un punto de partida favorábel.

Desde o MLNV considérase que

unhas discusións nas que se fagan públicos os acordos que se vaian acadando, non só axudarán a aglutinar á súa base social, senón que os distintos pasos que se dean serán logros "conseguidos ao inimigo, chanzos que se van conquistando e que será moi difícil que se perdan", en palabras dun dirixente de HB. A táctica da conquista paso a paso, sen abandonar a posición de forza, é a que parece soste a maioría da dirección de ETA.

Pola súa banda, o PNV pretende unha negociación secreta. Así o vultou a manifestar Xavier Arzallus a pasada semana. Afirma que esta é a única fórmula que pode conducir ao fin da violencia. Desde o PSOE, nembargantes, argumentan a necesidade dunha trégua de ETA, non tanto polo seu significado ante a opinión pública, senón porque creen que o MNLV iría perdendo peso nas súas bases se remite a dinámica mobilizadora. Esta posición tamén é mantida por algúns dirixentes do PNV. Sexa como for, todos afirman que aínda non chegou a hora de que se albisque un final para o conflito. ♦

B. LAXE

A guerra ideolóxica entre limpos e suxos

No PSOE xa remataron as disputas entre guerristas e renovadores. Agora a puxa polo control partidario está entre limpos e suxos. Entre os membros do aparato que asumiron traballos de financiación partidaria e os cárgos que unicamente tiveron funcións representativas. Pero na disputa tamén subxace o posicionamento ideolóxico. Os primeiros pretenden unha oposición máis decidida á política social do PP, mentres que a maioría dos ex cárgos gubernamentais e institucionais, con compromisos coa patronal trasnacional e a socialdemocracia alemá, tratan de ralentizar as críticas ao Goberno Aznar para que este poda levar a bó termo as privatizacións emprendidas polos socialistas. González está de vacacións. As disputas internas e os escándalos que, un a un van saltando como ras en charca lamacentas, deixan ao PP nunha inmejorable posición para levar adiante a súa política antisocial, cuns sindicatos estatais paralisadas desde a chegada do novo gabinete á Moncloa e agardan, facendo estudos, a cobrar as axudas estipuladas. A maioría dos medios de comunicación teñen uns empresarios directamente beneficiarios das privatizacións. Mentres tanto, o PP trata de gañarse o favor da opinión pública ensaiando negociacións con ETA e co GRAPO. ♦

Plataforma en contra do proceso privatizador de Romai Beccaria

O motivo da constitución da Plataforma de Defensa da Sanidade Pública, que xa funcionou en 1991, é, segundo os seus membros, a agresión ao dereito á atención sanitaria dos cidadáns. Na plataforma están integrados os sindicatos CCOO e UGT, as asociacións de veciños, as de pais de alumnos, as de consumidores e a Federación de Asociacións de Defensa da Sanidade Pública. As centrais sindicais sinalan que a agresión está comprobada polo decreto-lei que abre as portas a xestión privada da sanidade pública que vai provocar que grande parte dos orzamentos sanitarios vaian parar a mans privadas. Ademais, CCOO e UGT sinalan que o Ministerio que dirixe Xosé Manuel Romai Beccaria está tomando medidas sen consenso e sen buscar o diálogo. ♦

Guillermo Vázquez pregunta polo pago da supertaxa

O deputado do BNG Guillermo Vázquez sinalou no Congreso que a cantidade de produción de leite asignada para o Estado español é insuficiente para abastecer o consumo interno e está freando ao sector leiteiro, especialmente a Galiza, unha das comunidades con maior posibilidades de desenvolvemento na produción. Vázquez sinala que, a piques de pechar o cómputo de produción da campaña 1994-95 repítese a situación de todos os anos na que se advirte aos gandeiros que poden pagar multas por sobrepasar a cota. Por esta razón, pediu ao Goberno que remate cos datos definitivos e indique se se sobrapasa ou non a cota e cales son as comunidades autónomas nas que se incrementa a produción así como quen vai pagar as multas da supertaxa. ♦

O ultradereitista cubano Mas Canosa entra en España pola porta grande

Co anterior goberno do PSOE, Jorge Mas Canosa tivera relacións nunca publicitadas pola súa condición de líder da oposición a Fidel Castro e a súa influencia en relacións comerciais pero agora Abel Matutes, ministro de Exteriores, convidou a unha visita oficial que inicia o Xoves 11 de Xullo. Este encontro prodúcese despois de que o líder da ultradereita de Miami estivera presente no congreso do PP e de que Aznar fora unha peza chave na venda que Telefónica lle fixo da súa filial Sintel. Mas Canosa é un dos impulsores da Lei Helms Burton. ♦



Mas Canosa.



M. VEIGA

Garbey e Casamayor

Ramón Garbey, de 25 anos, triple campeón mundial de boxeo, e Joel Casamayor, de 24, campeón olímpico en Barcelona, decidiron abandonar Cuba. A axencia Associated Press difundiu unha foto de ambos atoquillados coa bandeira norteamericana. A Garbey atribúeselle esta frase: "Eu non quero boxear máis para Cuba, nén para Fidel Castro. Quero boxear para min".

A noticia, tal como está Cuba hoxe, non é que Garbey ou Casamayor se marchen, senón que moitos outros se queden. Tantos como para que Cuba aínda aspire as medallas de boxeo en Atlanta e se mantéña forte no béisbol ou no atletismo.

O dilema do ser humano, que situa nun plato da balanza o ideal e no outro o propio beneficio, sempre existiu e, segundo as circunstancias, abala para un ou outro lado. O sorprendente non provén da obviedade desta oscilación do carácter —amplamente retratada por certo na literatura universal: véxanse Cervantes ou Shakespeare— senón da forma tan insistente que os medios de comunicación e o capitalismo teñen de aplaudir e fomentar o peso do platiño do egoísmo. Margaret Thatcher expresou, con notábel capacidade de síntese, o fondo deste pensamento filosófico: "a sociedade non existe". ♦

Os mortos

sen dereitos humanos

Oitenta nenos peruanos morreron no último mes como consecuencia da onda de frío que afectou a varias zonas do país.

Na serra Tarahumara, no norte de México, 77 nenos indíxenas rarámuris morreron por desnutrición nos catro primeiros meses do ano.

Máis de 150.000 nenos indixentes morreron en Guatemala dende 1991 polas condicións infrahumanas nas que naceron e se criaron.

580.000 mulleres morren cada ano nos países pobres por causas vencelladas ao embarazo e ao parto.

Cada día morren no mundo 34.000 nenos por falta de vacinas. ♦

A policía turca detén a

70 dirixentes dun

partido kurdo moderado

A persecución turca contra os kurdos experimentou un notábel recrudescemento coa detención de 70 dirixentes do Partido Democrático Popular (HADEP) acusados de arriar a bandeira de Turquía pendurada no interior do local onde o partido celebraba o seu Congreso. A policía turca irrompeu no edificio e arrestou inicialmente aos máximos dirixentes. As detencións sucedéronse nos días posteriores, así como o rexistro das sedes do partido. Outros tres líderes foron secuestrados e asasinados por descoñecidos.

O HADEP, de carácter moderado, está legalizado e ate o momento o Goberno de Ankara non tiña emprendido accións masivas na súa contra, cifrando os seus obxectivos nos militantes do clandestino Partido dos Traballadores do Kurdistan (PKK) e nas aldeas kurdas da rexión da Anatolia, onde segundo as autoridades de Turquía están as bases da guerrilla independentista. ♦

Marrocos nega-se

a dialogar co Polisario

O goberno marroquí rexeitou as propostas internacionais para o establecemento dun diálogo coa Frente Polisaria tras a decisión da ONU, o pasado mes de Maio, de suspender o proceso para a celebración do referendo no Sahara Occidental.

Estados Unidos e España, aliados de Rabat, tentaron convencer ao Executivo de Marrocos para que se sente a negociar co Polisario unha solución aos problemas derivados da elaboración do censo ao que o goberno marroquí se negou coa tallante afirmación de que "nunca dialogaremos sobre a base da separación". ♦

XII FESTIVAL INTERNACIONAL DO



MUNDO CELTA



ORTIGUEIRA

13 - 21 DE XULLO 1996



GOBERNACIÓN DE GALIÇA



A.F.F. 96



Un cartel en chinés -lingua que usa a poboación- exposto nunha rua da Macau, onde a lingua oficial é a portuguesa. Abaixo, aspecto dun dos numerosos clubs nocturnos onde prolifera a prostitución. ANTONIO PEDRO FERREIRA

A colónia portuguesa volverá a mans chinesas en 1999

Macau, Las Vegas de Oriente

FRANCISCO BÁRCIA

Macau, a colónia portuguesa que será administrada polo Goberno chinés a partir do 20 de Decembro de 1999, está a mudar as súas estruturas económicas. Dos teares tradicionais, este pequeno territorio, pasou a ver froecer, un importante sector do xogo, a prostitución e o turismo de luxo.



Cunha superficie de apenas dezanove quilómetros cadrados e unha poboación de 424 mil habitantes, caracterizou-se durante séculos polos seus importantes establecementos téxtis, ademais de ser considerado como a "porta" occidental ao xigante chinés.

Os últimos anos da Administración portuguesa, despois de máis de catro séculos e meio de dominio, están a caracterizar-se polo desenvolvemento do sector terciario, cun salientábel aumento do turismo, que xa representa o 43% do Produto Interno Bruto (PIB). O ano pasado, máis de oito millóns de turistas visitaron este territorio composto por unha península ligada ás illas de Taipa e Coloane por unha ponte.

Os visitantes, procedentes nomeadamente de Hong Kong, China, Corea do Sul e o Xapón, non acoden á procura de praias ou museos. Buscan as sás de xogos inzadas por todo Macau (hai sete casinos que abren as vintecatro horas do día) e que están a converter a colónia portuguesa nunha especie de Las Vegas ou Montecarlo de Oriente. Este turismo, de luva branca, trae consigo o desenvolvemento dunha industria paralela: a prostitución, un fenómeno que ten medrado espectacularmente nos últimos anos.

O turista que acode a Macau presenta un perfil común: trata-

dounidense, aproximadamente).

Macau, na súa acelerada mudanza, ten mellorado a súa rede de infraestruturas. A inauguración, o pasado mes de Novembro, do aeroporto internacional fai posíbel que Macau tire de enriba a súa dependencia secular de Hong Kong, situada a 65 quilómetros e ligada por helicóptero e ferry.

O Goberno chinés, nun vasto plano de autoestradas, quer conectar Macau, Hong Kong e a rexión de Cantón, no que cualifica como o "triángulo económico da foz do Rio das Pérolas", o tubo de ensaio da dual política de "Un país, dous sistemas".

se dunha persoa de alto nivel adquisitivo (a colónia está encravada na zona de maior crecemento económico do mundo) e que, en estadias curtas, procura ocio na súa escapada a esta cidade.

Os ingresos dos casinos, un segredo que poucos coñecen, estiman-se en miles de millóns de patacas, a moeda local. (Oito patacas equivalen a un dólar esta-

A poboación non fala portugués

O paso do tempo deixou en Macau a pegada da dominación portuguesa. Son moitas as construcións que fan lembrar as ruas de Lisboa, Coimbra ou Leiria. A influencia da Igrexa católica, en claro retroceso, e aspectos como a gastronomía ou incluso a industria téxtil, tan importante na metrópole, contribúen a criar unha pequena burbulla portuguesa en pleno Oriente.

Así e todo, o idioma portugués esmorece, ancorado no simple ámbito administrativo. O 98% da poboación de Macau fala chinés, na súa variante cantonesa, segundo os datos do propio Goberno colonial de Macau.

A declaración conxunta asinada en 1987 entre Lisboa e Pekín, pola cal este territorio volverá a mans chinesas, establece que Macau manterá durante cincuenta anos o mesmo tipo de sociedade e de economía capitalista, e garante ademais a cooficialidade do portugués.

No aspecto étnico, esta colónia presenta unha curiosa mestura de povos. Ademais da maioritaria poboación de orixe chinesa, destacan as comunidades portuguesa, tailandesa e filipina. A lingua portuguesa limita o xentilicio *macaense* aos descendentes de pais portugueses e chineses. É por isto que non toda a xente de Macau é macaense, mais si aqueles que mesturaron o sangue dos colonizadores e os colonizados.

PODERES MUNDIAIS, PROBLEMAS LOCAIS

B.C.

Traballadores ilegais substitúen aos palestinos en Israel

O número de obreiros ilegais en Israel pasou en só dous anos de 10.000 a un cuarto de millón segundo fontes oficiais de Xerusalem. A maioría destes traballadores, chegados de Europa do Leste, África e Extremo Oriente, substitúen a dúcias de milleiros de obreiros palestinos, actualmente desemregados.

Os contínuos peches de fronteiras entre Israel e os territorios autónomos, que impedian aos traballadores palestinos desprazarse ate os seus postos de traballo, e tamén as represálias dos empresarios xudeos contrários ao proceso de paz, propiciaron este cambio na man de obra nas empresas israelís. A situación non é totalmente do agrado das autoridades xudeas. Un informe da policía lamenta a substitución de obreiros palestinos polos de outras nacionalidades. As razóns polas que a policía encontra negativo o cambio son, entre outras, que os palestinos estaban máis familiarizados e eran máis respectuosos cos costumes xudeos, o aumento da violencia entre as comunidades de inmigrantes ilegais e o fenómeno da "caza de cans e gatos" que realízan os emigrantes, sobre todo os asiáticos, para come-los.

Os paracaidistas ingleses regresan a Irlanda do Norte

O II Batallón do reximento de paracaidistas das Forzas Armadas británicas regresará a Irlanda do Norte tras o verán. O batallón, un dos símbolos máis odiados da dominación británica pola súa actuación no "Domingo Negro", retirara-se do Ulster en Setembro do ano pasado como parte das medidas de confianza adoptadas polo Goberno británico após da proclamación do cesamento do fogo do IRA.

Londres xustifica a decisión de envía-lo de novo a Irlanda do Norte pola incerteza ante un novo estourido de violencia despois de que o IRA rompe-se a tregua. A medida foi criticada mesmo polo Partido Laborista que considera que reflecte unha "grande insensibilidade cara a comunidade católica".



Traballadores polacos confesándose en público (1980). ALAIN KELER

O Sindicato Solidariedade define-se como organización católica

Ainda que os seus vencellos co Vaticano foron sempre evidentes, o sindicato polaco *Solidariedade* decidiu deixar constancia escrita do seu catolicismo e no seu VIII congreso, celebrado a pasada semana en Varsóvia, introduciu nos seus estatutos a obrigatoriedade de guiar as súas actividades e programas pola doutrina social e moral da Igrexa Católica.

A prensa polaca salienta que dise xeito *Solidariedade* define-se na práctica como unha organización católica, o que suporá a marxinação no seu seo de quen non pertenza a esa relixión. De feito, o líder do sindicato no sector da auto-moción, Zygmunt Wrzodak, esixiu a retirada dos xudeos da dirección de *Solidariedade* como primeiro paso para acabar coa súa influencia en Polonia.

Solidariedade, que decidiu tamén presentar-se como candidatura nas próximas eleccións xerais, trata de se converter na principal forza de unha coalición de dereitas, aspiración que é rexeitada polo Movemento de Reconstrución de Polonia (ROP), que dirixe o ex primeiro ministro Jan Olszewski, que ambiciona tamén liderar a dereita polaca.

Segundo as últimas sondaxes ambas forzas poderían conseguir o 30% dos votos, pero os furibundos ataques que se guindan mutuamente fan pouco probabel a chegada a acordo.

Chega ao hospital e pide vez para o especialista de endocrinoloxía. "Non lla podo dar —resposta a enfermeira—. Xa é de tres meses a lista de **espera**. Volva en Outubro a apuntarse". Velaí a "solución Romai" para desconxestionar os hospitais. Non é unha anécdota, senón práctica xeral.

Anúncian un espectacular filme de ciencia ficción. Será a noticia da temporada, coma nos anos vinte *A guerra dos mundos*. Daquela as colas do paro nos Estados Unidos eran de quilómetros, pero a rádio avisaba de que chegaban os marcianos. Agora, cando non hai cartos nen para tomar un café, Hollywood di que o importante é **Urano**.

Na portada de *El Progreso* (Xoves 4 de Xullo) está escrito: "Ameazas sindicais ante posíbeis recortes sociais". Ou seña que o feito de que os sindicatos defendan a seguridade social constitue unha "ameaza". A idea é de Aznar. Non hai que sorprendese dese xeito de deturpar o idioma. Un dos máis importantes estudosos da comunicación, Armand Mattelart, chamoulle a iso "terrorismo lingüístico". *El Progreso* foi tomado polo cacharrismo. Nengunha outra cousa se podía esperar. Pena da

Sobre 'O síndrome de Samos'

Asabaneado pola atención dispensada ao artigo "O síndrome de Samos" e vendo que xa se empeza a manipular descaradamente o que alí se dicía véxome na obriga de respostar e precisar o seguinte:


a) Neste punto, os meus razonamentos non poden coincidir cos da deputada Pilar García porque eu non son feminista. Permítame discrepar, entón, radical pero amablemente das súas posicións.

Permítame o dereito a calificar como "antoloxía do disparate" a súa penosa actuación en Samos

b) Para min o nacionalismo non se pode dividir entre masculino e feminino. É unha opinión compartida por moitos aínda que en voz baixa. Como mínimo non é serio que deputadas do BNG como Pilar García se adiquen a denostar os Concursos de Beleza da Terceira Idade ou atacar a un alcalde rural porque seica fan un cartel que di que "A galega está boa" referida á carne de vaca. Ao nacionalismo non se lle perde nada en batallías dese tipo. Por exemplo, qué lle importa ao nacionalismo galego que un fato de mulleres queira sacarlle as calzas a un tipo cachas nunha noite de farra: nada, absolutamente nada. Por certo, penso que as mulleres galegas nais de familia tamén poden ser deputadas nacionalistas e non sei por qué han de ser todas feministas.

c) Reafirmo, ter un fillo en Samos é un acto revolucionario de fe e aposta polo futuro da nosa terra digno de admiración e apoio e apoio explícito. A análise económica da decisión de non ter fillos, non será do seu gusto, pero é inatacábel. Polo demais, permítame o dereito á crítica pois en democracia os políticos han de soportar as críticas, dar contas e coidar aos eleitores.

d) A familia non poder ser unha institución allea ao nacionalismo. Se hai mulleres gordas, feas, concienciadas, ateas, etc., que



FALO CATALÁN EN PRIVADO, NEGÓCIO COS TERRORISTAS BASCOS, MENOS MAL QUE COS GALEGOS ME DESQUITO

A primeira seguridade social europea criouna Bismark e foi incluída na Constitución xermana de 1919. Dous anos antes triunfara a primeira revolución socialista en Rusia e na propia Alemaña os comunistas estaban próximos a acadar o poder.

din ser nacionalistas tamén pode —e debe— haber moitas outras estilizadas, guapas, sen problemas de conciencia, cristianas, etc., que teñen que ser nacionalistas. Só nos faltaba que o galego se identificase sempre co feo,

agresivo, destrutivo ou negativo.

e) Non me impresiona que se fagan pasar por representantes das "mulleres". Lembren, en democracia as persoas, sexa unha muller, un home ou unha mistura dos dous é un voto. Sabemos o que son os grupos de intereses. Permítame o dereito e o deber de ser compañeiro, amigo ou inimigo de homes, mulleres ou mixtos e permítame o dereito a calificar como "antoloxía do disparate" a súa penosa actuación en Samos. Xustifiquen a súa "acción" pero sen insultar, sen desprezicar, sen argumentos "ad hominem".

permítame o dereito a calificar como "antoloxía do disparate" a súa penosa actuación en Samos d) Na aldea na que nacín queda moi pouca xente. Eu viños morrer pouco a pouco, uns emigraron, outros quedáronse sen descendencia. A vida na aldea é absolutamente comparábel con avantaxa a calqueira bairro normal dunha cidade. Ben entendido, non é normal nen se irá para Samos quen asina como sócio-lingüística e deputada do BNG. Lonxe de min a tentación de

mandarlle aos de Samos tales perseoiras ou, menos aínda, membras do Frente Feminista de Ferrol *María Soinha*. Toda unha Frente desas non lle chega a un dente a calqueira muller da aldea. O deputado Emilio López non ten moita vista para detectar as visións urbanas do rural.

e) Pero vamos a ver: Algúns paisanos de Samos queren ter unha familia e comprobando que alí non hai mulleres e en Galiza non as atopan deciden intentar buscalas no exterior. Iso significa que tales paisanos queren e séntense capacitados para manter muller e fillos (velai o pan baixo do brazo). Como comprenderán o do "pan baixo do brazo" é unha dedución elemental da actuación dos paisanos, non o digo eu, dino eles, que son os que o teñen que dicir. Os datos económicos tamén o avalan. Non pretenderán vostedes teimar en negar a evidencia, a menos que non lle recoñezan ao paisano a capacidade de calcular, decidir e actuar libremente. Ninguén, en nome do nacionalismo galego está autorizado a negarlle aos paisanos o dereito a fundar unha familia.

f) Comprenderán vostedes, lectores de ANT, que cando decidín enviar un artigo como "O síndrome de Samos" buscaba precisamente desatar a polémica. Mira que é difícil facer un artigo no que se lle bote a culpa ás bestas de sempre (UE, FMI, Fraga) dos problemas de Galiza. Pero como dicía Abdul Solveira: estamos en guerra, pero hai que reflexionar. Tamén sabía que "algúns comandos" me atacarían con dureza e desconsideración. Cargar con esta tirria permanente é un problema menor pois, en Galiza, as seguidoras de Dworkin e Mackinnon son menos das que parecen. Sí que botei en falla que, desde o nacionalismo, alguén apoiase ou matizase de xeito máis moderado as cousas que alí se dician. O obxecto principal do artigo non eran as feministas senón chamar a atención sobre o despovoamento da nosa terra e poñer de manifesto que o nacionalismo ten que discutir sobre isto e dar algunha alternativa xa. As eiqui presentadas son as de sempre e non serven e como o problema segue estando aí, insisto, o nacionalismo non pode seguir a "facerse o sueco". Non pretenderán os dous Deputados do BNG que me tomaron como diana preferida quedarse tan anchos e xustificar así o soldo e a confianza que algúns depositamos neles. Polo menos deberían ser máis humildes e non facer como a clase política que padecemos historicamente que en lugar de escoitar aos cidadáns-eleitores e defender os seus intereses só buscaban aumentar as súas cotas de poder. Por iso, aínda que me parece, positivo o feito de que houbera un certo debate este centróuse en atacar e descalificar ao mensaxeiro sen ir ao cerne do problema: o esmorecemento demográfico da nosa terra. ♦

MANUEL CAO FERNANDEZ (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Samil ou o sistema?

O pleno do Concello de Vigo do 3 de Xuño tiña como punto estrela da orde do día, pola repercusión que entre os cidadáns tivera

Restaurante
CASA FANDIÑO
Cociña Tradicional Galega

Rúa Vilanova Nº 1
Teléfonos 44 22 16 - 44 00 02
ALLARIZ

PRODUCTOS CASA

ORDIN DA TERRA


C/ NTRA. SRA. DEL REMEDIO, 47 (JTO. C/ LERIDA) · TEL. 423 88099 · 08004 BARCELONA

O Goberno pede que apretemos o cinto, que opina?



António Díaz
Pensionista

Non sei se o pasaremos mal ou ben, isto xa non hai quen o entenda. Até agora as cousas non foron tan mal, pero agora parece que imos a peor. Se as arcas do Estado están valeiras haberá que ir enchendoas, pero non sei como. Eu creo que hai diferencias no momento de apretarse o cinto. Hai nos que no estómago éntralles de todo. ♦



Manuel Graña
Vidreiro

Diso mellor que non me falen, porque o que ofreceu o Goberno todo está borrado, é auga mollada. Eu xa nacin co cinto apretado, dediqueime toda a vida á escravitude, era dos maus, dos rebeldes. No 41, no 42, até o 49 ou o 50 os que eramos de esquerdas non comemos un mísero pedazo de pan e logo sempre andamos con estreiteces. ♦



Andrés Rodríguez
Xubilado

Que o apreten eles. Xa bastante paró hai e eles, os do Goberno, gañan máis soldo ca nós. Xa sabemos que o país está moi mal, pero quen o pon mal é o Goberno, non o traballador. Din que teremos que contribuir a mellorar as cousas pero non din como, a solución é que eles gañen menos e que lle dean máis traballo á xuventude. ♦



Ana Rodríguez
Ama de casa

Claro que hai que apretalo, pero tamén podían subir as pensións e buscar postos de traballo, que é o máis importante. Estamos cansos de tanto apretar o cinto, que mo digan a min, que son ama de casa que busca traballo. Pero supoño que haberá que recortar daqui e aló, pero que non me pergunten exactamente onde, porque non o sei. ♦



Isabel López
Escaparartista

Penso que estaría ben que apretamos o cinto. Estamos nunha sociedade consumista de máis e a xente podía pensar un pouco en que as cousas están mal e que cómpre aforrar e pensar un pouco no futuro. O que non me parece ben é recortar as pensións. Por outra banda, as empresas están mal e as veces non poden subir os salários. ♦

humillación que sofre o director, Fernando Salgado, con vinte anos de militancia comunista clandestina ás súas costas, tendo que redactar titulares así.

Noticias. Día 3: A bolsa parada á espera de se baixan os tipos de interese nos Estados Unidos. Día 4: Sube a bolsa, influida pola vitoria de Ieltsin que garante a estabilidade en Rúsia. En realidade, desde un principio estaban pendentes do que sucedía en Moscova pero disimulaban por se había chasco.

Unha fabricante de sombreiros de Zimbabwe di en televisión que lle vai ben, pésie a que os créditos no seu país están ao 40%. Nos Estados Unidos son do 3,5%, é dicir que están mesmo por baixo da inflación. Estados Unidos vive dos cartos que depositan alí outros países, como Xapón, que sufragan así a súa débeda. Pero adiviñan onde é máis barato producir, quen pode competir mellor, á vista dos intereses?

De cando en vez aflora un xénio da televisión e di o seguinte: "Temos que aprender moito aínda dos Estados Unidos, a televisión que aquí se fai semella dos anos cincuenta". Está ben iso de modernizarse, pero compriria que os

a campaña de recollida de asinaturas, a cuestión do avance do proxecto de urbanización de Samil, proposta polo Goberno local do PP a instancias dos promotores que esperan obter importantes ganancias ao poñer no mercado (palabra sagrada) ás vivendas. O tema é ben importante pero a cuestión urbanística pasa a segundo plano e deixa o protagonismo á propia definición do Sistema Político no que vivimos.

Porque o PP actuou dentro da legalidade constitucional ao non facer caso nengún das vintetantas mil asinaturas presentadas xa que o Regulamento de participación cidadá considera a estas como necesarias, pero non suficientes, pois son logo os concelleiros (representantes locais dos cidadáns) e aínda tamén os ministros (que emanan de xeito directamente indirecto do Parlamento Español) os que deciden levar a cabo a consulta ou non. Logo non é o Partido Popular senón o propio sistema quen atenta contra a

soberanía popular. E ao PSOE lle pode parecer unha falta de respecto aos vigueses e vaguesas, ou ao BNG unha cacicada, pero a min paréceme a proba de que a democracia representativa non é democrática.

Onde está a participación popular para elixir o Poder Xudicial ou o Xefe do Estado? Quen decidiu a entrada na Unión Europea de Maastrich? Que fai e quen está no Consello de Estado que é segundo o artigo 107 da Constitución o "supremo órgano consultivo do Goberno" e onde chegara o finado Tomás y Valiente? Son un exemplo do pouco que podemos decidir.

Os que pretendemos unha Galiza con democracia real sabemos

que esta, burguesa e española, só serve para manter a nosa dependencia como Nación, a nosa explotación como traballadores e a nosa alienación como seres humanos. Porque a contradición entre os intereses dos electores e dos eleitos tamén ven demostrar que a alienación existe e Marx non estaba trabucado. ♦

ELADIO FERREIRA DIAS (VIGO)

A min paréceme a proba de que a democracia representativa non é democrática

O Xan Carballa é un periodista?

Que é ser un Periodista? Una pessoa que trabalha a jornal num periódico e escribe o que outros lle dictam? Pode un profesional da información comunicar claramente, ou pelo contrario bailar ao som que lle tocam?

Há aquí una série de incógnitas que creio difíceis de aclarar. Todas estas preguntas afloraron á

minha mente despois de ler e rere, varias veces a entrevista que o Xan Carballa fa ao Santamarina, publicada no nº 732 de ANT.

Um periodista é un profesional da información, que descubre ou crea una noticia de interese para os cidadáos e faina chegar a eles duma forma clara, transparente e sem recortar nengum dos condicionantes que ela poseia. Se esse profissional manipula a información, transmite o que el quere, ou o que quere dizer o seu entrevistado em evidente colóquio entre pessoas afíns, está claro que a noticia que saia de aí será una noticia pobre, algo assim coma um enganabobos. Neste caso o periodista

Neste caso o periodista converte-se em tudo o contrario: num obstrucionista da informação

Para tapear, comer e ceiar

Cocina caseira galego-portuguesa

Especialidade en: Arroz de Marisco, Bacallau á Portuguesa, Caldo Verde. Sobremesas Caseiras.

Sabe Ben RESTAURANTE

García Lorca 8 A Florida (As Travesas) Tel: 23 45 26 VIGO
Horario: 11,30 - 15,30 / 19,30 - 00,00 horas
Descanso: Domingos todo o día e Luns ao mediodía.

BIERMUIDIEZ

Conxelados
Conservas
Bacallau

SANTIAGO
Praza de Abastos, postos Nº 195 - 301 - 350

PADRÓN
Praza de Abastos, posto Nº 2

BARRO (Po)
Estación, 31 - Portela

• SERVICIO A DOMICILIO • • PAGAMENTO CON TARXETA •

Ribadavía cumpre doce anos como cenário teatral

Do 20 ao 28 celébrase a Mostra Internacional no Auditório do Castelo

➔ A ESTÉVEZ

Na sua duodécima edición, a *Mostra Internacional de Ribadavía* xa non só converte á vila ourensán na capital do teatro na Galiza senon que olla máis ala. Ou habería que dicir que son as compañías de máis alá as que ollan cara Ribadavía porque a Mostra xa é un referente para as xentes do teatro. Do día 20 ao 28 de Xullo, as compañías chegarán a esta vila descarregando os seus traxes e máscaras e amosando a viciños e visitantes o seu facer. Chegan á Mostra compañías galegas que nunca por ali pasaran pero tamén do resto de Estado e de Europa. Nas últimas edicións foron cinco mil as persoas que presenciaron as obras de teatro.

Facer memoria histórica da *Mostra Internacional de Teatro de Ribadavía* daría como resultado un compendio de avatares até esta 12ª edición, segundo lembra un dos seus fundadores e director, Rubén García. Hoxe, xa consolidada, aínda hai que solicitar a súa continuidade ano tras ano. O prestíxio e o seu carácter de espello das tendencias teatrais internacionais fanna xa imprescindible no panorama cultural do país e no internacional. A Mostra segue a manter equilibrio entre o éxito e a calidade nos espectáculos e tamén cos de maior e menor formato. "A selección é difícil porque pasamos un ano vendo teatro por todo o mundo e dicir *este sí e este non non é fácil*. Estamos presentes en todas as feiras para poder facer o noso propio programa e o que notamos é que a as compañías queren vir a Ribadavía", di Rubén García.

Chegar a 1996 parécelle ao director da Mostra case un milagre porque, como acontece con case todos os eventos culturais, acadan o renome pero o traballo que hai por detrás é duro e difícil até acadar estabilidade tanto no financiamento como no público. Nesta edición, a organización está satisfeita por poder, un ano máis, ofrecer un bon programa. A Mostra recibe a maior parte dos cartos da consellería de Cultura, un millón de pesetas da Deputación de Ourense e os cartos que se pasen de aí, do propio concello de Ribadavía. As recaudacións son boas e palian unha parte importante dos gastos, segundo sinalan os organizadores.

Como noutras festas da vila, Ribadavía caracterízase pola aportación e participación viciñal. O teatro tamen irrumpe na vida cotiá dos viciños, que consideran a Mostra como un patrimonio cultural a defender e innovar. O teatro tamén sae á rua en Ribadavía,



Nesta edición o teatro volta saír á rua, aínda que non tanto como lle gustaría aos organizadores.

via, "menos do que quixeramos", di Rubén García. Neste ano son os franceses da compañía *Hors Strate* os que sorprenden a todo o que camiñe polas ruas da vila.

Mestura de tendencias e formatos

O Auditório do Castelo recibe obras de maior e menor formato adaptándose a un espazo teatral aínda que non o sexa de por si. Nesta edición, a obra que precisa de maior infraestrutura é *El sí de las niñas*, unha adaptación sobre a obra de Leandro Fernández de Moratín, o dramaturgo aínda non recoñecido de abondo que denunciaba e ironizaba neste texto sobre os casamentos a cegas e a situación da muller, en xeral. A Ribadavía ven da man da compañía madrileña *Producciones Andrea D'odorico*, que actúa o día 21 por primeira e única vez. Ese si que é un aviso da organización en relación coas obras: nengunha repite.

O día 20 rompen o xeo os inte-

grantes do grupo *Titeres Tecla* coa obra *RE9N* ás once da noite seguidos dos bascos de *Trasposos* coa obra *Pascarella*. Repiten *Titeres Tecla* ao día seguinte e xa o Luns 22 pónense en marcha os talleres de animación para nenos a cargo do grupo *Kukas*, que se van levar a cabo durante tres días. "Foi unha iniciativa que abandoamos hai anos pero que xa era hora de retomala porque é outra parte do teatro, ensinalo aos máis novos facéndoos partícipes", comenta o director da Mostra Internacional. Nesta xornada, tamén se poderá ver a obra *La traba* do grupo canario *Delirium*. Teatroz de Andalucía representan a obra *Casting* o día 24 e o teatro da rua dos franceses de *Hors Strate* terá lugar os días 26 e 27. A compañía belga *Les Founambules* representa na noite do día 27.

A que repite outro ano en Ribadavía é a compañía de Euskadi *Tantaka Teatro*. O pasado ano traían a Galiza unha visión irónica da maternidade coa obra *Todas culpables*. Desta vez, traen unha adaptación

teatral de *El florido pensil*, o libro que recolle o nacional-catolicismo na escola española da ditadura de Franco. "É desas obras que ves e te sintes atrapado tanto polo texto como polo traballo dos autores. No meu caso, foi vela e xa intentar facerlles o contrato", comenta Rubén García.

Protagonismo do teatro do país

Para pechar a XI Mostra Internacional de Teatro de Ribadavía, o día 28, a equipa de organización contou cunha compañía galega. Fíxoo cunhas das sorpresas da tempada, que é a obra *Oé, oé oé*, de Teatro do Aquí, a mesma peza que enche de bandeiras españolas os valados das vilas nas que se representa provocando a incertidume de quen se sinte chamado. A compañía de Roberto Vidal Bolaño presenta unha obra, coa que leva xirando por todo o país, onde amosa a miséria de tres siareiros nunha taquilla dun estadio de fútbol.♦

LOIS DIÉGUEZ

Non cabe interrogante algun sobre a sensibilidade cultural destes que levan a vida gobernando este País que é quen de aturar o que lle boten. Hai uns dous anos que lles entrou un amor tan irresistible polos pregóns das festas que até chegaron a desbancar aos mesmos escritores e artistas para se poñeren eles a dicilos. As imaxes e definicións con que se adornan podían entrar nas páxinas daquela "Codorniz" das nosas nostáxicas lembranzas, como o señor alcalde de non sei que municipio que o cantou con orgullo asegurando que sus "verdes verduras" distinguían-no no mundo.

Lago veu doña Manolita, moi feminista ela, a resgatar do esquezo aquel san costume de poñer rañas en todas as festas. A reivindicación tomou-na tan a peito o virrei desta provincia luguesa que até el presidente os xuris que elixen as mises esas que seica levan o nome da provincia polo mundo. A cantinela repite-se arreo.

E agora mesmo acaba-lle de chegar o turno ao que en Lugo representa ao señor Presidente da Xunta, sonado el pola sua língua sempre disposta a salferir verdades, especialista en potenciar turismos, Os Ancares, nada menos, a Muralla, pois seica se acaba de decatar do importante que é, tanto como a da China... Foi ben celebrada a cena da caza do Sr. Presidente polos Ancares —pobres urogalos protexidos—, cando correu a lle atar os cordóns das botas a Fraga e case lle dá de hóstias ao novato xornalista que intentou retratar o enternecedor cuadro. Pois ben, acaba de explicar-nos este home nunha mesa redonda sobre turismo, que en Galiza hai tantos castros que en canto alguén fai un camiño ou unha estrada atopa-se inmediatamente con un. Así é imposible construír obras públicas, caraina. A solución que propón o tal señor Delegado da Presidencia que a piques estivo de ser nomeado gobernador da provincia hai uns días —tiña-o tan crido que xa se apresentaba como tal—, é que cada municipio debe excavar e adacentar un castro para mostra e os demais... si, os demais que queden a mercede destas grandes e voraces palas que moven toneladas de terra como eu podo mover unha canica.

Poderá-se tomar o sucedido como algo anecdótico, mesmo gracioso, pero se miramos ao noso arredor, a ese circundo que impera no colectivo que segue a gobernar polos séculos dos séculos amén, quizabes o sorriso inocente se nos mude en horror. E que teremos que facer para imovilar tanta pala, é dicir, tanto señor amante do noso patrimonio?♦



Milladoiro.

■ Milladoiro chega ás Festas do Mar de Ares

O concello de Ares apostou este ano por abrir a programación das festas con *Milladoiro*, que actúan o día 20 na explanada do novo porto de Ares. Despois da gravación do seu último disco *Fadas de extraño nome*, foron contadas as actuacións do grupo polo que xerou unha grande expectativa en Ares e comarca. *Milladoiro* comezou a xira a finais de Abril e veñen de actuar en Barcelona no Festival d'Estiu Grec 96. Ademais das actuacións programadas en todo o Estado, *Milladoiro* continuará a xira en Italia, Estados Unidos e Canada. En Ares puxéronse á venda dúas mil entradas a mil pesetas, que se poden adquirir en calquer establecemento hosteleiro do concello e da comarca. ♦

■ Festival En Clave de Sil

O Barco de Valdeorra súmase á iniciativas musicais do verán cun festival que dura tres días e se denomina *En Clave de Sil*.

Durante os días 18, 19 e 20 de Xullo grupos de moi diferentes estilos chegan á beira do río, no xardin do Malecón do Barco ás once e media da noite. O primeiro día actúan as tribos do Sil: *Pocahontas*, *Estropticio*, *Os Inkietos* e *Lord Lethal*. O segundo día tocarán *Os Rastreros* de Chantada e *O caíman do río Tea*, de Pontearas e o Sábado 20 chegan as raíces do mundo celta con *Xeque Mate*, *Mutenrohi* e os irlandeses de *Callino*. ♦

■ As diferentes teorías de escribir en feminino

Amosar ao público as diferentes teorías do feminismo e o seu reflexo na escrita de mulleres foi o obxectivo que se propuxo o *Seminario de teorías da diferenza: escribir en feminino*. Poéticas e políticas, que se desenvolveu do día 8 ao 12 de Xullo en Vigo. Este foro serviu de reflexión e debate crítico sobre a relegación da literatura de mulleres ao marxe dos sistemas culturais. Xénero, nacionalismo, sexo, colonialismo, revolución e narrativa foron conceptos presentes nas diferentes

O folk chega a Ortigueira na sua cita anual Oito días de música, feiras e acampada

As previsións son moi boas para o XII Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira tendo en conta a experiencia dos anos máis recentes, os da recuperación desta cita coa música tradicional. Entre vinte e vinte-cinco mil persoas esperan os organizadores para este evento que se desenvolve desde o día 13 ao 21 de Xullo. Ademais dos concertos, oférense cursos, exposicións, feiras e a posibilidade de acampar nesta vila que se converteu nun punto de referencia do folk mundial.

O Congreso da Gaita desenvól-

vese os días 13, 14 e 15 de Xullo coa presenza de expertos neste instrumento procedentes dos lugares máis insospitados en canto ao uso da gaita. Os cursiños de instrumentos tradicionais teñen lugar do día 15 ao 17 coa inclusión de bailes do mundo celta. Os cursos son impartidos por Patrick Molard, especialista en gaita escocesa, Xosé Manuel Budiño, en gaita galega e Michael O'Brien, en gaita irlandesa entre outros que se adicaran a outros instrumentos.

A música chega o Xoves 18 coa Banda de Gaitas *Robaleira* de

Cerceda, Mercedes Peón, o grupo bretón *Gwerz*, *Xeque Mate* e os escoceses de *Shooglenifty*. Seguen os concertos o Venres con *Mauchline & District Pipe Band*, *Os cempés*, o grupo irlandés *Callino*, o músico basco Keka Junquera e os asturianos de *Llan de Cubel*. A Escola de Gaitas de Ortigueira, alma do festival, actúa o día 20 seguida de *Ronsel*, *Bágoa de Raiña* e *Dervish*, de Irlanda. Os pasarruas pechan esta 12ª edición sen esquecerse da queimada de despedida. Os asistentes poden mercar discos nas feiras que se instalan na vila e durmir na zona de acampada. ♦

conferencias. Algunhas das participantes foron Ana Mª Spitzmeyer, da Universidade de Niágara, a escritora Elisabeth Russell, da Universidade de Rovia i Virgili, Kathleen March, da Universidade de Maine, Margarita Blanco, da Universidade de Oviedo, Ana Bringas, da Universidade de Santiago, e as escritoras Marina Mayoral, María Xosé Queizán, Pilar Pedraza, Aicha Lemsine e Noni Benegas, entre outras. No seminario, que se celebrou no Centro *Caixavigo*, fíxose un percorrido desde a revolución feminista até as novas tendencias en narrativa sen esquecer o contexto político nen as especificidades propias de varias comunidades de mulleres. ♦

■ 7ª edición do festival rock de Cerceda

Os días 12 e 13 a música chega a Cerceda, desta vez representada en dous estilos: o rock e o folk. O Sábado celébrase a 7ª edición do festival rock de Cerceda coa ac-



tuación de seis grupos no campo de fútbol de Bos Aires: *Xenreira*, *ska* desde *A Estrada*, *Paranoise*, da Mariña de Lugo, *Kilómetro Cero*, da Coruña, *A puro huevo*, desde Santiago e dous grupos de Cerceda, *Zenxar*, en parte responsábeis de que o festival exista, e *Nasser*. A novidade neste ano está nese 1º festival folk que se presenta o Domingo. Aínda que en anos anteriores o folk fora introducindo no festival de Cerceda, desta vez ten día propio con cinco actuacións: *As Cantoras do Camiño*, un grupo de mulleres que manteñen un xeito

■ Traducido ao catalán *A falácia do economicismo* de Carlos Mella

Editorial Mediterranea ven de publicar a versión en catalán de *A falácia do economicismo* de Carlos Mella. A traducción correu a cargo de Dores Asorei, representante da AS-PG en Cataluña. O libro presenta unha análise do sistema capitalista, recorrendo aos seus "baixos fondos" para amosar como desestabiliza continuamente o desenvolvemento da sociedade. ♦

O Cinema Jove de Valéncia gañouno Boston Kickout

Estivo a concurso o vídeo escolar galego *Castrexos e Romanos*

♦♦ FRAN ÁLVAREZ

Na cidade de Valencia, como xa ven sendo habitual desde hai dez anos, celebrouse unha nova edición, do *Festival Cinema Jove*. Oferecéronse 160 películas no Festival de Cine e 90 cintas no de Vídeo (tanto no apartado de Videocriación como no apartado de Ficción). Asimesmo houbo unha sección adicada aos escolares tamén con carácter competitivo, no que estivo seleccionada *Castrexos e Romanos*, do C.P. de Riofrio-Vilar de Mondariz.

Competiron 12 títulos na sección de cine dos cales resaltaron, *Boston Kickout* de Paul Hills que acadou o Premio á Mellor Longametraxe e a Mención a Mellor Interpretación, John Simm. Trátase dunha excelente comedia costumbrista que nos relata as peripécias de catro amigos antes da súa marcha á universidade; *Ubistvo s premisdušlajem* de Gorcin Stojanovic, Iugoslavia levou o segundo premio de longametraxes, un drama intimista que intenta criar un

paralelismo entre sucesos acaecidos na II Guerra Mundial coa situación actual na ex-Iugoslavia.

Outros premios foron para *Corte de Cabelo* de Joaquin Sapinho, Portugal (mención á mellor fotografía), Luis Correia; o Premio á Mellor Banda Sonora levouno *A toute vitesse* de Gael Morel, Franza. O xoven protagonista da magnífica película de Andre Techine, *Os Xuncos Salvaxes*, conseguiu con esta súa primeira incursión como

director unha excelente reflexión sobre o mundo da amizade, o racismo, a inmigración e unha visión certa das preocupacións e riscos da xuventude francesa. O xurado declarou *Deserto* o Premio ao Mellor Guión e subliñando o nivel medio das películas a concurso sen sobresaír unha por enriba das demais.

O plato forte do festival foi a competición entre 62 curtametraxes recaíndo os premios principais nos curtos 81 de Stephen Burke, Irlanda, visión da vida en Belfast, através dos ollos dos membros dun equipo da televisión Francesa e *National Achievement Day* de Ben Hopkins, Reino Unido.

Outras seccións do *Cinema Jove* foron o ciclo adicado a Dennis

Hopper, unha retrospectiva de Basilio Martin Patino; *Jess Franco Goes to Valencia*, un futuro de cine, Karra Elejalde, diez anos de historia; Escola de cine de San Antonio de los Baños; retrospectiva e presentación da escola de Cine e TV de Jerusalem; documental Latinoamericano e a presentación da serie *Cuttlas* realizada para televisión

No que atinxe ao vídeo Nesta edición competiuse en dúas modalidades diferentes, unha de carácter internacional sobre videocreación, grafismo electrónico e infografía e outra denominada sección nacional de curtametraxes de ficción producidos en vídeo.

O premio á mellor realización internacional de videocreación foi

exaquo a *Libido Acuatica* de Alberto Rodríguez Librero, (España) e *Der Atem Der Steine/O alento das pedras* de Miguel Barreda e Eleni Ampelakiotou, (Alemaña). O da Mellor Curtametraxe de Ficción en Vídeo foi para *Kushe. A tale of Mother Earth* de Eva Palacios.

Tamén se adicou unha introspectiva ao videocriador español Francisco Ruiz de Infante, un especial Michel Jaffrennou e unha selección de videocriacións vistas no pasado festival de vídeo de La Haya, Holanda.

Respeito ao encontro de grupos escolares realizadores de cine e vídeo os premios recaeron nas obras *La Princesa Lisilla* da Asociación Sanchez Ruiperez de Salamanca e *F.FWD* do Instituto Son Pacsi de Palma de Mallorca. ♦

Leituras

Un mundo desde Nós

Título: Tempos serodios.
Autor: Emilio Arauxo.
Editorial: Edicións do Cumio, 1996.

Tempos serodios é un libro de relatos que non pode pasar desapercibido no panorama a cada máis denso da narrativa actual, e sen dúbida é un traballo chamado a perdurar máis alá de modas e condicionamentos administrativos ou mercantís. A súa autenticidade —por empregar unha categoría xa en desuso— e o seu alto nivel estilístico fan del unha obra de enorme calidade que nos descobre gozosamente un novo e brillante escritor.

Os relatos gardan unha unidade de contido e estilo, a pesar das diferencias de recursos nuns e noutros. En definitiva trátase dun exercicio da memoria, de loita contra os efectos destructores dun tempo de cambios cada vez máis acelerados que como denunciara W. Benjamin esnaquiza a posibilidade mesma da experiencia; trátase dun intento, guiado por unha paixón antropolóxica e filolóxica á vez, de rescatar as experiencias dun sinfín de xente, de persoas sen nome, de abaixo, fragmentos das súas vidas sufridas, de esforzo, miseria, traballo... dun mundo que se nos vai, e respecto ao cal se non nos cabe a esperanza dun Deus outro redentor da súa inxustiza —como quería o último Horkheimer— si a certa reparación que supón o recoller a súa testemuña.

Através dos diversos relatos podemos escoitar recordos de



Emilio Arauxo.

acontecementos históricos que marcaron moitas vidas, como a guerra de África e a guerra civil; pero, sobre todo, feitos da vida cotiá, da emigración, dos traballos e faenas do agro, algunhas, por certo, descritas con escrupulo etnográfico (a malla, o tecido e a coada, ou sinxelamente o guiso dun galo).

Numerosos personaxes circulan por estas historias nas que quedan rexistradas as súas crenzas, as súas visións sobre os mortos, sobre o sexo, sobre o matrimonio, a autoridade..., e, por riba de todo, o seu sufrimento, que nalgún caso como o da muller de "O segredo" deixa a súa dolorosa memoria na grafía das cicatrices e malformacións do corpo. Con frecuencia as historias versan sobre mulleres, rescatando así do silencio vidas cheas de sacrificio e aguante, de traballos ata a extenuación, como a da Conchiña, que contrasta coa vida baleira de luxo, regalo, e mesquindade das señoras ás que serve ("O bolo do mundo"); ou a da Amelia

("A última vella"); ou, en fin, a daquela vendedora de pescado, de admirable carácter, que percorría a diario un longuíssimo camiño a través de aldeas e pobos, á que chamaban "o camión de Souteliño"...

O relato ten unha gran viveza, e fluidez, polo miúdo con querida mediante o recurso de poñelo en boca de varias testemuñas, de diversos falantes; a narración adquire o ritmo, o colorido, a expresividade propias da oralidade. En xeral é unha lectura para facerse en voz alta.

Abundan, as expresións e xiros populares; sen solución de con-

Un intento, guiado pola paixón antropolóxica de resgatar as experiencias de persoas sen nome, de esforzo, miseria, traballo

tinuidade pásase dun tema a outro, cambian os puntos de vista... E, sen embargo, non estamos ante unha técnica de transcripción da fala e conversacións escoitadas aquí e alá, pois a oralidade se enlaza con outro tipo de escritura de distinto rexistro que permite as transicións e o adensamento de niveis na descripción, logrando deste xeito unha feliz combinación de certos modos do contar popular e recursos estilísticos propios da narrativa contemporánea. O conxunto adquire, entón, un barroquismo que mantén en todo momento a tensión propia do estilo esixente.

O recurso de que a miúdo sexan os protagonistas mesmos os que nos transmitan as súas historias ten ademais a virtualidade de conseguir unha perfecta fusión, por dicilo con vellas categorías, de fondo e forma, pois acedemos non só a unha determinada materia de acontecementos, senón tamén ás formas expresivas nas que esa materia era rememorada, contada, isto é adviña á conciencia. Dese modo entréganos un "mundo" no sentido pleno da palabra, unhas vidas e a mesma forma, a mesma estética se cabe, con que foron vividas. No inxenio de moitos dos seus xiros expresivos, da beleza da súa narración un non deixa ás veces de experimentar aquela sensación de certa neutralización da dor que transmite o seu contido de que falara Marcuse con respecto á obra de arte. O libro non se acaba en realidade coa lectura do último relato, pois o lector a prolongará coa evocación doutros fragmentos vitais constituíndose así tamén el nun fragmento de vida. ♦

XURXO ÁLVAREZ YAGÚEZ

conta de libros

O rei nu abre a colección de teatro de Talia

Desde Publicacións Talia cren que a edición de teatro esta pouco atendida e por iso estean a súa colección con *O rei nu*, texto de Quico Cadaval e Candido Pazó sobre o conto de Hans Christian Andersen do mesmo título. A peza foi representada por *Ollomoltrán* e os autores cren que esta adaptación corresponde a un momento determinado do noso país. Hai un rei, un anano, un ministro de Petos e Forros, un Primeiro Ministro, un ministro de Roupa Interior e unha ministra de Adornos, Complementos e Colgarelos. ♦



O anarquismo galego na Arxentina

O fillo de emigrantes e galeguistas Carlos Penelas escribe sobre a participación dos galegos nas loitas obreras de fin do século XIX e primeiros anos do XX en *Los gallegos anarquistas en la Argentina*, publicado pola bonaerense Torres Agüero Editor. Próximo ás ideas liberarias, admirador de Sartre e Camus, o autor quere render homenaxe aos homes que participaron en feitos como a Semana Tráxica ou os fusilamentos da Patagonia do ano 1921. Xermán Moreira, Eduardo Val, Salomón Rodríguez, Constante Cabado ou Eduardo Peleteiro son algúns daqueles galegos. ♦

Unha novela de mistérios en Nova Israel

Dentro da colección xuvenil *Fora de Xogo*, da editorial Xerais, publícase *Cara á fin da luz*, do escritor Carlos Vila Sexto. Unha extraño povo, o de Nova Israel, e dous rapaces atrapados nel durante varios días son a chave do argumento da novela. Terán que descubrir un segredo de cen anos atrás para o que irán recibendo pistas. ♦

Poemas de lembranzas de Xoán Neira

Cunha edición de autor, apréséntase *Memoria e soño*, de Xoán Neira, poeta de Santiago de Meilán en Lugo e mestre en Viveiro desde hai quince anos. O libro consta de catro partes diferenciadas: a infancia, a evocación e identificación coa Terra Cha, o amor e nostalxia á cidade de Lugo e a presenza do mar, en Viveiro e, en xeral, na Mariña de Lugo, segundo Manuel María, que prologa o poemario do que di que "recende a terra". ♦

a nova

GALICIA ENTEIRA

Xosé Luís Laredo Verdejo

Actualizada, nova edición, novo formato

- 12 tomos.
- A guía máis vendida en Galicia de tódolos tempos.
- Unha xa mítica guía do país, renovada e actualizada.
- Con abundante información práctica.
- Para viaxar por Galicia coñecéndoa palmo a palmo.

Á venda:

1. FISTERRA E COSTA DA MORTE
4. RÍA DE VIGO E BAIXO MIÑO



Leituras

Plenitude

Título: A teta sobre o sol.
Autor: Olga Novo.
Editorial: Edicións do Dragón, 1996.

A segunda carpeta individual de autor das Edicións do Dragón conforma a ópera prima dunha poeta, Olga Novo, que se vén asomando regularmente nos últimos anos ás páxinas de revistas como *Dorna*, *Festa da palabra silenciada*, etc. *A teta sobre o sol*, cartapacio deseñado por Antón Caamaño, retoma o ancestral tema do erotismo para falarnos, desde a loucura e a vertixe do sexo, desa vivencia aniquiladora. "ti es viaxar máis lonxe dos países do mapa / e máis lonxe a miña verba que os seus nomes" di o eu poético anunciándonos a singradura polas rutas de outro corpo e, a un tempo, por toda a realidade circundante pois a relación erótica é tamén telúrica e cósmica, integradora do ser humano no centro do mundo. Sabe que, para dotala de forza suficiente, debe "revolve-la voz entra-la en carnes / manter en vilo o amor como as palabras". A vivencia deste sentimento pode ser destructiva para o eu poético, daí que deba furtarse á onda expansiva desa explosión vital que pode acabar aniquilándoa. Así malia expresar a súa chegada ó amor "como louca" tamén reafirma a súa intención de "non romperme coma un cristal de murano" pois a dependencia total do outro ser resultaría funesta para ela:

ti dábasme pequenos grans de trigo para comer na man e amosábame unicamente as bágoas coas que se fai o pan dos tristes

as derrubadas casas nas que viven. mais eu xa estivera alí noutrora, xa comera o pan dos tristes. vivira nas súas casas, xa comprendera que non reside alí verdade algunha.

En poemas como "Madeira delicada", "Faro", "Tear" ("*falas co movemento co que se fai o liño / para esconxura-la morte / e a túa roca non é máis aló da miña vulva*") vai percorrendo a voz poética un mundo de elementos e materias cotiáns que, desde unha dobre significación simbólica, se toman agora motivos do xogo sexual. A ambivalencia das cousas esténdese tamén ós espazos (maríña,

bosque, terra, ribeira) que se percorren como lugares de encontro amoroso, á súa vez entendido como medio de fusión telúrica e cósmica. Esa voz adolescente que nos fala nos primeiros textos asume a violencia do encontro erótico como forma de modificación vital e medio de coñecemento profundo das cousas.

Subvertida a orde natural dos seus ciclos, é agora máis consciente que nunca da súa cercanía á orixe propia, e por extensión á de calquera ser humano:

retorno á mica orixinaria ó musgo verde coma todo o que poboa o meu xeito de entrar polo mundo. houbo outro tempo para aprende-la sucesión das albas outro para soporta-lo peso das palabras pero a min alguén trouxemos todos e pousoumos con estrondo e era imprevisito o amor como a materia do vértigo era campá matinal a estremecerme dentro no corazón na cona nos claros do meu bosque

Elementos telúricos, marítimos, froitas, animais, van conformando unha orbe de sensacións que nos envolve no avance polos versos de Olga Novo. Sabores, olores, tacto. Sentidos mimados ata o límite con preciosismo para dotarnos dunha maior proximidade ás vivencias do eu e á súa concepción vital ("a vida resúmese/ a entrar nun círculo a bailar/ por un momento/ a danza, tolament. das abellas").

Consciente da súa forza "comigo viñera xa o desexo/ e un arrecendo a incensos e a fulgor primario" - a voz vaixe abrindo ó lector sen veladuras pois chegada "ó norte de tódalas cousas / aquí hai que falar como quen se arranca a lingua" ata acabar por ser "muller máis gutural/ (...) / aberta para a hora seguinte/ en anacos grandes de cabazo". Mais o encontro amoroso conleva tamén unha loita atávica entre masculino e feminino, oposición expresada, xa desde o

Loita atávica entre masculino e feminino, oposición expresada na simboloxía do sol oposto á terra e á teta

título, na simboloxía do sol oposto á terra e á teta, imaxe por excelencia da nai nutricia que outorga a vida. O sol, masculino na súa elevación, é fugaz e efémero posto que pasa por fases de recesso mentres que a terra, feminina e materna, é inmutable na súa permanencia ancestral. No poema ríase as múltiples e poliédricas sensacións da muller amada son cauce para rexeitar a imposición fascista do sol-home e substituíla polo ofrecemento, amorosamente telúrico, da muller-terra:

non sabes chegar súbito a explosiona-lo azucre das laranxas nin consegues manexa-lo envoltorio das mapoulas e nin sequera ascendes a auga-lo peito en sinal nístico.

porque para iso hai que bordealo son ó pe do último acorde e escorterte como se corre o risco de estar á vida como se está á morte."

É tan total o ofrecemento que o eu poético fai de si mesmo que remata, vivida a relación erótica, por derramarse sobre o orbe, como o leite mansamente fértil. Desde entón, a búsqueda das sensacións perdidas efectuarase constantemente en todos os ámbitos do cosmos sensorial como alimento para a plenitude:

e que ninguén me busque exposta como estou á madrugada regresada nun instinto de rumor de froita devastada na constancia de coce-lo amor a lume lento rebentada na percura dun perfume incendiario de lentísima flor de cerdeira ♦

TERESA SEARA



Manuel Antonio e a vangarda

Título: Manuel Antonio e a vangarda.
Autor: Xosé Ramón Pena.
Editorial: Sotelo Blanco, 1996.

Xosé Ramón Pena, profesor e literato, acaba de publicar o libro *Manuel Antonio e a vangarda*. Coñecido polos seus múltiples traballos de investigación ou de carácter pedagóxico, ve agora luz esta pesquisa sobre un dos escritores máis importantes do século XX que termina e que máis bibliografía crítica está a crear. A obra incíase cun achegamento histórico para definir o vangardismo de entreguerras para, despois, tratar

de localizalo no noso lar. Segue, entón, unha disquisición profunda sobre as relacións entre a vangarda e os distintos líderes políticos do movemento nacionalista. Resulta interesante comprobar o grao de enfrontamento entre as distintas ramas ideolóxicas que convivían no galeguismo e a repercusión que tivo na creación do manifesto "Máis alá", algo xa coñecido pola correspondencia entre Villar Ponte e o poeta de Rianxo.

Na continuación xorde o problema da ubicación de Ramón Cabanillas neste contexto algo convulsivo. Para algúns elo de poéticas; para outros, o poeta da raza, erixido polos homes de "Nós" como baluarte do seu desiderato estético. A dicotomía entre os novos e os vellos é examinada con profusión polo profesor de Betanzos, sinalando as afinidades electivas do conglomerado xeracional do momento: as relacións de Augusto M. Casas, Correa Calderón, Otero Espasandín, Amado Carballo e Euxenio Montes; e o nexo de unión, Vicentes Risco, coa aportación teórica e intelectual dos membros veteranos do galeguismo, arredor de Nós.


Seguidamente achamos unha visita aos ismos galegos. Aquí percibimos con nitidez o carácter de certo problemático de moitos deles, pois tanto o hiloísmo de Amado Carballo como o neotrobadorismo dun Cunqueiro participan simultaneamente dunha estética "tradicional" e dunha certa ruptura revolucionaria encetada polo rianxeiro na súa proclama.

Non menos problemática resulta a adscrición da poesía de Manuel Antonio a algún dos ismos previamente existentes. X.R. Pena analiza, desde ópticas diverxentes e ben documentadas, esta cuestión crucial aportando o seu punto de vista á conflictiva catalogación da poesía de *De catro a catro*. Neste epígrafe fálase da recepción da obra no seu tempo e do ulterior debate que creou así como as catro poéticas que o rianxeiro nos legou: "Máis alá", proclama ben coñecida, "Prólogo de un libro de poemas que ninguén escribete", "Un poeta da nosa terra" e, finalmente, "Fatiguémonos".

Como se pode comprobar, o analista emprega un arsenal teórico decerto importante así como unha patente inclinación á análise sociolóxica e cultural que contribúe a coñecer mellor os territorios adxacentes da literatura.

ROMÁN RAÑA

conta de discos



Paul Winter coa pintora Bev Doolittle.

Nómina de solistas co xénio Winter

Título: Prayer for the wild things.
Autor: Paul Winter.
Editorial: Resistencia, RESDCD 019.

Unha das principais aportacións de todo músico no universo sonoro — acaso a máis importante — é, desde logo, a creación dun estilo propio, que devén nunha mensaxe —alén do estrictamente musical— coa que se lle poida identificar. Isto é, no caso que nos ocupa, o criterio que asocia ao nordeamericano Paul Winter coa "música da natureza". Pero como a arte, en xeral, é un mundo amplo que se manifesta, por exemplo, en forma de pintura ou música, Winter nesta ocasión baseou o seu novo traballo nun cadro da pintora Bev Doolittle, de título idéntico ao do disco, "Plegaria pola natureza", no que se integran imaxes visuais de mamíferos e aves en movemento. A outra faciana máis ou menos iconográfica, a musical, é a que cada quen pode albiscar no son desta auténtica obra con maiúsculas. Nela, P. Winter, compositor e saxo soprano, alterna un discurso instrumental praxeiro coa reprodución fiel de voces de diversos animais, gravadas en plena natureza. Pero non fai un bricolaxe ao uso, senón que alterna doadamente os distintos planos sonoros, entre os que salienta a ampla nómina de instrumentistas ao que nos ten acostumado o xénio Winter, en forma de vento -fagot, trompa-, percusións varias, corda -violoncelo- subtil órgano de igrexa, etc. ♦

Folk progresivo

Título: Kaksi.
Autor: Hedningarna.
Editorial: Resistencia, RESDCD 020.

"Cando se tenta facer "moderna" a música popular, moitos consideran que chega con conectar os instrumentos a amplificadores eléctricos e pór os controis de volume no once, dunha escala de un ó dez. Pero o resultado case sempre foi que uns tapan a outros...", son valoracións da xornalista Lars Nylin, que podemos ler na contracapa deste segundo disco do grupo sueco Hedningarna, paradigma actual do folk progresivo europeo. A seguir, no mesmo texto, continuamos lendo: "... os timbais e laúdes, así como a gaita sueca, conservan neste grupo toda a maxia do seu son acústico".

Nas composicións cantadas, descríbense situacións amorosas malamente correspondidas; nos temas instrumentais descubrimos a uns músicos con forza, sólidos, modernos no mellor senso da expresión. ♦

X.M. ESTÉVEZ

ESTAMOS NA FEIRA DO LIBRO DE VIGO

Do 1 ao 10 de Xullo
Caseta nº 34

Merlin
LIBROS

ESPECIALIZADOS EN LIBRO INFANTIL E XUVENIL



A Revista Galega de Educación cumpre dez anos

Manuel Bragado

'No ensino hai que volver á militancia a prol do galego'

♦♦ XAN CARBALLA

"Hoxe é un momento fundamental para organizarse se queremos avanzar na galeguización do ensino", afirma Manuel Bragado, director da *Revista Galega de Educación*. A publicación cumpre dez anos e ven de adicar o seu número 25, monográficamente, á situación da normalización da lingua, afirmando no editorial que "debemos rearmar as nosas enerxías críticas e intelectuais para poder destruír a falacia do bilingüismo harmónico, que nos leva directamente á substitución con anestésia".

Que balance fan desde o punto de vista educativo da entrada do galego na escola?

Os profesores que defendemos a galeguización temos que volver a ser militantes pola lingua. O noso comportamento individual é tan importante como o ideal colectivo que defendemos, e o chamamento que facemos aos nosos compañeiros é que sexamos sempre dialogantes pero firmes, no ámbito dos claustros, para aproveitar ao máximo o Decreto sobre uso do galego no ensino, que a pesar dos defectos importantes que ten, se se cumpre até o fin sería un elemento de avance. Todas as persoas que defenden a galeguización teñen que comprometerse no seu centro, porque a realidade nas escolas é moi dura.

O que criticamos son as medidas de carácter liberal respecto á normalización, no sentido de que o trasfondo da normalización ten un sentido colectivo e comunitario por riba da iniciativa individual, que tamén reclamamos. Máxima capacidade de diálogo e cariño para convencer aos compañeiros e aos pais (que realmente non obstaculizan a galeguización) e aproveitamento dos recursos que ofrece o Decreto é a nosa chamada.

Desde o poder tense presentado aos que pulan pola galeguización como "conflitivos".

Por iso é tan importante que o profesorado que está no ámbito da defensa da escola pública e

da galeguización se organice e funcione nunha estratexia dialogante. Porque organizarse é fundamental para facer presión sobre as administracións educativas. Nós impulsamos o funcionamento das equipas de normalización lingüística, pero non se poden descansar as responsabilidades nos grandes funcionamentos. Hoxe o sindicalismo nacionalista ten unha presenza no profesorado moi superior á galeguización educativa, e iso obriga aos sindicatos a promover a normalización lingüística entre o colectivo que os apoia. Igual temos que facer os poucos profesores que na Galiza pertencemos aos movementos de renovación pedagóxica que son fundamentalmente a ASPG e Nova Escola Galega. Para nós hoxe é un momento fundamental para organizarse.

Informes recentes que se coñecen sobre o nivel de galeguización da Universidade son alarmantes. Falan dun escaso 16% de uso do galego nas aulas.

É grave e outro indicador que podiamos sondear é cantos alumnos e alumnas, puidendo facelo, fan a proba de selectividade en galego. E iso que os alumnos que chegan á Universidade teñen perfecta competencia escrita en lingua galega. Pensan que na Universidade o galego non ten valoración e mesmo pode perxudicalos. Hai unha percepción de que ali non hai sitio para o galego.

E o profesorado universitario?

Na Universidade de Vigo sacamos na *Revista* que un 42% dos profesores teñen, en maior ou menor medida, "dificultades para falar ou escribir en galego". Se é certo, que non o sei, que os alumnos universitarios e os profesores teñen esa dificultade teriamos que reflexionar sobre que ensino do galego estamos facendo nos niveis primeiros do sistema. O ensino do galego debía estar máis no uso e na valoración que nos aspectos gramaticistas, que desgraciadamente son os que priman. Hai pouco, nun programa de Iñaki Gabilondo, perguntáballe ao chou a un rapaz de 8º de EXB sobre a asignatura máis difícil. "El gallego!" díxo sen dúbida o rapaz. Iso amosa que o galego, concedido exclusivamente como unha materia e non como lingua veicular, leva a unha valoración diminuída, extrana, que se percebe como un peso académico. Pior aínda que o inglés como lingua estranxeira, porque a súa valoración social está sobredimensionada e promovida.

O acomodamento nas institucións

Nos anos 70 eran os alumnos ao comezo do curso os que pedían as clases en galego ao profesor.

Esa presión segue a necesitarse.

Esa institucionalización rela-



xou aquela militancia da que falaba ao comezo?

Moitos vivimos como pais a "traxedia" de que os fillos, ao entrar na escola, sendo galego falantes, poden aparecer da noite á mañá na casa falando español mesmo con nós. Os pais que creemos no proceso de galeguización temos que darlle unha resposta e precisase un traballo de pedagogía cívica.

Pero tamén hai que dar un discurso esperanzador. O fenómeno das revistas escolares, que é enorme por todo o país, e no que infuiron moi positivamente as equipas de normalización dos centros, son practicamente en exclusiva realizadas en galego. Existe é un fenómeno que temos que potenciar, como

calquer outra iniciativa que apareza na base. Tamén é importante a crise do asociacionismo cultural de base, da organización en pequenos núcleos de actividade, posibelmente abrumados tamén polo proceso de substitución institucionalizada da súa actividade, con máis medios e con cartos. Penso que hai que reunir á xente, e falar, desde as presentacións de libros a toda caste de actos, e non pensar que porque sexa pouca xente non teñen valor. Todo o contrario, porque sempre vas creando redes de apoio. Isto é moi importante para a galeguización a todos os niveis. ♦

DUBLIN. A casa dos whiskies vellos.

MARTIN CODAX, 11 VIGO - TELÉFONO 22 07 50



Isaura Gómez lembra a represión de 1936

O seu home Francisco Rodríguez Paquiño foi paseado en Mondariz

♦ MANUEL ESTÉVEZ

O 4 de Outubro de 1936 era asasinado en Mondariz, Francisco Rodríguez Otero («Paquiño») secretario do Xulgado Municipal de Tomiño. A súa compañeira, Isaura Gómez Pérez cumpriu recentemente os 91 anos e entrevistámola en Caminha onde expuña a súa obra pictórica o fillo, Mario Rodríguez. A súa é unha historia máis do enorme drama que se desencadeaba hai agora 60 anos.

Isaura Gómez asinou o seu derradeiro artigo de prensa en Xuño do 1936, no "Nuevo Herald", xornal republicano que dirixía Xoán Noia na Guarda, "ali convidaba ás mulleres galegas a votar pola autonomía, «mulleres galegas, é chegado o momento de colaborar num gesto único, pelo engrandecimento do solo pátrio. Mulleres de todos os recantos desta sonhadora Galiza, devedes mostrar ao mundo civilizado, que sabedes sentir en todo o vosso ser, a responsabilidade que vos cabe na presente hora futura. Votai num canto unísono e solene pola autonomía d'esta incomparável Galiza»".

Colaboradora de medios de comunicación galegos e portugueses (O Crítico, Faro de Vigo, Gazeta de Figueira da Foz), Isaura Gómez, educada en Lisboa, fixou a súa residencia na parroquia de Figueiró, no Baixo Miño. Ao estalar o golpe militar, a zona de Tui e Baixo Miño é a que consegue apresentar un meirande frente aos sublevados. Toda esta peripécia é contada en libros como *Fuxidos* de Xoán Noya ou *O señor Afranio*, de Antón Alonso Ríos, no que Xosé María Álvarez Blázquez dá noticias do drama de moita xente do Baixo Miño ase-



Tui foi a vila que resistiu máis fronte aos golpistas e onde máis se sofreu a represión. Na foto de Pacheco, desfile fascista na vila no 1940.

sinada naqueles días.

Morte en Mondariz

Cando se produce o golpe militar, Isaura non dubidou en gardar todos os recortes dos seus traballos na bodega, e os sublevados non tardaron en rexistar a súa vivenda. O seu home, Francisco Rodríguez Otero («Paquiño») era secretario do concello de Tomiño e formou parte dun Comité de Defensa da República, organizado circunstancialmente. «Paco, tan pronto se viron perdidos, cruzou a fronteira portuguesa até Vlanova de Cerveira, onde foi detido de contado por unha denuncia do tenente da Garda Civil. Traslárono a Porto, onde pasou 48 horas e posteriormente devolvérono a Tui. Volveu en tren e convenceu aos que o custodiaban para falarlle ao barqueiro de Vilanova e que este lle comunicase á familia a súa situación».

A represión xa se estendera na vila de Dona Urraca «Paco non puido ingresar no cárcere, xa ateigado, e pasárono ao Seminario Maior habilitado como prisión. Na entrega sinalárono como comunista sendo republicano», lembra Isaura Gómez.

«A noite que me enteei que estaba preso, era de queda —non podía haber xente na rua despois das nove da noite. Mandeí un neno da miña paróquia, xa morto (Pepe de Leonida), a Goián para que informase do sucedido ao médico Don Cesáreo que xa estivera en Tui interesándose por Paco, compañeiro de estudos do meu home e de Valentin Paz Andrade, que xa estivera en Tui interesándose por Paco».

Isaura colleu ao día seguinte un taxi —que estaban secuestrados polos falanxistas— para ir a Tui «leváballe roupa e cartos a meu

home pero ao chegar ao Seminario Maior a sentinela non me deixou pasar. Boteime a chorar e nese momento saíu o avogado de Tui Manuel Pinto, que se brindou a acompañarme ao encontro con Paco e decidimos que fose a nosa defensa».

Desde entón, e durante dous meses viaxou a Tui de seguido, acompañado polos seus fillos Ivonna de 8 anos e Mário de

5. O Mário asiste a esta conversa coa nai, nunha praza de Caminha, e interrompe lembrando «tiñamos dúas visitas por semana de dez minutos. Nunha delas contemplei un fusilamento na Alameda de Tui —hoxe xardíns—, e aínda reteño aquela imaxe na cabeza».

Isaura non ten apenas forzas para contar o que sucedeu despois «unha noite chegoulle a el o turno e foi conducido con outros compañeiros até Mondariz, e foron todos fusilados». Alonso Ríos, despois da súa peripécia antes do exilio e denantes de embarcar en Lisboa lembra á Isaura «atopei a Isaura Gómez de Otero, o que fora meu segredario. Otero foi un dos «paseados» en Tui, entregado polos esbirros de Oliveira, pois tiña pasado a Portugal. Isaura era nada en Portugal; tan pequerrechiña de corpo coma grande de ialma».

Constituen en Cangas unha Comisión para lembrar aos 'Mártires do Angueiro'

O 28 de Agosto do 36 eran fusilados no lugar chamado Angueiro, pero do Alto da Portela, no Morrazo, once viciños de Cangas. Os corpos de Antonio Blanco Rodal, Guillermo Fernández Pavito, Daniel Graña, Xosé Nores Rodríguez, Uxio Bastos Jatón, Normandino Núñez Martínez, Alexandre e Xosé Martínez Pazó, Estanislao e Francisco Ferreiro Budiño e Secundino Ruibal foron atopados aos poucos días por un pesqueiro que andaba a fanear: foran atados os corpos mortos e guindados ao mar.

Unhas 40 persoas de Cangas foron asasinadas no 1936, entre elas o alcalde Xurxo Echeverri e o concelleiro socialista Lorenzo Corbacho. A todos eles quer lembrar unha comisión constituída ao feito, para «recuperar a memoria histórica silenciada ás xeracións nadas despois da guerra, e para homenxar á República e ás vítimas do franquismo».


Na Comisión toman parte Mariano Abalo, Xosé Collazo, Xosé Chapela e dous represaliados que estiveron na Illa de San Simón, Xoaquín Nores e Manuel Sotelo.

A Comisión proxecta realizar exposicións de documentos relacionados con este período, instalar unha escultura e adicarlle unha rua aos Mártires do Angueiro. ♦

Recadado un millón para o Monumento a Bóveda

A Fundación Alexandre Bóveda deu a coñecer que xa se ten chegado a recadar un millón de pesetas na suscripción popular que se segue para lle erguer un monumento a Bóveda e outros mártires do 36 na Caeira (Poio), onde se produciron os fusilamentos en Pontevedra. O orzamento calculado para a obra é de dous millóns e seguen abertas as contas nas Caixas de Pontevedra, Galicia e Ourense

O escultor Ángel Julio Zaldivar, xa ten moi adiantado o monumento, que terá unha dimensións de tres metros de alto por seis de longo e que se instalará no cruce de Poio con Pontevedra, ao final da Ponte de Barca. Quérese facer a inauguración no propio 17 de Agosto, a 60 anos do fusilamento de Alexandre Bóveda. ♦



CATÁLOGO A NOSA TERRA

Todos os libros e as publicacións de Edicións A Nosa Terra, pode atopalos permanentemente nestas 40 librarías de todo o país.



A Coruña

Couceiro II. A Coruña
Arenas. A Coruña
Lume. A Coruña
Colón. A Coruña
Nós. A Coruña
Hernández. A Coruña
Sargadelos. Santiago
Follas Novas. Santiago
Encontros. Santiago

Couceiro. Santiago
Pedreira. Santiago
Sargadelos. Ferrol
Helios. Ferrol
Brañas. Carballo
Sementeira. Noia
Cunqueiro. Pontedeume
Do Neno. As Pontes

Pontevedra

Escolma. Pontevedra
Michelena. Pontevedra
Paz. Pontevedra
Seoane. Pontevedra
Maxtor. Vigo
Cartabón. Vigo
Librouro. Vigo
Limiar. Vilagarcía
Vernet. Baiona

Biblos. Tui

Atlántica. A Guarda
Dalvi. Lalin
Sargadelos. Vigo


Lugo

Souto. Lugo
Biblos. Lugo
Aguirre. Lugo
Segrel. Vilalba

Porta da Vila. Viveiro
Xistral. Monforte

Ourense

Torga. Ourense
Stylo. Ourense
A Nova. Ourense
Epi. O Carballiño



Os educadores critican o 'multiculturalismo comercial' dos medios de comunicación

Concluiu o V Congreso *Pé de Imaxe* coa necesidade de transformar a globalidade imposta polas tecnoloxias

♦♦ A. ESTÉVEZ

A obriga de rexeitar os medios de comunicación tal como estan concebidos pero a necesidade de integrar as súas posibilidades na escola foi unha das conclusións coa que se pechou o congreso *Pé de Imaxe*, que se desenvolveu na Coruña do 1 ao 5 de Xullo. Os máis de douscentos educadores que se deron cita neste encontro coincidiron na proposta de xeralizar a *Educación para os Meios* e non deixar esta materia á vontade dos ensinantes. No Congreso, organizado por *Nova Escola Galega*, a *Escola de Imaxe e Son* e o curso de *Leitura da Imaxe* da UNED, presentouse o Comité Internacional do Consello mundial de *Educación para os Meios*, como resultado dos traballos do anterior *Pé de Imaxe*.

O Congreso tiña como finalidade de botar unha ollada crítica aos medios de comunicación e analizar tanto os seus mecanismos na construción da visión social como as posibilidades e transformacións que teñen como medios democratizados dentro da escola. Pero nesta quinta edición houbo un punto de debate que centrou moitas das intervencións: o multiculturalismo nos medios. Nas conclusións fíxose referencia á imposición dunha globalidade



Os educadores cren que os nenos non teñen que rexeitar os medios senon ter criterio ante eles. A. IGLESÍAS

que uniformiza a cultura dos medios ao mesmo tempo que se propon combatila desde novos conceptos superando termos dicimonónicos. "A lóxica do mercado e o consumo está a producir unha ruptura da territorialidade e das línguas pola tendencia privatizadora xerada polo capitalismo neoliberal, que favorece a expansión de grandes corporacións transnacionais que controlan os grandes medios e imponen un discurso excluinte. Neste contexto,

a democracia aparece como un espectáculo que se propón como metarelato único, no que ten difícil cabida a representación de grupos minoritarios sociais, étnicos ou de idade, feita coa súa propia voz e non como simples elementos secundarios do gran espectáculo do consumo".

Jose Luis Olivari, do grupo *Ceneca* de Chile propuxo, ante esta situación, refacer a memoria na escola a través da acción grupal pa-

ra fortalecer a sociedade civil. O profesor canadiano Robert Morgan sinalara na súa intervención que os mestres, nas aulas, evitaban todo o que tivera que ver co conflitos, moitas veces latente en diversos grupos representados na clase. Roberto Aparici advertiu que os grupos minoritarios como os xitanos ou inmigrantes sudfricanos non se sinten reflexados na imaxe que deles dan os medios, opinando que é negativa.

Na lectura da ponencia de clausura, o profesor londinense Robert Ferguson, en representación do Comité Internacional do Consello Mundial de Educación para os Meios advertiu que os cambios provocados polas novas tecnoloxias da comunicación son comparábeis aos da industrialización do século XIX e que no campo da educación "estamos a piques de ter que comezar desde cero". Advertiu tamén en relación coa multiculturalidade contra o "paraíso comercial" que exemplificou co modelo da publicidade de *Coca-Cola* ou *Benetton*. A expansión tecnolóxica "reclama dos educadores algo máis que unha celebración ou unha condeza".

Reflexión crítica

Pero a solución non é deixar

aos medios de comunicación de lado polo que os educadores aprobaron nunha das conclusións que se normalice a materia *Educación para os Meios*. "Nesta nova sociedade o papel da escola xa non debería ser esencialmente a transmisión de información, senón dotar ao alumnado de capacidades para acceder por si mesmo ás plurais fontes de información e construír os seus propios sistemas de organización desas informacións, discriminando, desde un desenvolvemento autónomo, cales son as valiosas e cales non o son". Sinalouse que os educadores deben vencer a resistencia aos medios.

A crítica aos medios é necesaria por contradecirse moitas veces os valores que estes transmiten cos do currículo escolar. "A *Educación para os Meios* e as intervencións críticas sobre a representación que os medios fan de certos estereotipos sociais ou sexuais teñen tamén obtido éxitos sinalados. En particular, a crítica dos estereotipos femininos na representación dos medios de masas fixo moito pola transformacións das relacións entre homes e mulleres nun sentido máis igualitario", di outra das conclusións. ♦

OPINIÓN

BERCLEY-RAMIRÁS (TOKE BRAVÚ)

DOS RAPACES DE CELANOVA QUE, DENDE CUBA, CHEGARON A VIRXINIA, ÁS MINAS DE CARBÓN

"San Pedro non me leves ainda que a miña alma pertence á tenda da Compañía"

Balada dos picadores galegos nas minas de West-Virginia

Azúcre e carbón. Cortiñas de Ramirás, cortiñas de Virxinia. O conto este díxono Míguez, un rapaz de Newark, New-Jersey, que marchou ao Sul, a atopar a tumba do seu avó, no cemiterio dos mineiros, no cemiterio dos galegos de Berclay. Unha historia poderosa. Seguindo a advertencia do *Mintireiro Verdadeiro*, edición do 94 (páx. 14): "Vexetamos nun mundo no que o diñeiro é a liberdade dos caguifas", aproveite para contala. Porque o bravú é iso, unha excusa para armar historias poderosas nestes días tristes de neo-caciques.

Newark (ou Nuarka) é a capital dos portugueses e dos galegos de New Jersey, ben perto de Nova York. Nas rúas escóitase a Quim Barreiros, ese de Vila-Praia de 'Ancora que canta "quero cheirarte o bacalhau, Maria...". E todos son de Ribeira, e todos son de Carnota, e todos de Celanova son.

Newark, terra de moita canfurnada, por iso levan os anos todos, á festa dos galegos, a Pilar, a mellor pulpeira de Celanova, que só sae da vila para coller o avión intercontinental.

Alí coñecín a Míguez, un de Rubiós, traballador da construción. Marchou a Nuarka por non facer o servizo, e acabou achando en Berclay, en West Virxinia unha lápida co nome do seu avó. Unha historia tan bonita que mete medo.

A comezos do século un lote de galegos da parte de Celanova, maiormente de Rubiós e Ra-

XURXO SOUTO

'Míguez, foi dende Newark a atopar a tumba do seu avó, encontrouna, e atopou tamén a Avelino Cartelle, un de Arnoia. Avelino segue en Berclay a contar as historias dos bravos de Celanova que deixaron o peito e a vida nesa terra"

mirás, marcharon a Cuba por ver de armar a súa vida. Da terra vizosa de Celanova e do val de Arnoia á terra bonita de Cuba. Pero o choio por aló non fa ben de vez. E moitos decidiron embarcar cara o Norte, atendendo as falancias de moito traballo e moito carto nas grandes minas. Marcharon mocifios agachados, como polizóns, entre os sacos de azúcre, que fan á Florida e despois tiraron cara o Norte a West-Virginia, a traballar nos Apalaches, nas grandes minas de carbón.

Ian mozos e moitos morreron ben noviños entre as travesas e os cavorcos. Hoxe, en Berclay, un grande cemiterio de lousas de apelidos galegos, e a indicación "nacido en Ramirás-Ourense" é a testemuña desta historia brava, que conto aquí, porque presta e tira moito do peito, na esperanza de que alguén mire máis polo asunto e a arme mellor.

Toda a épica das películas de mineiros que vimos de pequechos, está na biografía dos rapaces estes. Celanova/Cuba/Berclay. Azúcre e carbón, e a brisa boa do val de Arnoia. Traballaban para a Compañía de Minas, e cobraban en dólares ou en "bonos da Compañía" que gastaban na tenda da Compañía.

Moitos preferían traballar por libre e venderlle á Compañía, o carbón que fan picando cada xornada. Por aforrar cartos, puñan mechas pequechas e metíanse nos currunchos máis perigosos. Por iso había tanto accidente e tanta tumba hoxe en Berclay.

Os galegos das minas, empeñados nas timbas de picadores, cantaban esta peza ao acabar a noite: "Ai San Pedro non me leves ainda / que a miña

alma pertence á tenda da compañía". Peza tan bonita como a peza máis bonita dos Pogues.

Míguez, foi dende Newark a atopar a tumba do seu avó, e encontrouna, e atopou tamén a Avelino Cartelle, un de Arnoia. Un velliño das minas que acorda ben dos contos eses. Marchou da Arnoia cunha guitarra, porque quería ser músico. Arnou un conxunto cuns compañeiros e nas minas, fóra do mundo, a 15.000 kms de ningures, empezou a armar festa nos bares salvaxes de carbón e dinamita. Tronzou a guitarra que viñera a canda el da Arnoia e tivo que pedir outra por correspondencia. Como non sabía escribir en inglés, recortouna dun catálogo, pero equivocouse no recorte e no sitio da guitarra mandáronlle un violín. Non houbo problema, axiña Avelino Cartelle, comezou a serrar no violín e a facer pinchar carneiros cos dedos. O músico das películas das minas resultou ser galego. E Avelino segue en Berclay a contar as historias dos bravos de Celanova que deixaron o peito e a vida na terra esa.

Agora o lignito das Pontes non é bon, ten xofre dabondo, e hai que traer carbón dende Virxinia ao porto de Ferrol para facer mistura.

Cando vou a Recemel e vexo os camiións cargadiños de carbón cara a torre da Central das Pontes, penso nas voltas do mundo. Aló foron os rapaces aqueles deixar a vida no carbón. E agora ese mesmo carbón chega acá para que sega a funcionar a Central Térmica. Que o fume desa inmensa cheminea, ademais de espallar merdallada e chuvia aceda, sexa, polo menos un facho á súa memoria. Berclay-Ramirás, que a todos nos acorde sempre o esforzo deses homes. ♦

Xurxo Souto é cantante d'Os Diplomáticos de Monte Alto

O GAITEIRO SOLITARIO

MANUEL RIVAS

Ollada de muller na botella de viño

Nova Iorque e A Haia foron escenario da maior exposición antolóxica do pintor holandés Johannes Vermeer. Podíanse ver 23 dos arredor de trinta cadros que se supón pintou este artista do século XVII. Obras todas elas de pequenas dimensións, como as xanelas dos antergos fogares de Delf. Trátase dunha herdanza reducida en número pero dunha intensidade que enfeitiza a cada vez máis. Traballos como *A encaixeira*, *A leiteira*, *A calexa* ou *A moza de azul lendo unha carta* forman xa parte dun imaxinario museo universal. Soen representar estampas domésticas nas que predominan figuras femininas que realizan labores, tocan música ou len e escriben cartas que se adiviñan de amor,


impregnando todo dunha luz tan ensoñadora, tan verídica no seu artificio, que nos fai pensar que o autor era dono dunha técnica secreta. En todo caso, é unha luz fecundada, feita con pigmentos da alma, pois é ben sabido que a alma ten xanelas por onde filtran abrentes e solpores.

O mundo de Vermeer é un mundo burgués, no sentido orixinario, de aparencia apacible, onde todo semella estar no seu sitio. A primeira ollada, esas habitacións son illas de paz e serenidade, libres de toda ameaza, fogares ideais de cálidos veludos onde o tempo transcorre sen convulsións e onde quen pete na porta só pode ser a lei-

teira ou o carteiro. Non hai os luxos insultantes dunha alcoba aristocrática pero tampouco hai necesidades nin angurias materiais. Non obstante, hai un fondo inqueda nesa placidez, como se Jan Vermeer, con esa amabilidade extrema, suxerira a posibilidade de todo o contrario. O pan e o leite, a música, a carta de amor, esa teima na soedade feminina, son outras tantas xanelas ao envés non retratado do mundo. Tanta naturalidade hoxe resultan unha maravillosa irrealidade. É unha pintura da saudade, do que quixo ser e non foi. E nada o expresa mellor que a mirada das mulleres de Vermeer. Esa mirada acolledora, amorosa, soñadora, é tamén, ao cabo do tempo, un-

ha ollada, perplexa, nostálgica e triste.

A pintura de Vermeer non foi debidamente recoñecida ata o século pasado. Eses escasos cadros son hoxe, para o seu país natal, unha grande industria. Na Haia nós conseguimos entradas collendo sitio ás seis da mañán nunha fileira que parecía un anuncio multicolor de Benetton. Co reclamo de Vermeer vendíase de todo. Tamén botellas de viño *cabernet sauvignon* cos seus cadros de donas na etiqueta. Regalei algunha aos amigos galegos de Bruxelas. A min o tinto ponme triste. Sobre todo cando na botella baleira fica a ollada dunha muller de Vermeer. ♦

Xosé M^a Alvarez Cáccamo

'Os poetas da miña xeración equivocámonos no desprezo á poesía política'

Que libros recomendaría?

De literatura galega recente *Erros e Tanatos* (Xerais) de Gonzalo Navaza, que é unha exhibición de inxénio e fondura con relatos moi bons e non só de shock. E por citar un de poesía *Última fuxida a Harar* (Espiral Maior) porque para a nosa xeración Avilés de Taramancos é unha referencia indiscutíbel.

Que libros está a ler?

Estou con *Natura das Animalhas* (A Nosa Terra) de Carlos P. Martínez Pereiro, que é un bestiário da lírica profana galego-portuguesa, e polo que levo lido xunta amenidade e argumentación exhaustiva. Leo tamén *Norte* de Seamus Heaney (Hiperion) o Nóbel do 1995, un poeta con elementos épicos e tamén intimista.

Ven de publicar un novo libro de relatos, *A luz dos desnortados* (Espiral Maior).

En *A Luz dos desnortados* abordo algo que sempre me seduciú: as fronteiras da realidade, o que non se sabe se é vixilia ou soño, vida ou morte, persoaxes que pasan dun plano a outro e provocan a dúbida do lector.

Despois do pensamento débil, volve outra vez o compromiso?

O pecado que cometimos os poetas da miña xeración ao rexeitar o socialrealismo foi pensar que non podía volver a poesía política. Pero a realidade galega e mundial hai que denunciála, e o intelectual ten que comprometerse. É posíbel que esteña volvendo entre os poetas da miña xeración e os máis novos a necesidade de usar a voz colectiva, cunha linguaxe nova. Ademais non toda a estética do socialrealismo era má e ademais foi útil.

Cúmprense 60 anos do golpe do 36, como marcou á nosa literatura ese tempo de ditadura e de medo?

Paréceme que o silencio fronte a aquel impacto foi lóxico até certo punto nos mercados directamente (salvo Seoane ou Celso Emilio Xerais). Foi maior a presenza nos poetas seguintes da xeración de Ferrín. Aparte da emotividade no meu caso particular polo vencello familiar cos represaliados, ese tempo ten unha profunda carga dramática e un grande valor estético. ♦

CAMIÑO VELLO, CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

A música sen indumentaria

Estou seguro que aquel repoludo gaitero, de Rosalía, cando entraba pola vila, non levaba o uniforme distintivo da súa profesión, por moito pano sedán que vestise; el había de ser un home do seu tempo, cunha gaitiña enganadora, falangueiro e todo iso, pero vestido como os demais coetáneos seus; quizabes de aspecto máis coidado, pero seguro que, nin para tocar a gaita nin para que as nenas de amor saloucasen, necesitaba levar a indumentaria de gaitero.

Por sorte para todos, non sempre é o hábito o que viste á persoa. Non hai moitos anos, fíxoseme ridículo e vergonzoso, ver a certas vendedoras de obxectos para turistas, ataviadas coas roupaxes de folclórica Galega que, mais que enxalzar os traxes que tan ben soubo pintar Soutomaior, degradábanos.

Gústame escoitar a gaita sen adornos, improvisada, en campo aberto, á sombra dunha árbore ou debaixo dunha parra unha tarde de verán; tocada sen focos deslumbrantes nin vestuario de modisto; porque a música, cando é música, non necesita unha indumentaria que a anuncie. ¿A quen se lle ocorre, para tocar unha peza de Mozart, cubrir a cabeza cunha perruca de rizados brancos?

Se á gaita lle poñemos marco acabará nunha vitrina.

Así tamén debe entendelo este mozo que un día me sorprendeu pola entrega con que tocaba, tanto a gaita como a fruta, as cunchas ou a pandeireta, sempre sen ánimo de guerra nin falsa modestia. O rapaz sabe que o fai ben e con-



segue o que pretende, que quen o oía disfrute coas súas interpretacións.

A emoción e o sentimento é o que lle dá vida á música e impide que sexa peza de escaparate.

O que este sexa un músico tradicional tampouco lle impide vivir cos tempos, entender unha canción en inglés ou resolver os seus deberes escolares nun "PC" con "compact" incluído; unha cousa non ten por que negar outra. Di, sen vergoña, que non lle gusta vestir as polainas porque lle dan calor e prefire a camiseta do indio para ventilar os sobacos; sen que por iso o seu xogo de moneca deixe de ser a verdadeira partitura de todo o grupo. O seu

tambor, "sempre con puxante brío" transmite o ritmo e imprímelle forza á peza.

Nos ensaios, antes de que chegue o director, emula ao batería dos Rollings sen sacar o tambor do lombo, e non por tal se engana cando lle din: agora unha muiñeira e despois unha xota...

Os días de actuación son-lle un aburrimento, e dí, porque é cando deixa de tocar para si e pasa a ser o músico dos demais, atado aos gustos alleos. Pero peor é cando lle toca facer os pasarrúas; a el que non lle gusta madrugar, non lle vai iso de terse que erguer de amañecida, para andar e andar a mañá enteira, ata cansarse e desfalecer baixo os calores estivais; e despois, aínda

hai algúns explotadores, nas comisións de festas, que esixen unha sesión vermú. ¿A quen se lle ocorre tocar despois de dúas ou tres horas de camiñada? E aínda se escoítaran, pero ás veces nin iso. E que non haxa un fallo, sobre todo nel que non usa uniforme.

Hai que ver a maldade dalgúns cando lle notan un falliño de nada; axiña botan a risiña polo baixo, "que maliños son". Ao mellor, se a Xunta ou a Deputación lle pagase uns traxes cheos de adornos dourados e reberetes, aínda que só sopraren ruidos e el mazase no tambor coma quen maza en ferro duro, habrían dicir, o que hoxe digo eu deles, "que caralludos, ¡que ben o fan!" ♦

Do 13 ao 21 esta localidade do Norte que nos une co mar de Irlanda e Bretaña volta a recibir a todos os afeizoados a via-
xar, escoitar música con raza e gozar da natureza. Un símbolo

das nosas melloras tradicións que volta con boa saúde. Dú-
cias de músicos e milleiros de
espectadores só preocupados
de que o ceo non caia sobre as
suas cabezas. ♦

Allariz

■ GASTRONOMIA

FEIRA DO AMENDOADO E DO MELINDRE

O Venres 12 e Sábado 13, Allariz acolle a primeira edición da feira do doce e o amendoado, á que asisten 11 artesáns cos seus produtos. A feira abre o Venres ás 20,30 h. cos Gaiteiros do Incio.

Barbanza

■ CURRO

A CUROTA

Na Serra da Barbanza o Sábado 13 de Xullo.

Burela

■ EXPOSICIÓNS

MOMENTOS

Fotografías da vida cotián en Burela, na casa da cultura da vila até o 15 de Xullo.

Carril

■ GASTRONOMIA

FESTA DA AMEIXA

O Domingo 14 en Carril.

A Coruña

■ EXPOSICIÓNS

JOSÉ BALMÓN E OUTROS

José Balmón, José María Sánchez, Casimiro Xil, Teresa González, Luis Cabeza e Buenaventura García, presos en distintos cárceres do Estado español, son os criadores da mostra de pintura e escultura aberta no local da CIG. Rafael Gómez Parra describe a obra de José Balmón, na nota da exposición "As esculturas de José Balmón, teñen a gracia de estar feitas co papel dos mesmos xornais que dia tras dia gaban o capitalismo e aldraxan o socialismo. Da mentira o escultor saca o material para dar forma a súa verdade, a esa verdade dunha España que sofre, que padece e que chora, pero que sobre todo loita e resiste. O papel dos xornais -o único que pode entrar nestes cárceres matohomes- transfórmanse así nun instrumento de loita, cun obxectivo moi distinto ao que lle deron os seus donos, os fanáticos dos cartos, do capitalismo e da explotación". Até o 15 de Xullo, de 18 a 20 h., agás Sábados e Domingos, no local da CIG: Ronda de Nelle 11-baixo.

PINTURA NO DESERTO, MUNDO SAHARAUI

A Casa Salvador de Mada-riaga acolle esta mostra fotográfica sobre o cotián sa-
haraui até o 17 de Xullo.

EUROAMERICANA DE GRAVADO

Até o 28 de Xullo na esta-
ción marítima.

Carteleira

C.X. LÓPEZ-PAZOS

MISION IMPOSIBEL. Versión cinematográfica da vella serie televisiva. A nostalxa axiña se dilue coas cenas aburridas que quedan por baixo de calqueira filme da serie Bond. Cruise: guapo cando sorri; como actor fáltalle moito aínda.

FARGO. Un suceso violento nunha pequena cidade. Narrado co estilo directo e reporteril de Truman Capote. Os irmáns Coen (Morte entre as frores) conseguen certa orixinalidade formal, pero non profundizan no carácter das persoaxes.

TERRA. Julio Medem presenta un film ao Win Wenders. Bos efectos especiais e un poético guiño. Roza o surrealismo, aínda que a película acaba un pouco destemplada polo traseiro de Silke.

ONDE RESIDE O AMOR. Un grupo de vellás reúne-se ao redor dunha colcha, na que cada unha borda o motivo central da súa vida. A personaxe máis nova (Wynona Riders) trata de encontrar un critério para escoller matrimonio.

AS DUAS CARAS DA VERDADE. Richard Gere é o gancho comercial desta película que ten como engado principal o peculiar funcionamento do sistema xudicial americano. Xogando coa paradoxa da culpabilidade dun

adolescente, un arcebispo *voyeur* asasiñado e un advogado que se sente chamado a redimirse do seu valeiro afán de protagonismo. O de sempre, desta volta adubiado coa maravillosa voz de Dulce Pontes.

FOUR ROOMS. Catro historias asinadas por Allison Anders, Alexandre Rokwell, Robert Rodríguez e Quentin Tarantino, cun botón e un hotel como fio condutor dunha morea de chistes facilóns (de noite de café e tequila) onde Tin Roth (omnipresente e xa investido da categoría de gran historiador ao Gary Oldman) fai unha homenaxe á máscara de Charlot e Jerry Lewis (autor do xenial *O botón*), ademais de outros actores de comedia. Tamén está Banderas nesta trécola de película sen pes nen cabeza.

ABERTO ATÉ O MENCER. Outra vez os mesmos nomes. Rodríguez asina e Tarantino escribe e interpreta. As paixóns cinematográficas infantís de Rodríguez, mexicano de pro, asoman neste filme de homenaxes e referencias (gore, cine de vampiros mexicanos e truculencia a esgalla) de mestura abrupta e gratuita de xéneros, fabricado para solaz dos seus autores. Que fai un gran actor coma Harvey Keitel nesta película?

O CARTEIRO (e Pablo Neruda). Continua nalguns cines e paga a pena mesmo viaxar para vela, se xa non a botan na súa cidade. Protagonizada por Massimo Troisi. ♦

paña da Unión europea contra o racismo. Aberta na galería Sargadelos até o 19 de Xullo.

A Guarda

■ POESÍA

FESTIVAL DE POESÍA DO BAIXO MIÑO

O Domingo 14 de Xullo na Fonte Bieita (A Gándara), Amigos da Poesía Baixo Miño celebra por segundo ano un festival poético. O comezo está fixado ás 11 da mañá cun grupo de baile, ao que segue un recital cos poetas Estrella Velasco, Felicidad Rodríguez, e Antonio Alonso Fontán, entre moitos outros. Tamén contan coa actuación dos grupos de gaitas Os Pelouros e O Percamino. Xa na tarde voltarán falar os poetas e aínda actuarán doutravolta os gaiteiros. O festival ten previsto rematar ás 6 do serán.

Gondomar

■ MÚSICA

FESTAS DE SAN BIEITO

As festas de Gondomar comprenden a actuación da Unión Musical de Vigo, Los Chunguitos e as orquestras Solymar e Nubes, o Xoves 11. Para o Venres 12 actúa doutra vez a Unión Musical de Vigo, e as bandas Pasadena e Ciudad de Vigo. De remate, Sábado 13, suben ao cenario La Marabunta e Los Piratas.

Moaña

■ MÚSICA

O FOLKLORE DO MAR

O Sábado 13 a partir das 10,30 da noite no porto de Meira, actúan, ademais do grupo da asociación Meiramar-Axouxeres, Folklorístico Dansgroupe Paldina de Holanda e Ensemble Danseire Red de Iugoslavia dentro do terceiro festival artellado pola asociación Meiramar-Axouxeres.

reira do Domingo 21 (18,30 h). A inscrición fica aberta no local da asociación e pecha o Sábado 20 ás 13 h. na Alameda de Esteiro onde hai que presentar a carrilana. Hai trofeos para os tres primeiros de cada categoría, as tres carrilanas máis elaboradas, a carrilana do ano, e ao gañador do Gran Prix. Maior información no (981) 76 39 95.

A Estrada

■ GASTRONOMIA/MÚSICA

FESTA DA CARNE

Na praia fluvial do río Liñares (sol, herba, sombra de carballos e río) os días 13 e 14. A carne faise á brasa co coiro levando o proceso de asado unhas vinte horas. Xunto co pan, o viño de Valdeorras, e o queixo con mel, a ración vai ás 2.000 pta., aínda que tamén hai menú infantil. No apartado musical o día 13 e a partir das 22 h. tedes a música tradicional do grupo de gaitas *Ancoradoiro* ademais dos solistas X.M. Budiño, João Pintos, X.M. Santiago Cribeiro e Quique Comesaña. A continuación fai a lectura do pregón o cantante dos Diplomáticos Xurxo Souto para dar paso á actuación de Xenreira e dos propios Diplomáticos. O Domingo 14 a romaría estará amenizada polo grupo O Liño do Cuco.

Ferrol

■ EXPOSICIÓNS

SOMOS DIFERENTES, SOMOS IGUAIS

Paneis e fotografías nesta mostra encadrada na cam-

Mugardos

■ GASTRONOMIA

FESTA DO POLBO

O fin de semana do 13 e 14 celebran a quinta festa do polbo de Mugardos.

Nigrán

■ MÚSICA

LOS SUAVES

Actúan o Sábado 13 ás 11 da noite no Polideportivo de Panxón. A entrada custa 1.400 pta. antecipada, e 1.700 pta. no concerto.

Oleiros

■ EXPOSICIÓNS

ÁNGELA PÉREZ MEILAN

Expón óleos na Casa Charry, paisaxes e bodegóns, até o 13 de Xullo. Abre ás visitas de Luns a Sábado de 7 a 9.

Ortigueira

■ MÚSICA

FESTIVAL DO MUNDO CELTA

Outravolta o Festival do Mundo Celta con exposicións, cursos, zona de acampada e tres días de concertos do Xoves 18 ao Sábado 20. Xoves 18 actúan Ronsel, Mercedes Peón e Xaque Mate da Galiza, o escocés Shooglenifty, e o bretón Gwerz. Venres 19 tocan Kepa Junquera (Euskadi), Llan de Cubel (Astúries), Callino (Eire), Robaleira e Cempés (Galiza), e a Mauchilen Distric Pipe Band (Escocia). Ao día seguinte, Sábado 20, poderase escoitar a Escola de Gaitas de Ortigueira, os Lagoa da Raíña, a Mauchilen Distric Pipe Band, desta vez cos seus paisanos de Iron Horse, e o grupo irlandés Dervish. Tres días de música celta, que se poden seguir de acampada no piñeiral da praia de Mou-



O grupo Xaque Mate xunto con Mercedes Peón, abaixo, son algunhas das numerosas atraccións do Festival de Ortigueira.

A Música das Pedras

Na Fundación Barrié de la Maza e durante todo o verán están expostos as reproducións dos instrumentos do Pórtico da Glória.



Esteiro

■ COMPETICIÓN

BAIXADA DAS CARRILANAS

A sociedade cultural recreativa e deportiva Esteirana organiza o noveno Gran Prix de Carrilanas do 18 ao 21 de Xullo. As carrilanas teñen que levar eixos e rodas de madeira, que poden ir cubertas de goma sen aer,



Navehando en pintura, exposición do Indi Bidrio na Fundación Nautilus da rua Azul Marino (antes Manuel Núñez) de Vigo.



rozos (con auga potábel e servísios hixiénicos). Paralelo ao festival decorre o curso de instrumentos tradicionais, do 15 ao 17 de Xullo, con clases impartidas por profesorado experto procedente de toda Europa, e aínda no festival atópase a feira de artesanía e as mostras de instrumentos e traxes tradicionais. Maior información no Concello de Ortigueira (986) 40 00 00.

Ourense

EXPOSICIÓNS

COLECTIVA NA SA MARIMON

Obra de Alfonso Albacete, Ignacio Basallo, Ignacio Burgos, Alberto Datas, María Xosé Díaz, Almudena Fernández, Ramiro Fernández Saus, Monserrat Gómez, Vicente Prego e Manuel Sainz. Pintura e escultura na sa Marisa Marimón, até o 31 de Xullo.

A Pontenova

MÚSICA

A TODO TANGO

Espectáculo de danza e música o Sábado 20.

Pontevedra

CINEMA

TERRA E LIBERDADE

O Mércores 17 ás 20 e ás 22,15 h. na sa de Caja Madrid, dentro do programa do Cine clube Pontevedra pasan *Terra e liberdade* (España-Inglaterra, 1995) de Ken Loach. Un repaso á guerra civil desde as trincheiras republicanas.

Porriño

POESÍA

POESÍA EN CACHOS

A Asociación cultural do Louro organiza un recital poético o Venres 12 ás 10,30 da noite na terraza do bar D'Relax, ubicado no barrio dos Cachos. Participan os poetas Moisés Álvarez, Felin Romero, Ismael Florito, Ana Teijeira, Ma-

Convocatorias

CONCURSO DE GAITA CONSTANTINO BELLON

O Ateneu Ferrolán convoca o sexto concurso de gaita Constantino Bellón, aberto a todos os interesados e as gaitas grileiras, redondas ou tumbais. A interpretación no concurso non superará os cinco minutos, e constará dunha peza inédita, criada expresamente para o concurso e máis unha peza tradicional ou de autor. Para participar hai que remesar unha fita gravada coa peza *A lixeiriña* de Carlos Lorenzo Lemos, baixo pseudónimo e plica, sempre antes do 15 de Xullo, ao Ateneu Ferrolán: Madalena, 202. Ferrol. A plica levará os datos persoais e máis as partituras da peza inédita e tradicional. Todos os finalistas recibirán 10.000 pta. en concepto de axudas, 15.000 pta. se están domiciliados fóra da Galiza, e máis unha estatuiña de Sargadelos baseada nun óleo de Luis Seoane, cedido pola súa viuva Maruxa. Dez finalistas seleccionados polas gravacións, disputarán vestidos co traxe tradicional o premio único de 300.000 pta., e ao remate interpretarán conxuntamente a peza obrigatoria.

XUNTANZA DA ASOCIACION LOSTREGO

A asociación cultural galega na emigración *Lóstrego*, organiza o 20 de Xullo, o Sábado denanterio ao Día da Pátria como é preceptivo, un "encontro do recoñecemento das máis grandes falcatradas nos eidos do bon comer e bon beber non esquecendo a idiosincrasia da nosa fala, cultura e pensamento da nación galega", no que terán lugar "lebranzas, achegamentos e retrincos dos traballadores/as, vividores/as, estudantes/as e demais animais/as que nuns anos chamados de dictadura, loitaron pola ruptura democrática popular, e logo polo establecemento das liberdades ideolóxicas e políticas, pasando moitos deles/as a continuar na loita nacionalista con (GA), nos eidos do acratismo total i otros en Junta". O xuntoiro comeza ás 11 da mañá no lugar de Aira Padrón, na cantina (Mesa cantada) cun guía para facer un percorrido pola ribeira do Louzara, e de dúas ás tres agardarase no mesmo lugar cunha sesión *vermouth* prévia ao xantar. Para calquer cuestión perguntar por Manolo no (982) 21 06 05 en horas de oficina, ou por Mariña e Milucho no (982) 25 31 45, ás tardes.

FOTOXORNALISMO E COMUNICACION SOCIAL

Xurxo Lobato dirixe o seminario de Fotoxornalismo e Comunicación Social que organiza a Universidade da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo. Este seminario decorrerá na Coruña, do 22 ao 26 de Xullo coa participación de Manuel López (revista Foto), Paul Hanna (Axencia Reuter), Pepe Baeza (La Vanguardia), Jaime Mar (El Periódico de Catalunya), Fernando Gutiérrez (El País de las Tentaciones), José Manuel Navia, Jordi Socías, Carlos Pérez de Rozas (La Vanguardia) e Eddie Adams (Premio Pulitzer 1969). Inscripcións na Secretaría da UIMP: Palácio de Congresos. Glorieta de América s/n. 15004 A Coruña. Teléfono (981) 14 08 30. Horario de Luns a Venres de 9,30 a 13,30 h.

ACHEGAMENTO AOS PARQUES NATURAIS

A escola de educación medioambiental CEM, ten previsto realizar do 1 ao 9 de Agosto, un curso sobre os parques naturais de Galiza para afondar nas súas posibilidades didácticas.

Consta de sesións teóricas na Coruña, e prácticas nas que se visitarán os dous parques máis significativos, Corrubedo e Xurés. Un total de 36 horas, repartidas en 6 días, que teñen aberta inscrición na CEM: Calvo Sotelo, 43. A Coruña. Teléfono (981) 26 56 40.

PRÉMIO DE POESÍA ESQUIO

Convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade de Cultura Valle-Inclán de Ferrol, ofrece 1.000.000 pta. para o gañador. Os orixinais han chegar por triplicado e baixo plica antes do 31 de Xullo á: Sociedade de Cultura Valle-Inclán. Madalena, 234-2º. 15402 Ferrol.

CURSOS DE VERAN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Enerxias renovábeis e meio ambiente, Síntese propietaria e procesado de polímeros, Eficiencia enerxética e Prehistoria e Arqueoloxía Galega son os catro cursos da Universidade de Vigo, que quedan por impartir no centro cultural Caixavigo do 15 ao 31 de Xullo. Para maior información hai que dirixirse ao Reitorado (Rua Porto): teléfono (986) 81 36 36.♦

REDONDELA
Tanxarina
Teatro anda
cos seus
espectáculos
polas
parróquias
de
Redondela

SANTIAGO
Continua a
exposición
adicada ao
pintor
dadaísta
francés F.
Picabia no
Museo do
Povo Galego

MONUMENTO A BOVEDA

Se quer colaborar na realización desta obra na Caeira (Poio), pode realizar o ingreso nas contas:

CAIXA PONTEVEDRA
2057 0001 18 3300106697
CAIXA GALICIA
2091 0500 10 3040042433
CAIXA OURENSE
2046 0750 27 3040018967

nuel Domínguez Senlle, Alfonso G. Pato, Diego Xiráldez e Kiko Neves. Cáseque todos con obra no libro *Baldío* editado pola propia asociación do Louro.

Porto do Son

EXPOSICIÓNS

OS NOSOS ARTISTAS

Obra de pintores e pintoras locais na Casa da cultura, até o 19 de Xullo.

Quiroga

TÍTERES

CACHIRULO

Títeres Cachirulo leva o seu espectáculo a Quiroga, o Venres 12 de Xullo.

Redondela

EXPOSICIÓNS

OS ALBUMES DA GUERRA

É a derradeira semana para visitar as tres importantes coleccións da guerra, expostas de vez na Casa da Cultura até este Xoves 18. Ateneu Redondelán, a Asociación de mulleres Xanela e máis o Cine clube Claqueta conmemoran os 60 anos do Plebiscito do 36, cunha mostra dos Álbumes de guerra de Castelao, o Fardel da Guerra de Xosé Conde Corbal, e a colección de cartazes do Estatuto de Autonomía do 36, de Isaac Díaz Pardo. Tres coleccións que van acompañada dunha escolma da revista *Terra* voceiro do Partido Galeguista de Redondela.

TÍTERES

TANXARINA DE XIRA

O grupo de títeres e marionetas Tanxarina de Producións Teatrais do Sur chegou a un acordo co Concello de Redondela para relizar varias funcións polas parróquias da vila. Tanxarina comezou a xira o pasado día 6 de Xullo, tras o seu paso polos festivais de teatro de Cuba e Colombia, e á volta do FI-



RENATA OTERO

Pintura, escultura e unha instalación na galería Minotau-ro. Abre até o 16 de Xullo.

FRANCIS PICABIA

O *soño español* titula a mostra sobre o artista dadaí francés Francis Picabia (1878-1953), que trae 45 cadros escollidos entre 1902 e 1950. Abre no Museo do Povo Galego, até o 13 de Xullo de Luns a Sábado de 10 a 13 h. e de 16 a 20 h.



MAX ERNST

A Fundación Eugenio Granell expón pinturas e gravados do pintor surrealista alemán vencellado os dadaístas de Colonia, Max Ernst (1891-1976). Abre de Luns a Sábado de 11 a 14 e de 17 a 21 h., Domingos de 11 a 14 h., Martes pecha.

MÚSICA

DAVID QUIGGLE

Concerto de viola o Xoves 11 no Centro de Arte Contemporánea. Interpreta obra de Stravinsky, Ligeti, Berio e Grisey.

MIGUEL BOSÉ E AZUCAR MORENO

Na praza do Obradoiro o Martes 16.

ELVIS COSTELLO

Na Quintana o Mércores 17.

TEATRO

ELEKTRA

De Ricardo Iniesta, interpretada por Teatro de La Atalaya, os días 17 e

18 no Teatro Principal.

Salceda de Caselas

TEATRO

O MAGO ANTON

O Mago Anton presenta o seu novo espectáculo *Por Antonomásia*, con seis funcións a partir da 1 da tarde do Domingo 14.

Publicacións

A XANELA

A asociación Eira Vella de Betanzos, publica *A Xanela, revista cultural das Mariñas*, que comeza unha segunda época cun número de primavera, tras distribuírse durante un ano como suplemento do xornal mensual *Betanzos y su comarca*. A revista comprende textos sobre o Día das Letras, Ferro Couso; a maia de Tiobre, un recibimento pagán da primavera plasmado na fotografía tomada pola antropóloga británica Annette M. B. Meakin en 1909. E aínda espazos de creación literaria, críticas á incineración, o percorrido mariñán do Padre Sarmiento, ou os poemas de Rafa Villar entre outros textos. Un total de 24 follas de coidado deseño que se poden peder na asociación cultural Eira Vella: Apartado 107. 15300 Betanzos.♦



Vigo

EXPOSICIÓNS

O GABINETE DO COLECCIONISTA

A galería Ad hoc abriu o pasado Venres 5, o Gabinete do coleccionista onde reúne obra en pequeno e mediano formato de máis de 30 artistas de distintas nacionalidades. Leiro, Berta Cáccamo, Pedro Proença ou Antonio Murado, teñen representación nunha sa colmada.

SALCEDA
Novo espectáculo do Mago Anton

Anúncios de balde

■ **Falcatruada.** Fanzine con música, artigos de opinión, cricación literaria... No número 0, entrevistas a Ruín Bois, Brams, Nivel 30, Zénzar, Trasto e máis... Se queres conqerir o nº 0 de Falcatruada, manada un selo de 20 pesos a: Ramiro Vidal Alvarinho, Rúa do Viouteiro, 5. 15179 Lians, A Coruña.

■ **Lume contra España,** mensagem que atoparás nos isqueiros que vem de editar a **Assembleia da Mocidade Independentista.** Por só 42 pesos cada um. Enviade em selos á Caixa dos Correios 561. 36080 Pontevedra. Ou ingresar a mesma quantia na conta 2091-0500-3000087782 de Caixa Galicia.

■ **Alégase vivenda unifamiliar ao lado da praia.** Zona de Cangas. Chamar ao 31 43 00, á noite.

■ **Se queres un canciño pequerrecho** chama ao (986) 36 73 91, e pregunta por Lois.

■ **Regálase un gatiño.** Atende por Tomi. É un gatiño moi cariñoso e moi listo, anque as veces morde para xogar. Perguntar por Nico no (986) 20 18 25 ou no 20 16 65.

■ **Grande oferta en discos e cassettes.** Preguntar polo sr. Baños, telf. (988) 21 05 85.

■ **Extraviouse "Diccionario marítimo y de construcción naval"**, bilingüe inglés-español. O Mércores 26 de Xuño no Auditorio do Centro Cultural Caixavigo. Urxe recuperación pois é edición única esgotada. Telf. (986) 43 65 84 e 22 22 72.

■ **Busco libros, revistas ou tebeos en galego ou portugués,** xa que por eiqui non atopo publicacións nesas linguas. Antoni Raimón Martí Giménez. Pintor Ferrer Carrera, edificio St. Germain 1. 1º. 46400 València.

■ **Renovação.** Embaixada Galega da Cultura vem de publicar o livro **Contos do Outono** do escritor **Moncho de Fidalgo.** Distribuí Gralha; apartado dos correios 678. 32080 Ourense. Galiza.

■ **Para informaçom e solidariedade com os/as presos/as independentistas da Galiza,** escreve ao Apartado 875 de Compostela. Fai-te coa revista das **JUGA A Treu.** Distribuímos material para a solidariedade.

■ **Aulas de inglés:** estudante do último ano de Filoloxia inglesa, recen chegado de cursar un ano de estudos en Inglaterra dentro do programa Erasmus e con experiéncia, imparte aulas de inglés a todos os niveis. Tamén aulas de lingua galega, lingua española e resto das humanidades. **Chamar ao 25 55 88 da Coruña** e preguntar por Gúmer preferiblemente ao xantar e ás noites.

■ **O Movimento Defesa da Língua (MDL) envia o seu boletim Língua Nacional** a quem o desexar. Inclui material á venda para se autofinanciar: camisolas, libros, bandeiras, etc. Fazel as vosas encomendas do Boletim; enviando selo de 30 pta. no Apart. Correios 570 de Ferrol.

■ **Gralha Nº 11: boletim periódico.** Isaac Díaz Pardo: "Ainda estamos vivendo no franquismo". **Isuissommo fiscal, como fazê-la. Noticias. Galeguizar o computador... Envio gratuito** a quem o solicitar no Apartado 678. 32080 Ourense.

■ **Contra o bloqueio, solidariedade con Cuba.** Durante todo o mes de Xuño, Galiza Nova en colaboración co concello de Rianxo e a Asociación Rianxeira de Empresários organizan unha campaña de recollida de axuda humanitaria para o povo cubano. Recomendamos medicamentos e material

farmacéutico (xeringas, antibióticos...), alimentos imperecedeiros (conservas...) e material escolar de todo tipo. Entregas nos locais das oficinas de Información Xuvenil e Turismo (baixos da Casa da Cultura, antigo cuartel vello) de 10 a 13 e de 17 a 20 horas.

■ **Somos unha casa de labranza cinxidos de 45.000 m² adicados á agricultura biolóxica e a bosques autóctonos.** Temos tamén cabalos e damos aloxamento. Estamos situados á beira do Miño. Para máis información chamade ao teléfono (986) 66 64 13.

■ **Descenso de rios e rotas pola enseada de San Simón,** en piráguas estábais, fins de semana, organiza o Náutico de Cobres. Chamar en horas de oficina ao (986) 26 24 95, ou ao 67 24 71 ás noites.

■ **Urxe vender 100 accións de A Nosa Terra,** a 4.000 pta. Teléfono (986) 47 21 87.

■ **Já podes conseguir a bonita nova camisola de Meendinho: A derradeira liçom do mestre,** homenagem a Alexandre Bóveda no 60 aniversario do seu assassinato. Pede-a contra reembolso indicando talha ao Apartado 678 de Ourense. Preço: 1.500 pta.

■ **Cursos de inglés para novos e maiores en Edinburgo (Escócia),** meses de Xullo e Agosto, acompañados por profesora: (986) 26 24 95.


■ **Alugo apartamento estudio en Sanxenxo, Xullo e Agosto.** Chamar ás noites ao (986) 72 44 76.

■ **Véndese precioso vestido de noiva.** (986) 23 67 06, preguntar por Maria Xosé.

■ **Persoa responsable busca apartamento económico en Ourense cidade.** Chamar ao (986) 88 16 17.♦

Encrucillada

XOAN COSTA



HORIZONTAIS:

1. Percibían pola vista 5. Caverna, gruta 8. Ao revés, entrega algo a alguén 9. Que non é novo 12. Preposición 13. Coñezo. 15. Profira un discurso; rece. 16. Deus do islamismo 17. De estatura inferior ao comun. 19. A parte de atrás de algo 21. Parte das plantas onde están os órganos de reprodución 23. Avaro, mesquiño 25. Soltará algo que ten agarrado 26. Din que é o rei dos animais 28. Elemento de formación de palabras que expresa a idea de dentro 30. O mesmo que trae 32. Emita o voto 33. Parte final do intestino 34. Entregue algo a alguén 36. Parte do chapeu ou do tellado. 38. En números romanos, cincuenta e un 39. Promesas que fan os relixiosos 41. Ao revés, adverbio de afirmación. 42. Barco que se usa para facer viaxes de diversión. 43. Terra rodeada de auga por todas as partes

VERTICAIS:

1. Dirixeste a un lugar 2. Crenzas que ten unha persoa 3. Que non ten roupa 4. Río que pasa por Padrón 5. Contracción 6. Adverbio que significa o mesmo que eis 7. Nome de muller 10. Vibración dun corpo transmitida polo ar. 11. O que ven despois do nove 14. Retrete, váter 16. Soportar 18. Parte areada no centro dos anfiteatros. 20. Continuamente, sen parar. 21. Bile, líquido que se produce no fígado para axudar a dixestión. 22. Trate mal de palabra para humillar 24. Embarcación grande 27. Raza, pobo, nación. 29. De pouca forza 31. Despistado, distraído 32. Vacío, oco. 33. Naquel lugar 35. Abreviatura de et caetera 37. Peza saínte que teñen algúns obxectos e serve para collelos 39. Percibe pola vista 40. Adverbio de afirmación

Caldo de letras


C Q A Z P G P T M D Z B
L R R Q A E O Z C Q R Ñ
O I A F T I R L A N D A
V E C Z A A T Ñ I A U I
G G E L I T U A N I A U
G V U N U L G T O N I Q
E Z S H A R A B D A C E
P O K T F D L G E M O H
B T A G E C R O C U C C
Ñ C D D P N S N A R S X
F R I U L T N V M R E V
Q M M B Ñ Q Z O R P I T

Trece nomes de nación europeas.

SOLUCIONS A ENCRUCILLADA

arreo 21. fel 22. axe 24. etc 37. asa 39. ve 40. si
16. aguanza 18. arena 20. 31. ido 32. vao 33. ali 35. nao 27. entia 29. debil

SOLUCIONS AO CALDO DE LETRAS



Verticais
1. vas 2. ideal 3. nu 4. sar
5. co 6. velai 7. ana 10.
son 11. dez 14. inodoro
16. aguanza 18. arena 20.
31. ido 32. vao 33. ali 35.
nao 27. entia 29. debil
42. late 43. illa
38. li 39. votos 41. is
33. ano 34. dea 36. aba
endo 30. trai 32. vote
deixara 26. leon 28.
zaga 21. flor 23. rui 25.
ore 16. ala 17. aman 19.
usado 12. en 13. sei 15.
1. vian 5. cova 8. ad 9.

máis de cen cadros, das máis variadas tendencias. Abre até o 7 de Agosto, Luns de 18 a 21,30 h., de Martes a Venres de 11 a 13,30 e de 18 a 21,30, e Sábados de 12 a 14 h.

NAVEJANDO EN PINTURA

Obra recente de **Indi Bidrio** na Fundación Nautilus (Rúa Manuel Núñez, 16), até o 15 de Xullo.

A CULTURA DO PAN

E *As tradicións mariñeiras*, dúas mostras abertas na aula etnográfica de Saiáns. Visitas concertadas no (986) 46 08 12.

O MORRAZO

Unha análise *eco-xeográfica*, aberta na sá dos Peiraos até o 14 de Xullo.

GARDENIA MAYO

Expón pintura na sá de arte Caixavigo. Abre até o 16 de Xullo, de Luns a Sábado de 18,30 a 21,30 h.

GRAVADOS DOS ANOS 90 DE LAXEIRO

A Casa das Artes acolle até o 30 de Setembro, gravados realizados por Laxeiro nos 90, ao tempo que mantén aberta a mostra antolóxica do mesmo autor. A sá abre de Luns a Venres de 11 a 14 e de 17 a 21 h. Sábados á tarde e Domingos á mañá.

OS DESASTRES DA GUERRA

Uns 80 gravados ao augaforte de 24x34 cm., feitos por Goya, e pertencentes pá primeira tirada (1863) realizada pola Academia de Belas Artes de San Fernando. Expostos no centro cultural Caixavigo.



MÚSICA

ATURUXO E CANTARELA

Gaitas e pandereiteiras o Domingo 14 no Centro cultural Viciñal de Valadares.

TEATRO

OS TEMPOS QUE CORREN

Chelo Pampillón dirixe **Atrezo Teatro** na encenificación de *Os tempos que corren* de Joaquín Amoedo López. Actuan no centro Caixavigo o Venres 12 de Xullo ás 10,30 da noite.

Vilalba

EXPOSICIÓNS

O CASTRO DE VILADONGA

O Museo do Castro de Viladonga celebra o seu décimo aniversario e o viséximo das primeiras escavacións na impresionante citanía que coroa o val do nacemento do Miño. Dez mil metros cadrados cun extenso antecastro onde apareceron varios torques celtas, táboas de xogo, pezas de cerámica ou aneis, entre un conxunto de achádegos que sobarda variedade. En parte pola longa vida deste castro, habitado desde a época

prerromana á tardorromana. A mostra abre na Casa da Cultura de Vilalba até mediados de Xullo.


Lisboa

EXPOSICIÓNS

JARDINS MÁXICOS

De **João Motta**, pequenas reproducións de pasaxes históricas e mitos, coa intención de mudar o seu significado "Tal como em qualquer outro acto mágico, ao agirmos por simpatia com o microcosmo podemos crear uma mudança e alterar a historia pasada". João Motta seguiu a carreira diplomática 17 anos, e a deixou en 1989 "convencido da falsidade dos mapas políticos, mudei da política internacional para a cultura". Unha das montaxes, *Refazer da História*, é descrita como "o jardim mais comprido. De Europa á América. Na realidade não

O uruguio Torres García na Sociedade Nacional de Belas Artes



é tridimensional mas sim filme de Hollywood" cun "ángulo mágico no que podem ver-se os barcos em movimento. E no outro extremo, o projector de luz para a cena principal que está a ser filmada". A Sociedade Nacional de Belas Artes acolle a mostra tras o seu paso pola Arco deste mesmo ano, até o dia 29. Pintura constructiva obra do pintor uruguio **Torres García** (1878-1949), con 25 títulos xunto construcións en relevo. Abstracción arquitectónica asentada na tradición pre-colombina. Abre no Museu Vieira da Silva até o 21.

TEATRO

FESTIVAL DE ALMADA

O pasado dia 6 comezou o festival de Almada que continua aínda o Xoves 11 coa representación de *Rações e corações* pola **Companhia de Teatro de Almada e Simplemente não** do grupo **Axioma**. Venres 12 actua **Jorge Silva Melo** con *Prometeu-Rascunhos*, **Teatro Meridional** con *Romeu*, e **Teatro da Garagem** que presenta *Os piratas*. A noite de **Molly Brown** (T. Meridional) e **Dor de José Meirões**, ocupan o programa do Sábado 13 xunto a montaxe de **Eunice Muñoz** e **Núria Espert**, *Poesia ibérica do século XX*. Información e reservas nos teléfonos (07-351-1) 275 21 75 e 275 65 67. **Moderato cantabile** de Marguerite Duras, unha montaxe de **Carlos Pimenta**. A interpretación é de **Fernanda Alves**, **Mónica Calle**, **Rogério Samora**, **Diogo Carvalho** e **João Reis**. Pódese ver até o 28 de Xullo na Sala Estudio **Amélia Rey** do Teatro Nacional **D. Maria II** (07-351-1-347 22.46).♦

VIGO
Gravado dos anos 90 de Laxeiro na Casa das Artes



A liña férrea de Ribadeo a Ferrol é unha *Bela Dorminte*. A miña muller diu que os nomes dos apeadeiros prestábanse para facer un poema. Daquela viñamos de Foz e estábamos atónitos coa contemplación do intenso azul do Mar Cantábrico, que desde o tren se ve mellor que desde a estrada. Que potencial hai aquí para converter a vía estreita en atracción turística diaria!



Remata a parada para almorzar en Viveiro.

O primeiro longo percorrido desde Ovieu podería comunicar Foz coas Rías Baixas. Pero, cando chega a Ferrol, o derradeiro enlace da FENFE saíu, 19 minutos antes.

O tren da Mariña, unha *Bela* dorminte

♦ STAFFAN MÖRLING

A viaxe en automotor presenta a ría do Barqueiro en perspectiva de anfiteatro con Bares de poderoso contrapunto. Fermoza como poucas é esta liña, pero dorme. Chegamos a Ferrol e non había combinación para A Coruña. Sairamos de Foz na primeira circulación de longo percorrido do día, a que ven de Ovieu e Xixón. Era razoábel agardar un enlace de Renfe para continuar en tren a Coruña. Razoábel para calquera, si, non sendo para dúas administracións dos servizos ferroviarios do estado español, ambas con sé en Madrid, que actúan coma se cada unha non soubese da existencia da outra.

O tren procedente de Asturias chega a Ferrol ás 14.44, pero o último automotor Ferrol-Coruña sae ás 14.25. Así se provocan as estatísticas que manifestan

insuficiente ocupación dos trens. Así se deixa que o ferrocarril durma, case inactivo, e se deixa mesmo que morra. A nota de hai unhas semanas de que Fefe contemplaba o cerce da súa sección galega non ven como unha sorpresa.

Ao ferrocarril da Galiza norte fóronlle quitando protagonismo, empezando coa supresión da súa xerencia en Ferrol. Hai só un par de anos demostraba desde este posto o xerente Xan Xosé Ruiz como as iniciativas a nivel local inciden positivamente na utilización do tren. Fixo pintar as estacións e sinalizar os camiños que conducen a elas con alegres rótulos. Enchia os servizos regulares con excursións de pensionistas. Traía un simulador de condución e convidaba aos cativos dos coléxios a probalo, para que tomasen conciencia do transporte público. Mediante un servizo de cer-

cancias entre Ferrol e Xúbia conseguiu un aumento da orde do 80% do número de viaxeiros neste traxecto. Presentou á Xunta un proxecto de ramal até As Pontes como a solución máis económica para levar por ferrocarril o carbón desde o porto ferrolán até a central térmica.

Non se deixou que Xan Xosé Ruiz continuase a súa froitífera xestión na vía estreita galega. Desmantelouse a xerencia do ferrocarril da costa en Ferrol. E, agora, chega a nova do posíbel peche da liña!

Contemplamos a clausura do ferrocarril da Mariña luguesa, pero vemos o ferrocarril "de la marina", de Alacant a Dénia, igualmente de vía estreita, desenvolver o seu potencial de liña local e rexional. Apenas cómpre mencionar, porque é moi coñecido, o papel fundamental dos ferrocarrís da Gene-

ralitat e a aposta polo futuro dos Euskadi Trenebideak.

Hai anos que participo nas accións en pro do ramal Kil-Torsby en Suecía. Formamos un Comité dos Concellos como plataforma interlocutora coa administración, conseguindo bos enlaces con Estocolmo e Göteborg. Logramos que puñeran un tren escolar que leva aos estudantes do ensino secundario ao instituto de forma cómoda e segura. Na actualidade estamos a loitar, coidamos que con boas perspectivas, para que ben da madeira talada para celulosa seña transportada no "noso" ferrocarril. O que se fai naquela e noutras liñas férreas secundarias en Suecía pódese facer tamén no ferrocarril da costa de Galiza, co resultado de que se reduce o déficit. Por suposto, baixo unha administración ferroviaria galega e actuando como o facía Xan Xosé Ruiz. ♦

A casa branca

XELIS DE TORO

Era un día no que andaba eu preocupado polos problemas do mundo, así en abstracto, non nun problema en concreto pero si no mundo como problema. E facía isto mentres camiñaba por unha cidade e por unha rúa que lonxe de facer posible esquecer este problema en abstracto, este tomaba corpo e facíase visible en texto o que pisaba, ollaba e cheiraba. Cando de súpero ao virar a esquina vino alí por fronte miña, alí o estaba, un home pintando a súa casa de branco. Seguín camiñando coma se tal, e cando pasei a carón del deitome un sorriso amplo, estaba claro que alguén con moral suficiente para pintar a súa casa de branco tiña que ser un home feliz, e así mo demostrou. Eu calei, e pensei. Pero o sábado seguinte que non me cadraaba pasar por alí, fun dando unha voltiña para asegurarme que era certo o que viran os meus ollos. Que alguén podía esquecer de tal xeito o problema do mundo que era quen de pintar a súa casa de branco. Efectivamente, sábado, o home despois de traballar toda a semana, o día de descanso utilizábo para pintar a súa casa de branco. Mesmo era posible que pasase toda a semana pensando no sábado e na cor branca. O díaño que levo dentro de min embraveceuse e pensou 'esta noite veño cun spray e escribo-lle un pareado', non se pode vivir deste xeito dándolle o lombo aos problemas do mundo. Pero despois cavilei: cantos non haberá no barrio que estean a maquinar a mesma vinganza ca min, vou deixar claro, seguro que non son o único que se sinte afrontado por esa casa cada vez máis branca.

Sábado a sábado alí aparecía eu rosmando polo baixo un bos días entre dentes e recibía o mesmo sorriso do da brocha. Ninguén lle pintou, nin ese ano nin nos anos que viñeron. Pasou mesmamente tempo para que a casa branca non sexa máis que unha lembranza. Eu sigo ás voltas co mundo como problema, e á casa de marras halle de facer falta outra man de pintura. ♦

VOLVER AO REGO

Muda o goberno pero os condutores seguen levando a culpa dos accidentes. Anúnciase unha nova campaña publicitaria. Ninguén relaciona, en cambio, as mortes en automóbil con que este seña o sector ponteiro do capitalismo ou a primeira fonte de beneficios das grandes compañías do petróleo, através do consumo de gasolina.

Ordenan o consumo de automóbeis, pero culpabilizan aos condutores, igual que fan negocio co sexo, pero condean a inmoralidade. ♦

OFERTA EN VÓS

— IDA E VOLTA —

Buenos Aires 119.000 ptas.
São Paulo/Rio 106.000 ptas.
S. José 128.000 ptas.
Toronto 55.000 ptas.
New York 98.000 ptas.
Londres 36.000 ptas.
Santiago de Chile ... 127.000 ptas.

Paris 28.900 ptas.
Lima 122.500 ptas.
Quito 128.000 ptas.
Milano 63.000 ptas.
Amsterdam 63.000 ptas.
Bogotá 118.000 ptas.
Asunción 135.000 ptas.

— SÓ IDA —

Buenos Aires 82.000 ptas.
São Paulo / Rio 69.000 ptas.
Amsterdam 41.000 ptas.
Paris 17.900 ptas.
Geneva 39.500 ptas.
Frankfurt 39.500 ptas.
Bruxelas 48.000 ptas.

Servizo personalizado con transporte ao aeroporto e asistencia embarque sen cargo

MADEIRA

8 días / 6 noites no mes de Xullo
Avión + hotel de 3 estrelas 50.600
Avión + hotel de 4 e 5 estrelas 54.600
55.700 69.700
prezo por persoa

MINHO EXPRESSO

VIAGENS

SAIDA DO PORTO

TELF. (07 - 35151) 82 48 93 - FAX 23 798 - VALENÇA DO MINHO

ALGARVE

apartamentos 4 persoas en Xullo
QUARTEIRA 6.900
VILAMOURA 8.400
MONTECHORO 7.300
ARMAÇÃO DA PERA .. 10.500
PRAIA DA ROCHA 10.400
Ptas./noite

